

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- 1350** *Real decreto 1/2021, do 12 de xaneiro, polo que se modifican o Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro; o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro; as normas para a formulación de contas anuais consolidadas aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro; e as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos aprobadas polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro.*

I

Coa Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, iniciouse unha estratexia de converxencia do dereito contable español coas Normas internacionais de contabilidade adoptadas pola Unión Europea (NIIF-UE). A finalidade do cambio lexislativo foi que as sociedades integrantes dos grupos cotizados, obrigados a seguir nas súas contas consolidadas as citadas NIIF-UE, puidesen formular as contas anuais individuais cun marco de información financeira adaptado aos principios e criterios contables internacionais e, ao mesmo tempo, lograr que todas as empresas españolas, tivesen ou non os seus valores admitidos a cotización, transitasen cara á aplicación dunha normativa contable inspirada nos principios e criterios aprobados pola Unión Europea para os grupos cotizados.

A disposición derradeira primeira da citada lei confire ao Goberno a competencia para aprobar mediante real decreto o Plan xeral de contabilidade, así como as súas modificacións e normas complementarias, de conformidade co disposto nas directivas comunitarias e tendo en consideración as citadas NIIF-UE.

No exercicio desa habilitación publicáronse o Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, e o Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Ambos os plans foron modificados polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, polo que se aproban as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas e se modifica o Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro.

A última modificación do Plan xeral de contabilidade e as súas disposicións complementarias, co obxectivo de simplificar as obrigacións contables das pequenas e medianas empresas, levouse a cabo a través do Real decreto 602/2016, do 2 de decembro, polo que se modifican o Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro; o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro; as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro; e as Normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, aprobadas polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro.

A Unión Europea adoptou nos últimos anos uns novos criterios contables en materia de instrumentos financeiros e en relación cos ingresos ordinarios procedentes de contratos con clientes, mediante o Regulamento (UE) 2016/2067 da Comisión, do 22 de novembro de 2016 (modificado polo Regulamento (UE) 2018/498 da Comisión, do 22 de marzo

de 2018), e o Regulamento (UE) 2016/1905 da Comisión, do 22 de setembro de 2016, (modificado polo Regulamento (UE) 2017/1987 da Comisión, do 31 de outubro de 2017). Estas normas entraron en vigor nos exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2018 para a formulación das contas anuais consolidadas das sociedades con valores admitidos a negociación.

## II

O real decreto contén catro artigos que afectan o Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade; o Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas; o Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, polo que se aproban as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas e se modifica o Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, e o Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, cinco disposicións transitorias sobre a primeira aplicación dos novos criterios en materia de clasificación e valoración de instrumentos financeiros, contabilidade de coberturas, existencias a valor razoable e recoñecemento de ingresos. A norma conclúe cunha disposición derogatoria e unha disposición derradeira sobre a entrada en vigor e a aplicación do Real decreto no exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.

O artigo primeiro modifica o Plan xeral de contabilidade, basicamente, co obxectivo de introducir os cambios necesarios para adaptar a norma de rexistro e valoración 9.<sup>a</sup> «Instrumentos financeiros» e a norma de rexistro e valoración 14.<sup>a</sup> «Ingresos por vendas e prestación de servizos» á NIIF-UE 9 e á NIIF-UE 15, respectivamente.

O criterio que guiou a incorporación de cambios no Plan xeral de contabilidade foi o mesmo que se tivo presente na redacción do citado texto; a incorporación dos criterios internacionais en contas individuais en substitución dos vixentes, tamén baseados na normativa internacional, só debería aceptarse en caso de que sexa evidente que o novo tratamento da NIIF-UE é máis útil e adecuado para os usuarios das contas anuais individuais na toma de decisións económicas ben porque simplifica de maneira efectiva a comprensión dos estados financeiros da empresa, ben porque os requirimentos que se incorporan gardan proporcionalidade e adecuación á natureza e dimensión das empresas ás cales aplica, tendo en conta a peculiaridade que supón o fraccionamento do dereito contable en España por razón dos suxeitos contables.

## III

Desde esta perspectiva, e en relación cos instrumentos financeiros, o primeiro dos cambios que cómpre destacar introducidos na NIIF-UE 9 produciuse en materia de clasificación e valoración.

En principio, todos os activos financeiros deben valorarse a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, salvo os investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas, e os activos financeiros que teñan as características ou trazos económicos dun préstamo ordinario ou común, sempre e cando se xestionen cun determinado propósito ou modelo de negocio.

Neste sentido, os acordos básicos de préstamo incluíranse na carteira de «Custo amortizado» se a empresa xestiona estes activos co obxectivo de percibir os fluxos de efectivo derivados da execución do contrato. Por isto, é previsible que os activos financeiros que até a data se viñan clasificando nas categorías de «Prestamos e partidas a cobrar» e «Investimentos mantidos até o vencemento» (valores cotizados cunha data de vencemento fixada, cobramentos de contía determinada ou determinable e que a empresa mantíña coa intención efectiva e a capacidade de conservar até o seu vencemento), se reclasifiquen á carteira de «Custo amortizado» e, polo tanto, se manteña o criterio de valoración.

O obxectivo da reforma é perfilar o ámbito de aplicación deste criterio nos mesmos termos en que se regula na NIIF-UE 9. Así, en liña coa norma internacional, vendas pouco frecuentes ou pouco significativas, vendas en activos próximos ao vencemento, vendas motivadas polo incremento do risco de crédito dos activos financeiros ou para xestionar o risco de concentración, entre outras, poderían ser compatibles co obxectivo de manter activos para recibir os fluxos de efectivo contractuais se a empresa pode explicar os motivos das vendas e demostrar por que non reflicten un cambio no seu modelo de negocio.

Non obstante, cando o modelo de negocio aplicado a estes acordos básicos de préstamo consista en recibir os fluxos contractuais do activo ou acordar o seu alleamento, tales instrumentos clasificaranse na carteira de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, cun tratamento contable moi similar ao que se viña aplicando hoxe en día aos valores representativos de débeda negociados incluídos na carteira de activos financeiros dispoñibles para a venda.

Ao mesmo tempo, considerouse pertinente incluír unha cuarta carteira de activos financeiros a custo para contabilizar nas contas anuais individuais os investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas, que xa figura no actual Plan xeral de contabilidade e que está implícita na normativa internacional. Ademais, en liña co vixente Plan xeral de contabilidade, tamén se incluírán nesta carteira os activos financeiros para os que non poida obterse unha estimación fiable do seu valor razoable. Este criterio constitúe un mero desenvolvemento do artigo 38.bis.2 do Código de comercio, en cuxa virtude os instrumentos financeiros que non poidan valorarse de maneira fiable a valor razoable se valorarán a custo.

Xunto con estes criterios de clasificación obrigatorios introdúcense dúas opcións de tratamento contable. A primeira, para valorar a valor razoable con cambios en perdas e ganancias calquera activo financeiro, salvo os investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas, se co uso desta opción se elimina ou reduce significativamente unha incoherencia de valoración ou asimetría contable que xurdiría noutro caso da valoración dos activos ou pasivos sobre bases diferentes.

A segunda opción, tamén en liña coa normativa internacional, prevé a posibilidade de que a empresa inclúa na data de recoñecemento inicial un instrumento de patrimonio na carteira de valor razoable con cambios no patrimonio neto. Non obstante, a diferenza da solución internacional, é oportuno resaltar que a nivel interno se mantivo un tratamento similar ao que se viña aplicando aos activos financeiros dispoñibles para a venda, co obxectivo de preservar o principio xeral de que todos os beneficios ou perdas da empresa pasen nun determinado momento pola conta de perdas e ganancias.

En terceiro lugar, dentro das medidas aprobadas para simplificar o tratamento contable dos instrumentos financeiros tamén hai que referirse, en relación cos instrumentos financeiros híbridos, á eliminación do requirimento de identificar e separar os derivados implícitos nun contrato principal que sexa un activo financeiro. A partir de agora valoraranse a custo amortizado se as súas características económicas son as dun préstamo ordinario ou común, ou a valor razoable en caso contrario, salvo que o dito valor non poida estimarse de maneira fiable, caso en que se incluírán na carteira valorada a custo.

O segundo cambio que hai que resaltar da NIIF-UE 9 refírese ao modelo de deterioración de valor dos créditos e valores representativos de débeda, que transita dun modelo baseado na denominada perda incorrida a outro sostido no concepto de perda esperada, para cuxa cuantificación se require considerar toda a información razoable e sustentable, incluíndo o prognóstico sobre as condicións económicas futuras.

Pois ben, o real decreto non introduce estas novidades no Plan xeral de contabilidade e mantén o criterio que se viña aplicando até a data en materia de custo amortizado e deterioración de valor. Por un lado, ao considerar que nas empresas non financeiras é habitual que o vencemento dos dereitos de cobramento fronte aos clientes sexa inferior ao ano, e por outro, dada a posibilidade que se recolle na Resolución do 18 de setembro de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se ditan normas de rexistro e valoración e información que cómpre incluír na memoria das contas anuais sobre a deterioración do valor dos activos, de cuantificar a deterioración sobre unha base

colectiva en función de métodos estatísticos sen que se advirtan incumprimentos ou eventos de perda individuais.

A NIIF-UE 9 tamén introduce algunhas precisións sobre a aplicación do criterio do custo amortizado, en particular, acerca do tratamento contable no debedor e no acredor das modificacións nos fluxos de efectivo dun instrumento de débeda por causa das dificultades financeiras do prestameiro. Porén, neste punto tampouco se considerou oportuno introducir cambios porque no contexto do custo amortizado a natureza do «resultado por modificación» que regula a NIIF-UE 9, en contraposición co resultado por baixa e o resultado por deterioración, non é de todo evidente. Pola contra, o criterio en vigor permite trazar unha liña divisoria clara para contabilizar a operación descrita.

O terceiro cambio destacable da NIIF-UE 9 produciuse na contabilidade das coberturas contables. A reforma internacional buscou alifiar o resultado contable e a xestión do risco na empresa, introducindo unha maior flexibilidade nos requisitos que hai que cumprir.

Pois ben, dado o impacto xeral do dito tratamento contable, considerouse adecuado adaptar o Plan xeral de contabilidade ao modelo internacional aprobado para as coberturas contables permitindo, en liña co enfoque internacional, que de forma transitoria as empresas españolas poidan seguir aplicando os criterios vixentes até a data.

Outras cuestións que regula a NIIF-UE 9 en materia de contabilidade de coberturas como o tratamento do valor temporal das opcións e do elemento a prazo nos contratos a prazo non se trataron de forma expresa. Porén, de acordo co previsto no ordinal 7º do Marco conceptual da contabilidade, en ausencia dun desenvolvemento regulamentario específico sobre esta materia, a empresa deberá aplicar os novos criterios sobre contabilidade de coberturas desenvolvidos na normativa contable das entidades de crédito para a formulación das contas anuais individuais nos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2021, coas necesarias adaptacións para ter en conta os criterios de clasificación de instrumentos financeiros do Plan xeral de contabilidade.

Do mesmo modo, e sobre a base da mesma previsión normativa, cabe sinalar que a aplicación subsidiaria das regras contables das entidades de crédito sobre instrumentos financeiros tamén deberá traerse a colación para completar o tratamento contable destas operacións en ausencia dun desenvolvemento específico do Plan xeral de contabilidade, sempre e cando a regulación das entidades de crédito establecese o mesmo criterio que rexe para as entidades non financeiras.

#### IV

A adaptación á NIIF-UE 9 tamén propiciou unha revisión da definición do valor razoable incluída no ordinal 6º.2 do Marco conceptual da contabilidade, en liña coa NIIF-UE 13, Valoración do valor razoable. Ademais, o cambio na denominación da carteira «Activos financeiros dispoñibles para a venda» orixina a necesidade de revisar algunhas normas para a elaboración das contas anuais, e os modelos de balance, estado de ingresos e gastos recoñecidos e conta de perdas e ganancias, así como o cadro de contas e as definicións e relacións contables. Tamén se actualizou a nota 9.<sup>a</sup> «Instrumentos financeiros» do modelo normal de memoria en sintonía cos requisitos de información recollidos na NIIF-UE 7. Instrumentos financeiros: información que hai que revelar.

Así mesmo, en liña coa NIC-UE 2, Existencias, considerouse oportuno introducir o criterio do valor razoable menos os custos de venda na norma de rexistro e valoración 10.<sup>a</sup> «Existencias», como excepción á Regra xeral de valoración, para os intermediarios que comercializan materias primas cotizadas. Para estes efectos, entenderase que se comercializan materias primas cotizadas cando estes activos se adquiren co propósito de vendelos nun futuro próximo e xerar ganancias pola intermediación ou polas fluctuacións de prezo, é dicir, cando se teñen existencias de *commodities* destinadas a unha actividade de *trading*.

## V

A aprobación da NIIF-UE 15 a nivel europeo constitúe unha oportunidade para profundar no desenvolvemento dos criterios contables en materia de recoñecemento de ingresos. Moitas das precisións que introduce a NIIF-UE 15 xa foron tratadas nas interpretacións publicadas polo ICAC, mediante resolución e consulta; a modo de exemplo pódese mencionar a obrigação que ten a empresa de identificar o conxunto de transaccións incluídas nun só acordo a cambio dunha soa contraprestación, que debe asignarse a cada unha delas en función do seu valor razoable relativo para poder así recoñecer o ingreso derivado de cada compoñente do acordo en función dos criterios xerais establecidos para as entregas de bens (transferencia de riscos e vantaxes) e prestación de servizos (porcentaxe de realización), todo isto de conformidade coa previsión xa contida na actual norma de rexistro e valoración 14.<sup>a</sup> do Plan xeral de contabilidade no sentido de que compoñentes identificables dunha mesma transacción deban recoñecerse aplicando criterios diversos, como unha venda de bens e os servizos anexos.

A pesar do indicado, a decisión adoptada neste punto foi asumir a metodoloxía elaborada a nivel internacional e introducila na norma de rexistro e valoración 14.<sup>a</sup>. «Ingresos por vendas e prestación de servizos» do Plan xeral de contabilidade. Sobre esta decisión pesou a relevancia da área de recoñecemento de ingresos na contabilidade de calquera empresa, e a dificultade que comportaría manter dous esquemas contables substancialmente similares, pero formalmente diferentes. E isto, a pesar de que máis que un verdadeiro cambio de criterio na materia, a norma internacional só aborda interpretacións para casos particulares que previsiblemente na práctica estaban sendo tratados de forma heteroxénea, tales como os que se producirían nos contratos con incentivos, ingresos contingentes, retribucións variables, ou os ingresos por licenzas de uso ou acceso.

Así pois, a modificación consiste en incorporar no Plan xeral de contabilidade o principio básico consistente en recoñecer os ingresos cando se produza a transferencia do control dos bens ou servizos comprometidos co cliente e polo importe que se espera recibir deste último, a partir dun proceso secuencial de etapas, para o seu posterior desenvolvemento nunha resolución do ICAC. Non obstante, optouse por introducir no Plan xeral de contabilidade a totalidade dos requirimentos sobre información que hai que incluír na memoria, que a diferenza dos criterios de rexistro e valoración si que constitúe un cambio relevante en materia de recoñecemento de ingresos en comparación coa información que se viña solicitando até a data.

## VI

O artigo segundo modifica o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas para introducir unha mellora técnica relacionada coa regulación sobre o valor razoable, o criterio para contabilizar a aplicación do resultado no socio, co adecuado criterio de presentación das emisións de capital e a norma de elaboración da memoria.

En liña coas propostas recibidas no proceso de consulta pública previa sobre a proposta de modificación contable en fase de elaboración, a decisión adoptada foi non modificar os criterios de recoñecemento e valoración en materia de instrumentos financeiros e recoñecemento de ingresos do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e manter así a política de simplificar as obrigações contables das empresas de menor tamaño.

No artigo terceiro introdúcense cambios nas Normas para a formulación das contas anuais consolidadas, en liña coas modificacións incluídas nas contas individuais; basicamente, para revisar os modelos de contas anuais a raíz do cambio de denominación da carteira de «Activos financeiros dispoñibles para a venda» e co obxectivo de introducir os mesmos requirimentos de información que se estableceron a nivel individual en relación co tratamento contable dos instrumentos financeiros e o recoñecemento de ingresos por vendas de bens e prestación de servizos.

O artigo cuarto modifica o Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, para adaptar os modelos de contas anuais aos cambios introducidos nas normas de rexistro e valoración do Plan xeral de contabilidade.

Nas disposicións transitorias concrétese a información que hai que incluír nas contas anuais do primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021 e acláranse os criterios para contabilizar a primeira aplicación dos novos requirimentos.

Por outra parte, o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que no exercicio da iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. E que, para o caso dos proxectos de regulamentos, a adecuación a estes principios deberá xustificarse no preámbulo.

Con este real decreto adáptase a normativa contable española de fonte interna ás normas internacionais de contabilidade adoptadas pola Unión Europea, no marco da directiva contable, e en todo aquilo que se considera unha mellora do marco interno de información financeira, pero tendo en conta a realidade e a natureza dos operadores económicos que aplican o Plan xeral de contabilidade.

Para tal efecto, tivéronse en conta os principios de eficacia, eficiencia e proporcionalidade, mantendo ou incluíndo os criterios que se consideran máis adecuados e que gardan correspondencia coa natureza e entidade dos suxeitos que aplican o Plan xeral de contabilidade evitando ou, se for o caso, simplificando a carga administrativa e a complexidade que suporía implantar aquelas solucións.

Igualmente, considerouse o principio de transparencia mediante a consulta previa pública da norma, a súa presentación e posterior debate nos órganos consultivos do ICAC, e a apertura do trámite de audiencia ou información pública aos interesados.

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira primeira da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, e unha vez solicitado o informe preceptivo do Ministerio de Facenda de conformidade coa disposición adicional sexta do Real decreto 403/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro.*

O Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Na primeira parte, «Marco conceptual da contabilidade», ordinal 6.º «Criterios de valoración», modifícase o punto 2 «Valor razoable», que queda redactado da seguinte forma:

«2. Valor razoable.

É o prezo que se recibirá pola venda dun activo ou se pagaría para transferir ou cancelar un pasivo mediante unha transacción ordenada entre participantes no mercado na data de valoración. O valor razoable determinarase sen practicar ningunha dedución polos custos de transacción en que se puidese incorrer por causa de alleamento ou disposición por outros medios. Non terá, en ningún caso, o

carácter de valor razoable o que sexa resultado dunha transacción forzada, urxente ou como consecuencia dunha situación de liquidación involuntaria.

O valor razoable estímase para unha determinada data e, posto que as condicións de mercado poden variar co tempo, ese valor pode ser inadecuado para outra data. Ademais, ao estimar o valor razoable, a empresa deberá ter en conta as condicións do activo ou pasivo que os participantes no mercado terían en conta á hora de fixar o prezo do activo ou pasivo na data de valoración. Estas condicións específicas inclúen, entre outras, para o caso dos activos, as seguintes:

- a) O estado de conservación e a localización, e
- b) As restricións, se as houber, sobre a venda ou o uso do activo.

A estimación do valor razoable dun activo non financeiro terá en consideración a capacidade dun participante no mercado para que o activo xere beneficios económicos no seu máximo e mellor uso ou, alternativamente, mediante a súa venda a outro participante no mercado que empregaría o activo no seu máximo e mellor uso.

Na estimación do valor razoable asumírase como hipótese que a transacción para vender o activo ou transferir o pasivo se leva a cabo:

- a) Entre partes interesadas e debidamente informadas, nunha transacción en condicións de independencia mutua,
- b) No mercado principal do activo ou pasivo, entendendo como tal o mercado co maior volume e nivel de actividade, ou
- c) En ausencia dun mercado principal, no mercado máis vantaxoso a que teña acceso a empresa para o activo ou pasivo, entendido como aquel que maximiza o importe que se recibiría pola venda do activo ou minimiza a cantidade que se pagaría pola transferencia do pasivo, despois de ter en conta os custos de transacción e os gastos de transporte.

Salvo proba en contrario, o mercado en que a empresa realizaría normalmente unha transacción de venda do activo ou transferencia do pasivo presúmese que será o mercado principal ou, en ausencia dun mercado principal, o mercado máis vantaxoso.

Os custos de transacción non inclúen os custos de transporte. Se a localización é unha característica do activo (como pode ser o caso, por exemplo, dunha materia prima cotizada), o prezo no mercado principal (ou máis vantaxoso) axustarase polos custos, se os houber, en que se incorrería para transportar o activo desde a súa localización presente a ese mercado.

Con carácter xeral, o valor razoable calcularase por referencia a un valor fiable de mercado. Neste sentido, o prezo cotizado nun mercado activo será a mellor referencia do valor razoable, entendéndose por mercado activo aquel en que se dean as seguintes condicións:

- a) Os bens ou servizos negociados son homoxéneos;
- b) Poden encontrarse, practicamente en calquera momento, compradores e vendedores dispostos a intercambiar os bens ou servizos; e
- c) Os prezos son públicos e están accesibles con regularidade, reflectindo transaccións con suficiente frecuencia e volume.

Para aqueles elementos respecto dos cales non exista un mercado activo, o valor razoable obterase, se for o caso, mediante a aplicación de modelos e técnicas de valoración. Entre os modelos e técnicas de valoración inclúese o emprego de referencias a transaccións recentes en condicións de independencia mutua entre partes interesadas e debidamente informadas, se están dispoñibles, así como referencias ao valor razoable doutros activos que sexan substancialmente iguais,

métodos de desconto de fluxos de efectivo futuros estimados e modelos xeralmente utilizados para valorar opcións.

En calquera caso, as técnicas de valoración empregadas deberán ser consistentes coas metodoloxías aceptadas e utilizadas polo mercado para a fixación de prezos, e deberase usar, de existir, a que demostrase obter unhas estimacións máis realistas dos prezos. E deberán ter en conta o uso de datos observables de mercado e outros factores que os seus participantes considerarían ao fixar o prezo, limitando en todo o posible o emprego de consideracións subxectivas e de datos non observables ou contrastables.

A empresa deberá avaliar a efectividade das técnicas de valoración que utilice de maneira periódica, empregando como referencia os prezos observables de transaccións recentes no mesmo activo que se valore ou utilizando os prezos baseados en datos ou índices observables de mercado que estean dispoñibles e resulten aplicables.

Desta forma, dedúcese unha xerarquía nas variables utilizadas na determinación do valor razoable e establécese unha xerarquía de valor razoable que permite clasificar as estimacións en tres niveis:

- a) Nivel 1: estimacións que utilizan prezos cotizados sen axustar en mercados activos para activos ou pasivos idénticos, aos cales a empresa poida acceder na data de valoración.
- b) Nivel 2: estimacións que utilizan prezos cotizados en mercados activos para instrumentos similares ou outras metodoloxías de valoración en que todas as variables significativas están baseadas en datos de mercado observables directa ou indirectamente.
- c) Nivel 3: estimacións en que algunha variable significativa non está baseada en datos de mercado observables.

Unha estimación do valor razoable clasifícase no mesmo nivel de xerarquía de valor razoable que a variable de menor nivel que sexa significativa para o resultado da valoración. Para estes efectos, unha variable significativa é aquela que ten unha influencia decisiva sobre o resultado da estimación. Na avaliación da importancia dunha variable concreta para a estimación teranse en conta as condicións específicas do activo ou pasivo que se valora.

No valor razoable dun instrumento financeiro deberá recollese, entre outros, o risco de crédito e, no caso concreto dun pasivo financeiro, considerarase o risco de incumprimento da empresa que inclúe, entre outros compoñentes, o risco de crédito propio. Non obstante, para estimar o valor razoable non deben realizarse axustes por volume ou capacidade do mercado.

Cando corresponda aplicar a valoración polo valor razoable, os elementos patrimoniais que non poidan valorarse de maneira fiable, xa sexa por referencia a un valor de mercado ou mediante a aplicación dos modelos e técnicas de valoración antes sinalados, valoraranse, segundo proceda, polo seu custo amortizado ou polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, minorado, se for o caso, polas partidas correctoras de valor que puidesen corresponder, facendo mención na memoria deste feito e das circunstancias que o motivan.

O valor razoable dun activo ou pasivo, para o que non exista un prezo cotizado sen axustar dun activo ou pasivo idéntico nun mercado activo, pode valorarse con fiabilidade se a variabilidade no rango das estimacións do valor razoable do activo ou pasivo non é significativa ou as probabilidades das diferentes estimacións, dentro dese rango, poden ser avaliadas razoablemente e utilizadas na medición do valor razoable.»



Dous. Na segunda parte, «Normas de rexistro e valoración», modifícase a norma 9.<sup>a</sup> «Instrumentos financeiros», que queda redactada da seguinte forma:

«9.<sup>a</sup> Instrumentos financeiros.

Un instrumento financeiro é un contrato que dá lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

A presente norma resulta de aplicación aos seguintes instrumentos financeiros:

a) Activos financeiros: efectivo e outros activos líquidos equivalentes, segundo se definen na norma 9.<sup>a</sup> de elaboración das contas anuais; créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios; créditos a terceiros tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes; valores representativos de débeda doutras empresas adquiridos, tales como as obrigacións, bonos e notas promisorias; instrumentos de patrimonio doutras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio; derivados con valoración favorable para a empresa, entre eles, futuros ou operacións a prazo, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo, e outros activos financeiros tales como depósitos en entidades de crédito, créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos exixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros: débitos por operacións comerciais provedores e acredores varios; débedas con entidades de crédito; obrigacións e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e notas promisorias; derivados con valoración desfavorable para a empresa: entre eles, futuros ou operacións a prazo, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo; débedas con características especiais, e outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos exixidos por terceiros sobre participacións.

c) Instrumentos de patrimonio propio: todos os instrumentos financeiros que se inclúen dentro dos fondos propios, tal como as accións ordinarias emitidas ou participacións no capital social.

Un derivado financeiro é un instrumento financeiro que cumpre as características seguintes:

a) O seu valor cambia en resposta aos cambios en variables tales como os tipos de xuro, os prezos de instrumentos financeiros e materias primas cotizadas, os tipos de cambio, as cualificacións crediticias e os índices sobre eles e que, no caso de non seren variables financeiras, non deben ser específicas para unha das partes do contrato.

b) Non require un investimento inicial ou ben require un investimento inferior ao que requiren outro tipo de contratos en que se podería esperar unha resposta similar ante cambios nas condicións de mercado.

c) Líquídase nunha data futura.

Así mesmo, esta norma é aplicable no tratamento das coberturas contables e das transferencias de activos financeiros, tales como os descontos comerciais, operacións de *factoring* e cesións temporais e titulizacións de activos financeiros.

#### 1. Recoñecemento.

A empresa recoñecerá un instrumento financeiro no seu balance cando se converta nunha parte obrigada do contrato ou negocio xurídico conforme as súas disposicións, ben como emisor ou como tedor ou adquirente daquel.

#### 2. Activos financeiros.

Un activo financeiro é calquera activo que sexa: diñeiro en efectivo, un instrumento de patrimonio doutra empresa, ou supoña un dereito contractual a recibir efectivo ou outro activo financeiro (un instrumento de débeda), ou a intercambiar activos ou pasivos financeiros con terceiros en condicións potencialmente favorables.

Tamén se clasificará como un activo financeiro todo contrato que poida ser ou será, liquidado cos instrumentos de patrimonio propio da empresa, sempre que:

a) Non sexa un derivado e obrigue ou poida obrigar a recibir unha cantidade variable de instrumentos de patrimonio propio.

b) Se é un derivado con posición favorable para a empresa, pode ser ou será liquidado mediante unha forma distinta ao intercambio dunha cantidade fixa de efectivo ou doutro activo financeiro por unha cantidade fixa dos instrumentos de patrimonio da empresa; para estes efectos non se incluírán entre os instrumentos de patrimonio propio aqueles que sexan, en si mesmos, contratos para a futura recepción ou entrega de instrumentos de patrimonio propio da empresa.

Os activos financeiros, para efectos da súa valoración, inclúiranse nalgunha das seguintes categorías:

1. Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

2. Activos financeiros a custo amortizado.

3. Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

4. Activos financeiros a custo.

2.1 Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Un activo financeiro deberá incluírse nesta categoría salvo que proceda a súa clasificación nalgunha das restantes categorías de acordo co disposto nos números 2.2, 2.3 e 2.4 desta norma.

Os activos financeiros mantidos para negociar inclúiranse obrigatoriamente nesta categoría. O concepto de negociación de instrumentos financeiros xeralmente reflicte compras e vendas activas e frecuentes co obxectivo de xerar unha ganancia polas fluctuacións a curto prazo no prezo ou na marxe de intermediación.

Considérase que un activo financeiro se posúe para negociar:

a.1 Cando se orixine ou adquira co propósito de vendelo no curto prazo (por exemplo, valores representativos de débeda, calquera que sexa o seu prazo de vencemento, ou instrumentos de patrimonio, cotizados, que se adquiren para vendelos no curto prazo).

a.2 Cando forme parte no momento do seu recoñecemento inicial dunha carteira de instrumentos financeiros identificados e xestionados conxuntamente da cal existan evidencias de actuacións recentes para obter ganancias no curto prazo, ou

a.3 Cando sexa un instrumento financeiro derivado, sempre que non sexa un contrato de garantía financeira nin fose designado como instrumento de cobertura.

Para os instrumentos de patrimonio que non se manteñan para negociar, nin deban valorarse a custo, a empresa pode realizar a elección irrevogable no momento do seu recoñecemento inicial de presentar os cambios posteriores no valor razoable directamente no patrimonio neto.

En todo caso, unha empresa pode, no momento do recoñecemento inicial, designar un activo financeiro de forma irrevogable como medido ao valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, e que, en caso contrario, se inclúese noutra categoría, se ao facelo elimina ou reduce significativamente unha incoherencia de valoración ou asimetría contable que xurdiría noutro caso da valoración dos activos ou pasivos sobre bases diferentes.

### 2.1.1 Valoración inicial.

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada. Os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles recoñeceranse na conta de perdas e ganancias do exercicio.

### 2.1.2 Valoración posterior.

Despois do recoñecemento inicial a empresa valorará os activos financeiros comprendidos nesta categoría a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

## 2.2 Activos financeiros a custo amortizado.

Un activo financeiro incluírase nesta categoría, mesmo cando estea admitido a negociación nun mercado organizado, se a empresa mantén o investimento co obxectivo de percibir os fluxos de efectivo derivados da execución do contrato, e as condicións contractuais do activo financeiro dan lugar, en datas especificadas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobramentos de principal e xuros sobre o importe do principal pendente.

Os fluxos de efectivo contractuais que son unicamente cobramentos de principal e xuros sobre o importe do principal pendente son inherentes a un acordo que ten a natureza de préstamo ordinario ou común, sen prexuízo de que a operación se acorde a un tipo de xuro cero ou por debaixo de mercado.

Así, sería consubstancial con tal acordo un bono cunha data de vencemento determinada e polo que se cobra un tipo de xuro de mercado variable, que pode estar suxeito a un límite. Polo contrario, non cumprirían esta condición os instrumentos convertibles en instrumentos de patrimonio neto do emisor; préstamos con tipos de xuro variables inversos (é dicir, un tipo que ten unha relación inversa cos tipos de xuro do mercado); ou aqueles en que o emisor pode diferir o pagamento de xuros se co dito pagamento se vise afectada a súa solvencia, sen que os xuros diferidos devindiquen xuros adicionais.

A xestión dun grupo de activos financeiros para obter os seus fluxos contractuais non implica que a empresa deba manter todos os instrumentos até o seu vencemento; poderase considerar que os activos financeiros se xestionan con ese obxectivo aínda cando se producisen ou se espere que se produzan vendas no futuro. Para tal efecto, a empresa deberá considerar a frecuencia, o importe e o calendario das vendas en exercicios anteriores, os motivos desas vendas e as expectativas en relación coa actividade de vendas futuras.

A xestión que realiza a empresa destes investimentos é unha cuestión de feito e non depende das súas intencións para un instrumento individual. Unha empresa poderá ter máis dunha política para xestionar os seus instrumentos financeiros, e pode ser apropiado, nalgúns circunstancias, separar unha carteira de activos

financeiros en carteiras máis pequenas para reflectir o nivel en que a empresa xestiona os seus activos financeiros.

Con carácter xeral, inclúense nesta categoría os créditos por operacións comerciais e os créditos por operacións non comerciais:

a) Créditos por operacións comerciais: son aqueles activos financeiros que se orixinan na venda de bens e na prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa con cobramento aprazado, e

b) Créditos por operacións non comerciais: son aqueles activos financeiros que, non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobramentos son de contía determinada ou determinable, que proceden de operacións de préstamo ou crédito concedidos pola empresa.

### 2.2.1 Valoración inicial.

Os activos financeiros clasificados nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada, máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Non obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de xuro contractual explícito, así como os créditos ao persoal, os dividendos a cobrar e os desembolsos exixidos sobre instrumentos de patrimonio, cuxo importe se espera recibir no curto prazo, poderanse valorar polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

### 2.2.2 Valoración posterior.

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo amortizado. Os xuros devindicados contabilizaranse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de xuro efectivo.

Non obstante, os créditos con vencemento non superior a un ano que, de acordo co disposto no número anterior, se valoren inicialmente polo seu valor nominal continuarán valorándose polo dito importe, salvo que se deteriorasen.

Cando os fluxos de efectivo contractuais dun activo financeiro se modifican debido ás dificultades financeiras do emisor, a empresa analizará se procede contabilizar unha perda por deterioración de valor.

### 2.2.3 Deterioración do valor.

Ao menos ao peche do exercicio deberán efectuarse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor dun activo financeiro, ou dun grupo de activos financeiros con similares características de risco valorados colectivamente, se deteriorou como resultado de un ou de máis eventos que ocorresen despois do seu recoñecemento inicial e que ocasionen unha redución ou atraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, que poden vir motivados pola insolvencia do debedor.

A perda por deterioración do valor destes activos financeiros será a diferenza entre o seu valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros, incluídos, se for o caso, os procedentes da execución das garantías reais e persoais, que se estima que van xerar, descontados ao tipo de xuro efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial. Para os activos financeiros a tipo de xuro variable, empregarase o tipo de xuro efectivo que corresponda á data de peche das contas anuais de acordo coas condicións contractuais. No cálculo das perdas por deterioración dun grupo de activos financeiros poderanse utilizar modelos baseados en fórmulas ou métodos estatísticos.

As correccións de valor por deterioración, así como a súa reversión cando o importe da dita perda diminuíuse por causas relacionadas cun evento posterior, recoñeceranse como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión da deterioración terá como límite o valor en libros do activo que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrase a deterioración do valor.

Non obstante, como substituto do valor actual dos fluxos de efectivo futuros pódese utilizar o valor de mercado do instrumento, sempre que este sexa o suficientemente fiable como para consideralo representativo do valor que puidese recuperar a empresa.

O recoñecemento de xuros nos activos financeiros con deterioración crediticia seguirá as regras xerais, sen prexuízo de que de maneira simultánea a empresa deba avaliar se o dito importe será obxecto de recuperación e, se for o caso, contabilice a correspondente perda por deterioración.

### 2.3 Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

Un activo financeiro incluírase nesta categoría cando as condicións contractuais do activo financeiro dean lugar, en datas especificadas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobramentos de principal e xuros sobre o importe do principal pendente, e non se manteña para negociar nin proceda clasificalo na categoría regulada no número 2.2. desta norma. Tamén se incluírán nesta categoría os investimentos en instrumentos de patrimonio para os que se exerce a opción irrevogable regulada no número 2.1 anterior.

#### 2.3.1 Valoración inicial.

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada, máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Formará parte da valoración inicial o importe dos dereitos preferentes de subscripción e similares que, se for o caso, se adquirisen.

#### 2.3.2 Valoración posterior.

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu valor razoable, sen deducir os custos de transacción en que se puidese incurrir no seu alleamento. Os cambios que se produzan no valor razoable rexistraranse directamente no patrimonio neto, até que o activo financeiro cause baixa do balance ou se deteriore, momento en que o importe así recoñecido se imputará á conta de perdas e ganancias.

Non obstante, as correccións valorativas por deterioración do valor e as perdas e ganancias que resulten por diferenzas de cambio en activos financeiros monetarios en moeda estranxeira, de acordo coa norma relativa a esta última, rexistraranse na conta de perdas e ganancias.

Tamén se rexistrará na conta de perdas e ganancias o importe dos xuros, calculados segundo o método do tipo de xuro efectivo, e dos dividendos devindicados.

Cando deba asignarse valor a estes activos por baixa do balance ou outro motivo, aplicarase o método do valor medio ponderado por grupos homoxéneos.

No suposto excepcional de que o valor razoable dun instrumento de patrimonio deixase de ser fiable, os axustes previos recoñecidos directamente no patrimonio neto trataranse da mesma forma disposta no número 2.4.3. desta norma.

No caso de venda de dereitos preferentes de subscripción e similares ou segregación destes para exercelos, o importe dos dereitos diminuirá o valor contable dos respectivos activos. O dito importe corresponderá ao valor razoable ou a custo

dos dereitos, de forma consistente coa valoración dos activos financeiros asociados, e determinarase aplicando algunha fórmula valorativa de xeral aceptación.

### 2.3.3 Deterioración do valor.

Ao menos ao peche do exercicio deberán efectuarse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor dun activo financeiro, ou grupo de activos financeiros incluídos nesta categoría con similares características de risco valoradas colectivamente, se deteriorou como resultado de un ou de máis eventos que ocorresen despois do seu recoñecemento inicial, e que ocasionen:

a) No caso dos instrumentos de débeda adquiridos, unha redución ou atraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, que poden vir motivados pola insolvencia do debedor; ou

b) No caso de investimentos en instrumentos de patrimonio, a falta de recuperabilidade do valor en libros do activo, evidenciada, por exemplo, por un descenso prolongado ou significativo no seu valor razoable. En todo caso, presumirase que o instrumento se deteriorou ante unha caída dun ano e medio ou dun corenta por cento na súa cotización, sen que se producise a recuperación do seu valor, sen prexuízo de que puidese ser necesario recoñecer unha perda por deterioración antes de que transcorrese o dito prazo ou descendese a cotización na mencionada porcentaxe.

A corrección valorativa por deterioración do valor destes activos financeiros será a diferenza entre o seu custo ou custo amortizado menos, se for o caso, calquera corrección valorativa por deterioración previamente recoñecida na conta de perdas e ganancias e o valor razoable no momento en que se efectúe a valoración.

As perdas acumuladas recoñecidas no patrimonio neto por diminución do valor razoable, sempre que exista unha evidencia obxectiva de deterioración no valor do activo, recoñeceranse na conta de perdas e ganancias.

Se en exercicios posteriores se incrementa o valor razoable, a corrección valorativa recoñecida en exercicios anteriores reverterá con aboamento á conta de perdas e ganancias do exercicio. Non obstante, no caso de que se incremente o valor razoable correspondente a un instrumento de patrimonio, a corrección valorativa recoñecida en exercicios anteriores non reverterá con aboamento á conta de perdas e ganancias e rexistrarase o incremento de valor razoable directamente contra o patrimonio neto.

### 2.4 Activos financeiros a custo.

En todo caso, inclúense nesta categoría de valoración:

a) Os investimentos no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas, tal como estas quedan definidas na norma 13ª de elaboración das contas anuais.

b) Os restantes investimentos en instrumentos de patrimonio cuxo valor razoable non poida determinarse por referencia a un prezo cotizado nun mercado activo para un instrumento idéntico, ou non poida estimarse con fiabilidade, e os derivados que teñan como subxacente estes investimentos.

c) Os activos financeiros híbridos cuxo valor razoable non poida estimarse de maneira fiable, salvo que se cumpran os requisitos para a súa contabilización a custo amortizado.

d) As achegas realizadas como consecuencia dun contrato de contas en participación e similares.

e) Os préstamos participativos cuxos xuros teñan carácter continxente, ben porque se pacte un tipo de xuro fixo ou variable condicionado ao cumprimento dun fito na empresa prestameira (por exemplo, a obtención de beneficios), ou ben

porque se calculen exclusivamente por referencia á evolución da actividade da citada empresa.

f) Calquera outro activo financeiro que inicialmente procedese clasificar na carteira de valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias cando non sexa posible obter unha estimación fiable do seu valor razoable.

#### 2.4.1 Valoración inicial.

Os investimentos incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente a custo, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles, e deberase aplicar, se for o caso, en relación coas empresas do grupo, o criterio incluído no número 2 da norma relativa a operacións entre empresas do grupo, e os criterios para determinar o custo da combinación establecidos na norma sobre combinacións de negocios.

Non obstante, se existir un investimento anterior á súa cualificación como empresa do grupo, multigrupo ou asociada, consideraranse como custo do dito investimento o valor contable que debese ter esta inmediatamente antes de que a empresa pase a ter esa cualificación.

Formará parte da valoración inicial o importe dos dereitos preferentes de subscripción e similares que, se for o caso, se adquirisen.

#### 2.4.2 Valoración posterior.

Os instrumentos de patrimonio incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo, menos, se for o caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.

Cando deba asignarse valor a estes activos por baixa do balance ou outro motivo, aplicarase o método do custo medio ponderado por grupos homoxéneos, entendéndose por estes os valores que teñen iguais dereitos.

No caso de venda de dereitos preferentes de subscripción e similares ou segregación destes para exercelos, o importe do custo dos dereitos diminuirá o valor contable dos respectivos activos. O dito custo determinarase aplicando algunha fórmula valorativa de xeral aceptación.

As achegas realizadas como consecuencia dun contrato de contas en participación e similares valoraranse a custo, incrementado ou diminuído polo beneficio ou a perda, respectivamente, que correspondan á empresa como partícipe non xestor, e menos, se for o caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.

Aplicarase este mesmo criterio nos préstamos participativos cuxos xuros teñan carácter continxente, ben porque se pacte un tipo de xuro fixo ou variable condicionado ao cumprimento dun fito na empresa prestameira (por exemplo, a obtención de beneficios), ou ben porque se calculen exclusivamente por referencia á evolución da actividade da citada empresa. Se ademais dun xuro continxente se acorda un xuro fixo irrevogable, este último contabilizarase como un ingreso financeiro en función da súa devindicación. Os custos de transacción imputaranse á conta de perdas e ganancias de forma lineal ao longo da vida do préstamo participativo.

#### 2.4.3 Deterioración do valor.

Ao menos ao peche do exercicio deberán efectuarse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor en libros dun investimento non será recuperable.

O importe da corrección valorativa será a diferenza entre o seu valor en libros e o importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimento que, para o caso de instrumentos de patrimonio, se calcularán ben mediante a estimación dos que se espera recibir como consecuencia

da repartición de dividendos realizado pola empresa participada e do alleamento ou baixa en contas do investimento nela, ben mediante a estimación da súa participación nos fluxos de efectivo que se espera que sexan xerados pola empresa participada, procedentes tanto das súas actividades ordinarias como do seu alleamento ou baixa en contas.

Salvo mellor evidencia do importe recuperable dos investimentos en instrumentos de patrimonio, a estimación da perda por deterioración desta clase de activos calcularase en función do patrimonio neto da entidade participada e das plusvalías tácitas existentes na data da valoración, netas do efecto impositivo. Na determinación dese valor, e sempre que a empresa participada investise pola súa vez noutra, deberá terse en conta o patrimonio neto incluído nas contas anuais consolidadas elaboradas aplicando os criterios do Código de comercio e as súas normas de desenvolvemento.

Cando a empresa participada teña o seu domicilio fóra do territorio español, o patrimonio neto que se tomará en consideración virá expresado nas normas contidas na presente disposición. Non obstante, se median altas taxas de inflación, os valores que se considerarán serán os resultantes dos estados financeiros axustados no sentido exposto na norma relativa a moeda estranxeira.

Con carácter xeral, o método indirecto de estimación a partir do patrimonio neto poderase utilizar naqueles casos en que pode servir para demostrar un valor recuperable mínimo sen a necesidade de realizar unha análise máis complexa cando daquela se deduce que non hai deterioración.

O recoñecemento das correccións valorativas por deterioración de valor e, se for o caso, a súa reversión, rexistraranse como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión da deterioración terá como límite o valor en libros do investimento que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrase a deterioración do valor.

Non obstante, no caso de que se producise un investimento na empresa, previo á súa cualificación como empresa do grupo, multigrupo ou asociada, e con anterioridade a esa cualificación se realizasen axustes valorativos imputados directamente ao patrimonio neto derivados de tal investimento, estes axustes manteranse tras a cualificación até o alleamento ou baixa do investimento, momento en que se rexistrarán na conta de perdas e ganancias, ou até que se produzan as seguintes circunstancias:

a) No caso de axustes valorativos previos por aumentos de valor, as correccións valorativas por deterioración rexistraranse contra a partida do patrimonio neto que recolla os axustes valorativos previamente practicados até o seu importe, e o exceso, se for o caso, rexistrase na conta de perdas e ganancias. A corrección valorativa por deterioración imputada directamente no patrimonio neto non reverterá.

b) No caso de axustes valorativos previos por reducións de valor, cando, posteriormente, o importe recuperable sexa superior ao valor contable dos investimentos, este último incrementarse, até o límite da indicada redución de valor, contra a partida que recollese os axustes valorativos previos e a partir dese momento o novo importe xurdido considerase custo do investimento. Porén, cando exista unha evidencia obxectiva de deterioración no valor do investimento, as perdas acumuladas directamente no patrimonio neto recoñeceranse na conta de perdas e ganancias.

## 2.5 Reclasificación de activos financeiros.

Cando a empresa cambie a forma en que xestiona os seus activos financeiros para xerar fluxos de efectivo, reclasificará todos os activos afectados de acordo cos criterios establecidos nos números anteriores desta norma. A reclasificación de categoría non é un suposto de baixa de balance senón un cambio no criterio de valoración.



Para estes efectos, non son reclasificacións os cambios derivados das seguintes circunstancias:

a) Cando un elemento que anteriormente era un instrumento de cobertura designado e eficaz nunha cobertura de fluxos de efectivo ou nunha cobertura do investimento neto nun negocio estranxeiro deixase de cumprir os requisitos para ser considerado como tal.

b) Cando un elemento pase a ser un instrumento de cobertura designado e eficaz nunha cobertura de fluxos de efectivo ou nunha cobertura do investimento neto nun negocio estranxeiro.

A reclasificación efectuada conforme o parágrafo anterior realizarase de forma prospectiva desde a data de reclasificación, de acordo cos seguintes criterios.

2.5.1 Reclasificación dos activos financeiros a custo amortizado á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias e ao contrario.

Se unha entidade reclasifica un activo financeiro desde a categoría de activos a custo amortizado á de valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, o seu valor razoable medirase na data de reclasificación. Calquera perda ou ganancia que xurda, por diferenza entre o custo amortizado previo do activo financeiro e o valor razoable, recoñecerase na conta de perdas e ganancias.

Polo contrario, se unha entidade reclasifica un activo financeiro desde a categoría de activos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias á de activos a custo amortizado, o seu valor razoable na data de reclasificación pasará a ser o seu novo valor en libros.

2.5.2 Reclasificación dos activos financeiros a custo amortizado á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto e ao contrario.

Se unha entidade reclasifica un activo financeiro desde a categoría de activos a custo amortizado á de valor razoable con cambios no patrimonio neto, o seu valor razoable medirase na data de reclasificación. Calquera perda ou ganancia que xurda, por diferenza entre o custo amortizado previo do activo financeiro e o valor razoable, recoñecerase directamente no patrimonio neto e aplicaranse as regras relativas aos activos incluídos nesta categoría. O tipo de xuro efectivo non se axustará como resultado da reclasificación.

Polo contrario, se unha entidade reclasifica un activo financeiro desde a categoría de medición a valor razoable con cambios en patrimonio neto á de custo amortizado, este reclasificarase ao seu valor razoable nesa data. As ganancias e perdas acumuladas no patrimonio neto axustaranse contra o valor razoable do activo financeiro na data de reclasificación. Como resultado o activo financeiro medirase na data de reclasificación como se se medise a custo amortizado desde o seu recoñecemento inicial.

2.5.3 Reclasificación dos activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto e ao contrario.

Se unha entidade reclasifica un activo financeiro desde a categoría de valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias á de valor razoable con cambios no patrimonio neto, o activo financeiro continúaase medindo a valor razoable. Para o caso de investimentos en instrumentos de patrimonio non é posible a reclasificación.

Polo contrario, se a entidade reclasifica un activo financeiro desde a categoría de valor razoable con cambios no patrimonio neto á de valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, o activo financeiro continúaase medindo a valor

razoable, pero a ganancia ou perda acumulada directamente no patrimonio neto reclasificarase á conta de perdas e ganancias nesa data.

2.5.4 Reclasificación dos investimentos en instrumentos de patrimonio valorados a custo á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias e ao contrario.

Cando o investimento no patrimonio dunha empresa do grupo, multigrupo ou asociada deixe de cualificarse como tal, o investimento financeiro que se manteña nesa empresa reclasificarase á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias sempre que o valor razoable das accións poida estimarse con fiabilidade, salvo que a empresa opte nese momento por incluír o investimento na categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

En tal caso, o seu valor razoable medirase na data de reclasificación recoñecendo calquera ganancia ou perda que xurda, por diferenza entre o valor contable do activo previo á reclasificación e o valor razoable, na conta de perdas e ganancias, salvo que a empresa exerza a mencionada opción, caso en que a diferenza se imputará directamente ao patrimonio neto. Aplicarase este mesmo criterio aos investimentos noutros instrumentos de patrimonio que poidan valorarse con fiabilidade.

Polo contrario, no suposto de que o valor razoable dun instrumento de patrimonio deixe de ser fiable, o seu valor razoable na data de reclasificación pasará a ser o seu novo valor en libros.

## 2.6 Xuros e dividendos recibidos de activos financeiros.

Os xuros e dividendos de activos financeiros devindicados con posterioridade ao momento da adquisición recoñeceranse como ingresos na conta de perdas e ganancias. Os xuros dos activos financeiros valorados a custo amortizado deben recoñecerse utilizando o método do tipo de xuro efectivo e os dividendos cando se declare o dereito do socio a recibilos.

Para estes efectos, na valoración inicial dos activos financeiros rexistraranse de forma independente, atendendo ao seu vencemento, o importe dos xuros explícitos devindicados e non vencidos no dito momento, así como o importe dos dividendos acordados polo órgano competente no momento da adquisición. Entenderase por «xuros explícitos» aqueles que se obteñen de aplicar o tipo de xuro contractual do instrumento financeiro.

Así mesmo, se os dividendos distribuídos proceden inequivocamente de resultados xerados con anterioridade á data de adquisición porque se distribuisen importes superiores aos beneficios xerados pola participada desde a adquisición, non se recoñecerán como ingresos, e minorarán o valor contable do investimento.

O xuízo sobre se se xeraron beneficios pola participada realizarase atendendo exclusivamente aos beneficios contabilizados na conta de perdas e ganancias individual desde a data de adquisición, salvo que de forma indubitada a repartición con cargo aos ditos beneficios deba cualificarse como unha recuperación do investimento desde a perspectiva da entidade que recibe o dividendo.

## 2.7 Baixa de activos financeiros.

Conforme o sinalado no Marco conceptual da contabilidade, na análise das transferencias de activos financeiros débese atender á realidade económica e non só á súa forma xurídica nin á denominación dos contratos.

A empresa dará de baixa un activo financeiro, ou parte del, cando expiren ou se cedesen os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do activo financeiro, e será necesario que se transferisen de maneira substancial os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, en circunstancias que se avaliarán comparando a

exposición da empresa, antes e despois da cesión, á variación nos importes e no calendario dos fluxos de efectivo netos do activo transferido. Entenderase que se cederon de maneira substancial os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo financeiro cando a súa exposición a tal variación deixe de ser significativa en relación coa variación total do valor actual dos fluxos de efectivo futuros netos asociados co activo financeiro (tal como as vendas en firme de activos, as cesións de créditos comerciais en operacións de “*factoring*” en que a empresa non reteña ningún risco de crédito nin de xuros, as vendas de activos financeiros con pacto de recompra polo seu valor razoable e as titulizacións de activos financeiros en que a empresa cedente non reteña financiamentos subordinados nin conceda ningún tipo de garantía ou asuma algún outro tipo de risco).

Se a empresa non cedeu nin retivo substancialmente os riscos e beneficios, o activo financeiro darase de baixa cando non retivese o seu control, situación que se determinará dependendo da capacidade unilateral do cesionario para transmitir o dito activo, integramente e sen impor condicións, a un terceiro non vinculado. Se a empresa cedente mantivo o control do activo, continuará recoñecéndoo polo importe ao que a empresa estea exposta ás variacións de valor do activo cedido, é dicir, pola súa implicación continuada, e recoñecerá un pasivo asociado.

Cando o activo financeiro se dea de baixa, a diferenza entre a contraprestación recibida neta dos custos de transacción atribuíbles, considerando calquera novo activo obtido menos calquera pasivo asumido, e o valor en libros do activo financeiro, determinará a ganancia ou a perda xurdida ao dar de baixa o dito activo, e formará parte do resultado do exercicio en que esta se produce.

Os criterios anteriores tamén se aplicarán nas transferencias dun grupo de activos financeiros ou de parte del.

A empresa non dará de baixa os activos financeiros e recoñecerá un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, que se tratará con posterioridade de acordo co disposto no número 3 desta norma, nas cesións de activos financeiros en que retivese substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como no desconto de efectos, o «*factoring* con recurso», as vendas de activos financeiros con pacto de recompra a un prezo fixo ou ao prezo de venda máis un xuro e as titulizacións de activos financeiros en que a empresa cedente reteña financiamentos subordinados ou outro tipo de garantías que absorban substancialmente todas as perdas esperadas.

### 3. Pasivos financeiros.

Os instrumentos financeiros emitidos, incorridos ou asumidos clasificaranse como pasivos financeiros, na súa totalidade ou nunha das súas partes, sempre que de acordo coa súa realidade económica supoñan para a empresa unha obriga contractual, directa ou indirecta, de entregar efectivo ou outro activo financeiro, ou de intercambiar activos ou pasivos financeiros con terceiros en condicións potencialmente desfavorables, tal como un instrumento financeiro que prevexa a súa recompra obrigatoria por parte do emisor, ou que outorgue ao redor o dereito a exixir ao emisor o seu rescate nunha data e por un importe determinado ou determinable, ou a recibir unha remuneración predeterminada sempre que haxa beneficios distribuibles, como serían determinadas accións rescatables e accións ou participacións sen voto.

Tamén se clasificará como un pasivo financeiro todo contrato que poida ser ou será liquidado cos instrumentos de patrimonio propio da empresa, sempre que:

a) Non sexa un derivado e obrigue ou poida obrigar a entregar unha cantidade variable dos seus instrumentos de patrimonio propio.

b) Se é un derivado con posición desfavorable para a empresa, poida ser ou será liquidado mediante unha forma distinta ao intercambio dunha cantidade fixa de efectivo ou doutro activo financeiro por unha cantidade fixa dos instrumentos de

patrimonio da empresa; para estes efectos, non se incluírán entre os instrumentos de patrimonio propio aqueles que sexan, en si mesmos, contratos para a futura recepción ou entrega de instrumentos de patrimonio propio da empresa.

Os dereitos, opcións ou *warrants* para adquirir un número fixo de instrumentos de patrimonio propio da empresa por un importe fixo en calquera moeda son instrumentos de patrimonio, sempre que a empresa ofrezca os ditos dereitos, opcións ou *warrants* de forma proporcional a todos os accionistas ou socios da mesma clase de instrumentos de patrimonio. Se os instrumentos outorgan ao tedor a opción de liquidalos mediante a entrega dos instrumentos de patrimonio ou en efectivo polo valor razoable dos instrumentos de patrimonio ou a un prezo fixo, entón cumpren a definición dun pasivo financeiro.

Os pasivos financeiros, para efectos da súa valoración, inclúiranse nalgunha das seguintes categorías:

1. Pasivos financeiros a custo amortizado.
2. Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Sen prexuízo do anterior, as achegas recibidas como consecuencia dun contrato de contas en participación e similares, valoraranse a custo, incrementado ou diminuído polo beneficio ou a perda, respectivamente, que deba atribuírse aos partícipes non xestores.

Aplicarase este mesmo criterio nos préstamos participativos cuxos xuros teñan carácter continxente, ben porque se pacte un tipo de xuro fixo ou variable condicionado ao cumprimento dun fito na empresa prestameira (por exemplo, a obtención de beneficios), ou ben porque se calculen exclusivamente por referencia á evolución da actividade da citada empresa. Os gastos financeiros recoñeceranse na conta de perdas e ganancias de acordo co principio de devindicación, e os custos de transacción imputaranse á conta de perdas e ganancias conforme un criterio financeiro ou, se non resulta aplicable, de forma lineal ao longo da vida do préstamo participativo.

Adicionalmente, os pasivos financeiros orixinados como consecuencia de transferencias de activos, en que a empresa non cedese nin retivese substancialmente os seus riscos e beneficios, valoraranse de maneira consistente co activo cedido nos termos previstos no número 2.7.

### 3.1 Pasivos financeiros a custo amortizado.

A empresa clasificará todos os pasivos financeiros nesta categoría excepto cando deban valorarse a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, de acordo cos criterios incluídos no número 3.2, ou se trate dalgunha das excepcións previstas nesta norma.

Con carácter xeral, inclúense nesta categoría os débitos por operacións comerciais e os débitos por operacións non comerciais:

- a) Débitos por operacións comerciais: son aqueles pasivos financeiros que se orixinan na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa con pagamento aprazado, e
- b) Débitos por operacións non comerciais: son aqueles pasivos financeiros que, non sendo instrumentos derivados, non teñen orixe comercial, senón que proceden de operacións de préstamo ou crédito recibidos pola empresa.

Os préstamos participativos que teñan as características dun préstamo ordinario ou común tamén se incluírán nesta categoría sen prexuízo de que a operación se acorde a un tipo de xuro cero ou por debaixo de mercado.

### 3.1.1 Valoración inicial.

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Non obstante, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de xuro contractual, así como os desembolsos exixidos por terceiros sobre participacións, cuxo importe se espera pagar no curto prazo, poderanse valorar polo seu valor nominal, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

### 3.1.2 Valoración posterior.

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo amortizado. Os xuros devindicados contabilizaranse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de xuro efectivo.

Non obstante, os débitos con vencemento non superior a un ano que, de acordo co disposto no número anterior, se valoren inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose polo dito importe.

### 3.2 Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Nesta categoría incluíranse os pasivos financeiros que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) Son pasivos que se manteñen para negociar. Considérase que un pasivo financeiro se posúe para negociar cando:

a.1 Se emita ou asuma principalmente co propósito de readquirilo no curto prazo (por exemplo, obrigacións e outros valores negociables emitidos cotizados que a empresa poida comprar no curto prazo en función dos cambios de valor).

a.2 Sexa unha obrigación que un vendedor en curto ten de entregar activos financeiros que lle foron prestados (é dicir, unha empresa que vende activos financeiros que recibira en préstamo e que aínda non posúe).

a.3 Forme parte no momento do seu recoñecemento inicial dunha carteira de instrumentos financeiros identificados e xestionados conxuntamente da cal existan evidencias de actuacións recentes para obter ganancias no curto prazo, ou

a.4 Sexa un instrumento financeiro derivado, sempre que non sexa un contrato de garantía financeira nin fose designado como instrumento de cobertura.

b) Desde o momento do recoñecemento inicial, foi designado pola entidade para contabilizalo ao valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias. Esta designación, que será irrevogable, só se poderá realizar se resulta nunha información máis relevante debido a que:

b.1 Se elimina ou se reduce de maneira significativa unha incoherencia ou «asimetría contable» con outros instrumentos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias; ou

b.2 Un grupo de pasivos financeiros ou de activos e pasivos financeiros se xestione e o seu rendemento se avalíe sobre a base do seu valor razoable de acordo cunha estratexia de xestión do risco ou de investimento documentado e se facilite información do grupo tamén sobre a base do valor razoable ao persoal clave da dirección, segundo se define na norma 15ª de elaboración das contas anuais.

c) Opcionalmente e de forma irrevogable, poderanse incluír na súa integridade nesta categoría os pasivos financeiros híbridos regulados no número 5.1, sempre que se cumpran os requisitos alí establecidos.

Valoración inicial e posterior.

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación recibida. Os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles recoñeceranse na conta de perdas e ganancias do exercicio.

Despois do recoñecemento inicial, a empresa valorará os pasivos financeiros comprendidos nesta categoría a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

### 3.3 Reclasificación de pasivos financeiros.

Unha entidade non reclasificará pasivo financeiro ningún. Para estes efectos, non son reclasificacións os cambios derivados das seguintes circunstancias:

a) Cando un elemento que anteriormente era un instrumento de cobertura designado e eficaz nunha cobertura de fluxos de efectivo ou nunha cobertura do investimento neto nun negocio estranxeiro deixase de cumprir os requisitos para ser considerado como tal.

b) Cando un elemento pase a ser un instrumento de cobertura designado e eficaz nunha cobertura de fluxos de efectivo ou nunha cobertura do investimento neto nun negocio estranxeiro.

### 3.4 Baixa de pasivos financeiros.

A empresa dará de baixa un pasivo financeiro, ou parte del, cando a obrigación se extingue; é dicir, cando fose satisfeita, cancelada ou expirase. Tamén dará de baixa os pasivos financeiros propios que adquira, aínda que sexa coa intención de recolocalos no futuro.

Se se produce un intercambio de instrumentos de débeda entre un prestamista e un prestameiro, sempre que estes teñan condicións substancialmente diferentes, rexistrarase a baixa do pasivo financeiro orixinal e recoñecerase o novo pasivo financeiro que xurda. Da mesma forma, rexistrarase unha modificación substancial das condicións actuais dun pasivo financeiro.

A diferenza entre o valor en libros do pasivo financeiro ou da parte del que se dese de baixa e a contraprestación pagada incluídos os custos ou comisións en que se incorra e na cal se recollerá, así mesmo, calquera activo cedido diferente do efectivo ou pasivo asumido, recoñecerase na conta de perdas e ganancias do exercicio en que teña lugar.

No caso dun intercambio de instrumentos de débeda que non teñan condicións substancialmente diferentes, o pasivo financeiro orixinal non se dará de baixa do balance. Calquera custo de transacción ou comisión incorrida axustará o importe en libros do pasivo financeiro. A partir desa data, o custo amortizado do pasivo financeiro determinarase aplicando o tipo de xuro efectivo que iguale o valor en libros do pasivo financeiro cos fluxos de efectivo que haxa que pagar segundo as novas condicións.

Para estes efectos, as condicións dos contratos consideraranse substancialmente diferentes, entre outros casos, cando o valor actual dos fluxos de efectivo do novo contrato, incluída calquera comisión pagada, neta de calquera comisión recibida, difira ao menos nun dez por cento do valor actual dos fluxos de efectivo remanentes do contrato orixinal, actualizados ambos os importes ao tipo de xuro efectivo deste último. Certas modificacións na determinación dos fluxos de

efectivo poden non superar esta análise cuantitativa, pero poden dar lugar tamén a unha modificación substancial do pasivo, tales como un cambio de tipo de xuro fixo a variable na remuneración do pasivo, a reexpresión do pasivo a unha divisa distinta, un préstamo a tipo de xuro fixo que se converte nun préstamo participativo, entre outros casos.

En particular, a contabilización do efecto da aprobación dun convenio cos acredores que consista nunha modificación das condicións da débeda reflectirase nas contas anuais do exercicio en que se aprobe xudicialmente sempre que de forma racional se prevea o seu cumprimento e que a empresa poida seguir aplicando o principio de empresa en funcionamento. Para tal efecto, o debedor, en aplicación dos criterios incluídos nos parágrafos anteriores, realizará un rexistro en dúas etapas:

a) Primeiro analizará se se produciu unha modificación substancial das condicións da débeda, para o cal descontará os fluxos de efectivo da antiga e da nova empregando o tipo de xuro inicial, para posteriormente, de ser o caso (se o cambio é substancial),

b) Rexistrar a baixa da débeda orixinal e recoñecer o novo pasivo polo seu valor razoable (o que implica que o gasto por xuros da nova débeda se contabilice a partir dese momento aplicando o tipo de xuro de mercado nesa data; isto é, o tipo de xuro incremental do debedor ou taxa de xuro que debería pagar nese momento para obter financiamento en moeda e prazo equivalente a que resultou dos termos en que foi aprobado o convenio).

#### 4. Instrumentos de patrimonio propio.

Un instrumento de patrimonio é calquera negocio xurídico que evidencia ou reflicte unha participación residual nos activos da empresa que os emite unha vez deducidos todos os seus pasivos.

No caso de que a empresa realice calquera tipo de transacción cos seus propios instrumentos de patrimonio, o importe destes instrumentos rexistrárase no patrimonio neto como unha variación dos fondos propios e en ningún caso poderán ser recoñecidos como activos financeiros da empresa nin se rexistrará resultado ningún na conta de perdas e ganancias.

Os gastos derivados destas transaccións, incluídos os gastos de emisión destes instrumentos, tales como honorarios de letrados, notarios e rexistradores; impresión de memorias, boletíns e títulos; tributos; publicidade; comisións e outros gastos de colocación, rexistráranse directamente contra o patrimonio neto como menores reservas.

Os gastos derivados dunha transacción de patrimonio propio, de que se desistise ou se abandonase, recoñeceranse na conta de perdas e ganancias.

#### 5. Casos particulares.

##### 5.1 Instrumentos financeiros híbridos.

Os instrumentos financeiros híbridos son aqueles que combinan un contrato principal non derivado e un derivado financeiro, denominado derivado implícito, que non pode ser transferido de maneira independente nin ten unha contraparte distinta ao instrumento e cuxo efecto é que algúns dos fluxos de efectivo do instrumento híbrido varían de forma similar aos fluxos de efectivo do derivado considerado de forma independente (por exemplo, bonos referenciados ao prezo dunhas accións ou á evolución dun índice bolsista).

Para os efectos desta norma diferéncianse dous tipos de contratos híbridos:

- a) Contratos híbridos cun activo financeiro como contrato principal.
- b) Outros contratos híbridos.

## 5.1.1 Contratos híbridos cun activo financeiro como contrato principal.

A empresa aplicará os criterios xerais establecidos no número 2 desta norma ao contrato híbrido completo.

## 5.1.2 Outros contratos híbridos.

Inclúense nesta categoría aqueles instrumentos híbridos que conteñen un ou máis derivados implícitos e un contrato principal que non é un activo financeiro.

A empresa deberá contabilizar por separado o derivado implícito e o contrato principal se, e só se:

a) As características e os riscos económicos do derivado implícito non están relacionados estreitamente cos do contrato principal.

b) Un instrumento financeiro distinto coas mesmas condicións que as do derivado implícito cumpriría a definición de instrumento derivado; e

c) O contrato híbrido non se valora na súa integridade a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias (é dicir, por exemplo, un derivado que se encontre implícito nun pasivo financeiro valorado ao valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias non se separa).

O derivado implícito contabilizarase como tal e o contrato principal contabilizarase de acordo coa norma de rexistro e valoración correspondente. Se non se cumpren os requisitos enumerados no parágrafo anterior para recoñecer e valorar por separado o derivado implícito e o contrato principal, a empresa aplicará ao contrato híbrido no seu conxunto os criterios xerais de rexistro e valoración.

Non obstante, a empresa poderá designar, no seu recoñecemento inicial e de forma irrevogable, todo o contrato híbrido como a valor razoable con cambios en resultados, evitando así a segregación do derivado ou derivados implícitos, a menos que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) O derivado ou derivados implícitos non modifiquen de maneira significativa os fluxos de efectivo que, doutra maneira, tería xerado o instrumento, ou

b) Ao considerar por primeira vez o instrumento híbrido, sexa evidente que non estea permitida a separación do derivado ou derivados implícitos, como sería o caso dunha opción de pagamento anticipada implícita nun préstamo que permita a o seu tedor reembolsar por anticipado o préstamo por aproximadamente o seu custo amortizado.

Se esta norma require que a empresa separe un derivado implícito pero non poida determinar con fiabilidade o valor razoable dese derivado implícito sobre a base das súas propias características, o dito valor estimarase por diferenza entre o valor razoable do instrumento híbrido e o do contrato principal se ambos puidesen ser determinados con fiabilidade; se isto tampouco é posible, xa sexa na data de adquisición ou noutra posterior, a empresa tratará o contrato híbrido no seu conxunto como un instrumento financeiro a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

## 5.2 Instrumentos financeiros compostos.

Un instrumento financeiro composto é un instrumento financeiro non derivado que inclúe compoñentes de pasivo e de patrimonio simultaneamente.

Se a empresa emite un instrumento financeiro composto, recoñecerá, valorará e presentará por separado os seus compoñentes.



A empresa distribuirá o valor en libros inicial de acordo cos seguintes criterios que, salvo erro, non será obxecto de revisión posteriormente:

- a) Asignará ao compoñente de pasivo o valor razoable dun pasivo similar que non leve asociado o compoñente de patrimonio.
- b) Asignará ao compoñente de patrimonio a diferenza entre o importe inicial e o valor asignado ao compoñente de pasivo.
- c) Na mesma proporción distribuirá os custos de transacción.

5.3 Contratos que se manteñan co propósito de recibir ou entregar un activo non financeiro.

Os contratos que se manteñan co propósito de recibir ou entregar un activo non financeiro de acordo coas necesidades de compra, venda ou utilización dos ditos activos por parte da empresa trataranse como anticipos á conta ou compromisos, de compras ou vendas, segundo proceda, salvo que se poidan liquidar por diferenzas e a entidade os designe como medidos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias. Esta designación só é posible ao inicio do contrato e sempre e cando con ela se elimine ou reduza de forma significativa unha «asimetría contable» que xurdiría noutro caso por non recoñecer ese contrato a valor razoable.

Non obstante, recoñeceranse e valoraranse, segundo o disposto nesta norma para os instrumentos financeiros derivados, aqueles contratos que se manteñan coa intención de liquidar por diferenzas, en efectivo ou noutro instrumento financeiro, ou ben mediante o intercambio de instrumentos financeiros ou, aínda cando se liquiden mediante a entrega dun activo non financeiro, a empresa teña a práctica de vendelo nun período de tempo curto e inferior ao período normal do sector en que opere a empresa coa intención de obter unha ganancia pola súa intermediación ou polas fluctuacións do seu prezo, ou o activo non financeiro sexa facilmente convertible en efectivo.

Unha opción emitida de compra ou venda dun activo non financeiro, que poida ser liquidada polo importe neto, en efectivo ou noutro instrumento financeiro, ou mediante o intercambio de instrumentos financeiros, tamén se recoñecerá e valorará segundo o disposto nesta norma para os instrumentos financeiros derivados porque o dito contrato non pode terse celebrado co obxectivo de recibir ou entregar unha partida non financeira de acordo coas compras, vendas ou necesidades de utilización esperadas pola empresa.

5.4 Contratos de garantía financeira.

Un contrato de garantía financeira é aquel que exige que o emisor efectúe pagamentos específicos para reembolsar ao tedor pola perda en que incorre cando un debedor específico incumpra a súa obrigaçión de pagamento ao vencemento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, dun instrumento de débeda, tal como unha fianza ou un aval.

Estes contratos valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será igual á prima recibida máis, se for o caso, o valor actual das primas a recibir.

Con posterioridade ao recoñecemento inicial e salvo que no dito momento se clasificasen como pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias ou se lles aplique o disposto no número 2.7 desta norma por xurdir na cesión de activos financeiros que non cumpran os requisitos para a súa baixa de balance, valoraranse polo maior dos importes seguintes:

- a) O importe que resulte de aplicar a norma relativa a provisións e contingencias.
- b) O inicialmente recoñecido menos, cando proceda, a parte del imputada á conta de perdas e ganancias porque corresponda a ingresos devindicados.

A empresa que recibe a garantía (empresa avalada) contabilizará o custo do aval na conta de perdas e ganancias como un gasto da explotación, sen prexuízo de que ao peche do exercicio deba recoñecerse a correspondente periodificación. Non obstante o anterior, naqueles supostos en que o aval estea directamente relacionado cunha operación financeira, por exemplo, cando o tipo de xuro dependa do outorgamento do aval, a obtención do préstamo e a formalización do aval poden considerarse unha soa operación de financiamento para a empresa, na medida en que o aval é requisito indispensable para obter o préstamo, circunstancia que debería levar a incluír no cálculo do tipo de xuro efectivo da operación todos os desembolsos derivados do aval.

## 5.5 Fianzas entregadas e recibidas.

Nas fianzas entregadas ou recibidas por arrendamentos operativos ou por prestación de servizos, a diferenza entre o seu valor razoable e o importe desembolsado (devida, por exemplo, a que a fianza é a longo prazo e non está remunerada) considerarase como un pagamento ou cobramento anticipado polo arrendamento ou prestación do servizo, que se imputará á conta de perdas e ganancias durante o período do arrendamento, conforme o sinalado no número 2 da norma sobre arrendamentos e outras operacións de natureza similar, ou durante o período en que se preste o servizo, de acordo coa norma sobre ingresos por vendas e prestación de servizos.

Ao estimar o valor razoable das fianzas, tomarase como período remanente o prazo contractual mínimo comprometido durante o cal non se poida devolver o seu importe, sen tomar en consideración o comportamento estatístico de devolución.

Cando a fianza sexa a curto prazo, non será necesario realizar o desconto de fluxos de efectivo se o seu efecto non é significativo.

## 6. Coberturas contables.

Unha cobertura é unha técnica financeira mediante a que un ou varios instrumentos financeiros, denominados instrumentos de cobertura, son designados para cubrir un risco especificamente identificado que pode ter impacto na conta de perdas e ganancias como consecuencia de variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo dunha ou varias partidas cubertas.

Unha cobertura contable implica que, cando se cumpra cos requisitos exixidos na norma, os instrumentos de cobertura e as partidas cubertas se contabilizarán aplicando os criterios específicos establecidos nela en lugar dos fixados con carácter xeral.

En todo caso, para que a empresa poida aplicar unha contabilidade de coberturas débense cumprir todas as condicións seguintes:

- a) A relación de cobertura consta só de instrumentos de cobertura e partidas cubertas admisibles, conforme o disposto nos números seguintes.
- b) A relación de cobertura désígnase e documéntase no momento inicial, momento en que tamén se debe fixar o seu obxectivo e estratexia.
- c) A cobertura debe ser eficaz durante todo o prazo previsto para compensar as variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo que se atribúan ao risco cuberto, de maneira consistente coa estratexia de xestión do risco inicialmente documentada.

A empresa interromperá a contabilidade de coberturas de forma prospectiva só cando a relación de cobertura (ou unha parte dela) deixe de cumprir os criterios requiridos, despois de ter en conta, se for o caso, calquera reequilibrio da relación de cobertura; por exemplo, cando o instrumento de cobertura expire, se venda, se resolva ou se exerza. Porén, o rexistro e valoración da cobertura non cesa en caso de que a empresa revogue a designación da cobertura se se seguen cumprindo o resto dos requisitos.

### 6.1 Instrumentos de cobertura.

Con carácter xeral, os instrumentos que se poden designar como instrumentos de cobertura son os derivados cuxo valor razoable ou fluxos de efectivo futuros compensen as variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo futuros de partidas que cumpran os requisitos para seren cualificadas como partidas cubertas. Non obstante, unha opción emitida non poderá ser designada como instrumento de cobertura a menos que se designe para cubrir unha opción comprada, incluíndo aquelas opcións compradas implícitas noutro instrumento financeiro.

Igualmente, poden designarse como instrumentos de cobertura os activos e pasivos financeiros que non sexan derivados, se se miden ao valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

No caso de coberturas de tipo de cambio, o compoñente de risco de taxa de cambio dun activo financeiro ou dun pasivo financeiro, que non sexan derivados, pode ser designado como instrumento de cobertura.

A empresa pode designar como instrumento de cobertura unha combinación de derivados ou unha proporción destes e de non derivados ou unha proporción destes, incluíndo aqueles casos en que o risco ou riscos que xorden dalgúns instrumentos de cobertura compensan os que xorden doutros.

### 6.2 Partidas cubertas.

Poderán ser designados como partidas cubertas os activos e pasivos recoñecidos, os compromisos en firme non recoñecidos, as transaccións previstas altamente probables e os investimentos netos nun negocio no estranxeiro, que expoñan a empresa a riscos especificamente identificados de variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo. As transaccións previstas altamente probables só poden ser cubertas cando supoñan unha exposición ás variacións nos fluxos de efectivo que podería afectar a conta de perdas e ganancias.

Tamén poderá ser designada como partida cuberta unha exposición agregada formada pola combinación dunha exposición que poida considerarse partida cuberta segundo o parágrafo anterior e un derivado.

A partida cuberta pode ser unha única partida, un compoñente desta ou un grupo de partidas, sempre e cando se poidan valorar con fiabilidade.

A empresa só poderá designar os seguintes compoñentes dunha partida como partidas cubertas:

a) Cambios nos fluxos de efectivo ou no valor razoable dunha partida atribuíbles a un risco ou riscos específicos, sempre que, sobre a base dunha avaliación dentro do contexto da estrutura de mercado concreta, o compoñente de risco sexa identificable por separado e medible con fiabilidade, incluíndo os cambios nos fluxos de efectivo ou no valor razoable dunha partida cuberta que estean por encima ou por debaixo dun prezo especificado ou outra variable (risco unilateral).

b) Un ou máis fluxos de efectivo contractuais seleccionados.

c) Os compoñentes dun importe nominal, é dicir, unha parte específica do importe dunha partida (por exemplo, o cincuenta por cento dos fluxos de efectivo contractuais dun préstamo ou os próximos fluxos de efectivo, por importe de dez unidades monetarias, procedentes das vendas denominadas nunha moeda estranxeira despois de superarse as primeiras vinte unidades monetarias).

Un grupo de partidas (incluíndo un grupo de partidas que constitúe unha posición neta) só será admisible como partida cuberta se:

a) Está formado por partidas, incluíndo os seus compoñentes, que individualmente sexan admisibles como partidas cubertas;

b) As partidas do grupo xestiónanse conxuntamente para efectos da xestión do risco; e

c) No caso dunha cobertura de fluxos de efectivo dun grupo de partidas cuxas variacións nos fluxos de efectivo non se espera que sexan aproximadamente proporcionais á variación global nos fluxos de efectivo do grupo, de forma que se xeren posicións de risco compensadas entre si:

- c.1) Trátase dunha cobertura do risco de tipo de cambio; e
- c.2) A designación desa posición neta específica o exercicio en que se espera que as transaccións previstas afecten a conta de perdas e ganancias, así como a súa natureza e volume.

### 6.3 Documentación e eficacia das coberturas contables.

A documentación dunha relación de cobertura debe incluír a identificación do instrumento de cobertura e da partida cuberta, a natureza do risco que se vai cubrir e a forma en que a empresa avaliará se a relación de cobertura cumpre os requisitos de eficacia da cobertura (xunto coa súa análise das causas de ineficacia da cobertura e o modo de determinar a ratio de cobertura).

Para que a cobertura se cualifique como eficaz débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Existe unha relación económica entre a partida cuberta e o instrumento de cobertura.
- b) O risco de crédito non debe exercer un efecto dominante sobre os cambios de valor resultantes desa relación económica; e
- c) A ratio de cobertura da relación de cobertura contable, entendida como a cantidade de partida cuberta entre a cantidade de elemento de cobertura, debe ser a mesma que a ratio de cobertura que se empregue para efectos de xestión. É dicir, a ratio de cobertura da relación de cobertura é a mesma que a resultante da cantidade da partida cuberta que a entidade realmente cobre e a cantidade do instrumento de cobertura que a entidade realmente utiliza para cubrir a dita cantidade da partida cuberta. Non obstante, esa designación non debe reflectir un desequilibrio entre as ponderacións da partida cuberta e do instrumento de cobertura que xere unha ineficacia de cobertura, independentemente de que estea recoñecida ou non, que poida dar lugar a un resultado contable contrario á finalidade da contabilidade de cobertura.

Cumprido o requisito de eficacia da cobertura, a parte do instrumento de cobertura que non se utilice para cubrir un risco contabilizarase de acordo cos criterios xerais. A parte do instrumento de cobertura que se designou como cobertura eficaz poderá incluír unha parte ineficaz residual sempre que non reflecta un desequilibrio entre as ponderacións da partida cuberta e o instrumento. Esta parte ineficaz será igual ao exceso da variación do valor do instrumento de cobertura designado como cobertura eficaz sobre a variación do valor da partida cuberta.

Se unha relación de cobertura deixa de cumprir o requisito de eficacia da cobertura relativo á ratio de cobertura, pero se mantén inalterado o obxectivo de xestión do risco para esa relación de cobertura designada, a empresa axustará a ratio de cobertura da dita relación de forma que cumpra de novo os criterios requiridos, ao cal se denominará, nesta norma, reequilibrio.

O reequilibrio significa que, para efectos da contabilidade de coberturas, unha vez iniciada unha relación de cobertura a empresa debe axustar as cantidades do instrumento de cobertura ou da partida cuberta en resposta aos cambios que afectan a ratio de cobertura correspondente. Habitualmente, ese axuste reflecte cambios nas cantidades do instrumento de cobertura e da partida cuberta que se utilicen para efectos de xestión.

O axuste da ratio de cobertura pode facerse de distintas formas:

- a) Pódese aumentar a ponderación da partida cuberta (co que ao mesmo tempo se reduce a ponderación do instrumento de cobertura), ben aumentando o importe da partida cuberta, ben diminuíndo o importe do instrumento de cobertura.
- b) Pódese aumentar a ponderación do instrumento de cobertura (co que ao mesmo tempo se reduce a ponderación da partida cuberta), ben aumentando o importe do instrumento de cobertura, ben diminuíndo o importe da partida cuberta.

Os cambios no importe refírense a cambios nas cantidades que formen parte da relación de cobertura. Por conseguinte, as diminucións do importe non significan necesariamente que as partidas ou transaccións deixen de existir, ou que deixe de esperarse que teñan lugar, senón que non forman parte da relación de cobertura. Por exemplo, a diminución do importe do instrumento de cobertura pode dar lugar a que a empresa manteña un derivado, pero só parte deste siga sendo un instrumento de cobertura da relación de cobertura. Nese caso, a parte do derivado que deixe de formar parte da relación de cobertura contabilizaríase ao valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, a menos que se designe como instrumento de cobertura nunha relación de cobertura diferente.

#### 6.4 Tipos de cobertura e rexistro contable.

Para os efectos do seu rexistro e valoración, as operacións de cobertura clasifícanse nas seguintes categorías:

- a) Cobertura do valor razoable: cobre a exposición aos cambios no valor razoable de activos ou pasivos recoñecidos ou de compromisos en firme aínda non recoñecidos, ou dunha parte concreta deles, atribuíble a un risco concreto que poida afectar a conta de perdas e ganancias (por exemplo, a contratación dunha permuta financeira para cubrir o risco dun financiamento a tipo de xuro fixo).

Os cambios de valor do instrumento de cobertura e da partida cuberta atribuíbles ao risco cuberto recoñeceranse na conta de perdas e ganancias.

Cando a partida cuberta sexa un compromiso en firme non recoñecido ou un compoñente deste, o cambio acumulado no valor razoable da partida cuberta con posterioridade á súa designación recoñecerase como un activo ou un pasivo, e a ganancia ou perda correspondente reflectirase na conta de perdas e ganancias.

As modificacións no importe en libros das partidas cubertas que se valoren a custo amortizado implicarán a corrección, ben desde o momento da modificación ben (como tarde) desde que cese a contabilidade de coberturas, do tipo de xuro efectivo do instrumento.

- b) Cobertura de fluxos de efectivo: cobre a exposición á variación dos fluxos de efectivo que se atribúa a un risco concreto asociado á totalidade ou a un compoñente dun activo ou pasivo recoñecido (tal como a contratación dunha permuta financeira para cubrir o risco dun financiamento a tipo de xuro variable), ou a unha transacción prevista altamente probable (por exemplo, a cobertura do risco de tipo de cambio relacionado con compras e vendas previstas de inmovilizados materiais, bens e servizos en moeda estranxeira), e que poida afectar a conta de perdas e ganancias. A cobertura do risco de tipo de cambio dun compromiso en firme pode ser contabilizada como unha cobertura de fluxos de efectivo ou como unha cobertura de valor razoable.

A perda ou ganancia do instrumento de cobertura, na parte que constituía unha cobertura eficaz, recoñecerase directamente no patrimonio neto. Así, o compoñente de patrimonio neto que xorde como consecuencia da cobertura axustarase para que sexa igual, en termos absolutos, ao menor dos dous valores seguintes:

- b.1) A perda ou ganancia acumulada do instrumento de cobertura desde o inicio da cobertura.

b.2) O cambio acumulado no valor razoable da partida cuberta (é dicir, o valor actual do cambio acumulado nos fluxos de efectivo futuros esperados cubertos) desde o inicio da cobertura.

Calquera perda ou ganancia restante do instrumento de cobertura ou calquera perda ou ganancia requirida para compensar o cambio no axuste por cobertura de fluxos de efectivo calculada de acordo co parágrafo anterior representará unha ineficacia da cobertura que obrigará a recoñecer no resultado do exercicio esas cantidades.

Se unha transacción prevista altamente probable cuberta dá lugar posteriormente ao recoñecemento dun activo non financeiro ou un pasivo non financeiro, ou unha transacción prevista cuberta relativa a un activo non financeiro ou un pasivo non financeiro pasa a ser un compromiso en firme ao cal se aplica a contabilidade de coberturas do valor razoable, a empresa eliminará ese importe do axuste por cobertura de fluxos de efectivo e incluírao directamente no custo inicial ou outro importe en libros do activo ou do pasivo. Aplicarase este mesmo criterio nas coberturas do risco de tipo de cambio da adquisición dun investimento nunha empresa do grupo, multigrupo ou asociada.

No resto dos casos, o axuste recoñecido en patrimonio neto transferirase á conta de perdas e ganancias na medida en que os fluxos de efectivo futuros esperados cubertos afecten o resultado do exercicio (por exemplo, nos exercicios en que se recoñeza o gasto por xuros ou en que teña lugar unha venda prevista).

Non obstante, se o axuste recoñecido en patrimonio neto é unha perda e a empresa espera que todo ou parte desta non se recupere nun ou en máis exercicios futuros, ese importe que non se espera recuperar reclasificarase inmediatamente no resultado do exercicio.

c) Cobertura do investimento neto en negocios no estranxeiro: cobre o risco de tipo de cambio nos investimentos en sociedades dependentes, asociadas, negocios conxuntos e sucursais, cuxas actividades estean baseadas ou se leven a cabo nunha moeda funcional distinta á da empresa que elabora as contas anuais.

Nas operacións de cobertura de investimentos netos en negocios conxuntos que carezan de personalidade xurídica independente e sucursais no estranxeiro, os cambios de valor dos instrumentos de cobertura atribuíbles ao risco cuberto recoñeceranse transitoriamente no patrimonio neto, e imputarase á conta de perdas e ganancias no exercicio ou exercicios en que se produza o alleamento ou disposición por outra vía do investimento neto no negocio no estranxeiro.

As operacións de cobertura de investimentos netos en negocios no estranxeiro en sociedades dependentes, multigrupo e asociadas trataranse como coberturas de valor razoable polo compoñente de tipo de cambio.

O investimento neto nun negocio no estranxeiro está composto, ademais de pola participación no patrimonio neto, por calquera partida monetaria a cobrar ou pagar, cuxa liquidación non está recollida nin é probable que se produza nun futuro previsible, excluídas as partidas de carácter comercial.

Os instrumentos de cobertura valoraranse e rexistraranse de acordo coa súa natureza na medida en que non sexan, ou deixen de ser, coberturas eficaces.»

Tres. Na segunda parte, «Normas de rexistro e valoración», norma 10ª «Existencias», modifícase o primeiro parágrafo do número 1 «Valoración inicial» e inclúese un novo número 3 denominado «Excepción á regra xeral de valoración», coas seguintes redaccións:

«1. Valoración inicial.

Os bens, servizos e outros activos comprendidos nas existencias valoraranse polo seu custo, xa sexa o prezo de adquisición ou o custo de produción.»

### «3. Excepción á regra xeral de valoración.

Como excepción á regra xeral, os intermediarios que comercialicen materias primas cotizadas poderán valorar as súas existencias ao valor razoable menos os custos de venda sempre e cando con isto se elimine ou reduza de forma significativa unha «asimetría contable» que xurdiría noutro caso por non recoñecer estes activos a valor razoable. En tal caso, a variación de valor recoñecerase na conta de perdas e ganancias.»

Catro. Na segunda parte «Normas de rexistro e valoración», norma 11.<sup>a</sup> «Moeda estranxeira», modifícanse os subnúmeros 1.2.1. («Partidas monetarias») e 1.2.2.2. («Partidas non monetarias valoradas a valor razoable»), que quedan redactados da seguinte forma:

#### «1.2.1 Partidas monetarias.

Ao peche do exercicio valoraranse aplicando o tipo de cambio de peche, entendido como o tipo de cambio medio de contado, existente nesa data.

As diferenzas de cambio, tanto positivas como negativas, que se orixinen neste proceso, así como as que se produzan ao liquidar os ditos elementos patrimoniais, recoñeceranse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que xurdan.

No caso particular dos activos financeiros de carácter monetario clasificados na categoría de valor razoable con cambios no patrimonio neto, a determinación das diferenzas de cambio producidas pola variación do tipo de cambio entre a data da transacción e a data do peche do exercicio realizarase como se os ditos activos se valorasen a custo amortizado na moeda estranxeira, de forma que as diferenzas de cambio serán as resultantes das variacións no dito custo amortizado como consecuencia das variacións nos tipos de cambio, independentemente do seu valor razoable. As diferenzas de cambio así calculadas recoñeceranse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que xurdan, mentres que os outros cambios no importe en libros destes activos financeiros se recoñecerán directamente no patrimonio neto de acordo co disposto no número 2.3.2 da norma relativa a instrumentos financeiros.»

#### «1.2.2.2 Partidas non monetarias valoradas a valor razoable.

Valoraranse aplicando o tipo de cambio da data de determinación do valor razoable.

Cando se recoñezan directamente no patrimonio neto as perdas ou ganancias derivadas de cambios na valoración dunha partida non monetaria, tal como os investimentos en instrumentos de patrimonio clasificados como activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, calquera diferenza de cambio, incluída nesas perdas ou ganancias, tamén se recoñecerá directamente no patrimonio neto. Polo contrario, cando as perdas ou ganancias derivadas de cambios na valoración dunha partida non monetaria se recoñezan na conta de perdas e ganancias do exercicio, tal como os investimentos en instrumentos de patrimonio clasificados como activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, calquera diferenza de cambio, incluída nesas perdas ou ganancias tamén se recoñecerá no resultado do exercicio.»

Cinco. Na segunda parte, «Normas de rexistro e valoración», modifícase a norma 14.<sup>a</sup> «Ingresos por vendas e prestación de servizos», que queda redactada da seguinte forma:

«14.<sup>a</sup> Ingresos por vendas e prestación de servizos.

1. Aspectos comúns.

Unha empresa recoñecerá os ingresos polo desenvolvemento ordinario da súa actividade cando se produza a transferencia do control dos bens ou servizos comprometidos cos clientes. Nese momento, a empresa valorará o ingreso polo importe que reflecta a contraprestación á cal espere ter dereito a cambio dos ditos bens ou servizos.

Para aplicar este criterio fundamental de rexistro contable de ingresos, a empresa seguirá un proceso completo que consta das seguintes etapas sucesivas:

- a) Identificar o contrato (ou contratos) co cliente, entendido como un acordo entre dúas ou máis partes que crea dereitos e obrigacións exixibles para as elas.
- b) Identificar a obrigación ou obrigacións a cumprir no contrato, representativas dos compromisos de transferir bens ou prestar servizos a un cliente.
- c) Determinar o prezo da transacción, ou contraprestación do contrato a que a empresa espera ter dereito a cambio da transferencia de bens ou da prestación de servizos comprometida co cliente.
- d) Asignar o prezo da transacción ás obrigacións que se van cumprir, que deberá realizarse en función dos prezos de venda individuais de cada ben ou servizo distinto que se compromete no contrato, ou ben, se for o caso, seguindo unha estimación do prezo de venda cando este non sexa observable de modo independente.
- e) Recoñecer o ingreso por actividades ordinarias cando (a medida que) a empresa cumpre unha obrigación comprometida mediante a transferencia dun ben ou a prestación dun servizo; cumprimento que ten lugar cando o cliente obtén o control dese ben ou servizo, de forma que o importe do ingreso de actividades ordinarias recoñecido será o importe asignado á obrigación contractual satisfeita.

Co fin de contabilizar os ingresos atendendo ao fondo económico das operacións, pode ocorrer que os compoñentes identificables dunha mesma transacción deban recoñecerse aplicando criterios diversos, como unha venda de bens e os servizos anexos; á inversa, transaccións diferentes pero ligadas entre si trataranse contablemente de forma conxunta.

Os créditos por operacións comerciais valoraranse de acordo co disposto na norma relativa a instrumentos financeiros.

Non se recoñecerán ingresos nas permutas de elementos homoxéneos como as permutas de produtos terminados, ou mercadorías intercambiáveis entre dúas empresas co obxectivo de ser máis eficaces no seu labor comercial de entregar o produto aos seus respectivos clientes.

2. Recoñecemento.

A empresa recoñecerá os ingresos derivados dun contrato cando (ou a medida que) se produza a transferencia ao cliente do control sobre os bens ou servizos comprometidos (é dicir, a ou as obrigacións que ten que cumprir).

O control dun ben ou servizo (un activo) fai referencia á capacidade para decidir plenamente sobre o uso dese elemento patrimonial e obter substancialmente todos os seus beneficios restantes. O control inclúe a capacidade de impedir que outras entidades decidan sobre o uso do activo e obteñan os seus beneficios.



Para cada obrigaón que hai que cumprir (entrega de bens ou prestación de servizos) que se identificase, a empresa determinará ao comezo do contrato se o compromiso asumido se cumprirá ao longo do tempo ou nun momento determinado.

Os ingresos derivados dos compromisos (con carácter xeral, de prestacións de servizos) que se cumpren ao longo do tempo recoñeceranse en función do grao de avance ou progreso cara ao cumprimento completo das obrigaóns contractuais sempre que a empresa dispoña de información fiable para realizar a medición do grao de avance.

A empresa revisará e, se é necesario, modificará as estimacións do ingreso que se vai recoñecer, a medida que cumpre co compromiso asumido. A necesidade de tales revisións non indica, necesariamente, que o desenlace ou resultado da operación non poida ser estimado con fiabilidade.

Cando, a unha data determinada, a empresa non sexa capaz de medir razoablemente o grao de cumprimento da obrigaón (por exemplo, nas primeiras etapas dun contrato), aínda que espere recuperar os custos incorridos para satisfacer o dito compromiso, só se recoñecerán ingresos e a correspondente contraprestación nun importe equivalente aos custos incorridos até esa data.

No caso das obrigaóns contractuais que se cumpren nun momento determinado, os ingresos derivados da súa execución recoñeceranse en tal data. Até que non se produza esta circunstancia, os custos incorridos na produción ou fabricación do produto (bens ou servizos) contabilizaranse como existencias.

Cando existan dúbidas relativas ao cobramento do dereito de crédito previamente recoñecido como ingresos por venda ou prestación de servizos, a perda por deterioración rexistrárase como un gasto por corrección de valor por deterioración e non como un menor ingreso.

## 2.1 Cumprimento da obrigaón ao longo do tempo.

Entenderase que a empresa transfere o control dun activo (con carácter xeral, dun servizo) ao longo do tempo cando se cumpre un dos seguintes criterios:

a) O cliente recibe e consome de forma simultánea os beneficios proporcionados pola actividade da empresa (xeralmente, a prestación dun servizo) a medida que a entidade a desenvolve, como sucede nalgúns servizos recorrentes (seguridade ou limpeza). En tal caso, se outra empresa asume o contrato non necesitaría realizar novamente de forma substancial o traballo completado até a data.

b) A empresa produce ou mellora un activo (tanxible ou intanxible) que o cliente controla a medida que se desenvolve a actividade (por exemplo, un servizo de construción efectuado sobre un terreo do cliente).

c) A empresa elabora un activo específico para o cliente (con carácter xeral, un servizo ou unha instalación técnica complexa ou un ben particular con especificacións singulares) sen un uso alternativo e a empresa ten un dereito exixible ao cobramento pola actividade que se completase até a data (por exemplo, servizos de consultoría que dean lugar a unha opinión profesional para o cliente).

Se a transferencia do control sobre o activo non se produce ao longo do tempo a empresa recoñecerá o ingreso seguindo os criterios establecidos para as obrigaóns que se cumpren nun momento determinado.

## 2.2 Indicadores de cumprimento da obrigaón nun momento do tempo.

Para identificar o momento concreto en que o cliente obtén o control do activo (con carácter xeral, un ben), a empresa considerará, entre outros, os seguintes indicadores:

a) O cliente asume os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade do activo. Ao avaliar este punto, a empresa excluírá calquera risco que dea lugar a

unha obrigaón separada, distinta do compromiso de transferir o activo. Por exemplo, a empresa pode ter transferido o control do activo pero non ter satisfeito a obrigaón de proporcionar servizos de mantemento durante a vida útil do activo.

b) A empresa transferiu a posesión física do activo. Non obstante, a posesión física pode non coincidir co control dun activo. Así, por exemplo, nalgúns acordos de recompra e nalgúns acordos de depósito, un cliente ou consignatario pode ter a posesión física dun activo que controla a empresa cedente do dito activo e, por tanto, este non pode considerarse transferido. Polo contrario, en acordos de entrega posterior á facturación, a empresa pode ter a posesión física dun activo que controla o cliente.

c) O cliente recibiu (aceptou) o activo a conformidade de acordo coas especificacións contractuais. Se unha empresa pode determinar de forma obxectiva que se transferiu o control do ben ou servizo ao cliente de acordo coas especificacións acordadas, a aceptación deste último é unha formalidade que non afectaría a determinación sobre a transferencia do control. Por exemplo, se a cláusula de aceptación se basea no cumprimento de características de tamaño ou peso especificadas, a empresa podería determinar se eses criterios se cumpriron antes de recibir confirmación da aceptación do cliente.

Porén, se a empresa non pode determinar de forma obxectiva que o ben ou servizo proporcionado ao cliente reúne as especificacións acordadas no contrato non poderá concluír que o cliente obtivo o control até que reciba a aceptación do cliente.

Cando se entregan produtos (bens ou servizos) a un cliente en réxime de proba ou avaliación e este non se comprometeu a pagar a contraprestación até que venza o período de proba, o control do produto non se transferiu ao cliente até que este o acepte ou venza o citado prazo sen ter comunicado a súa desconformidade.

d) A empresa ten un dereito de cobramento por transferir o activo.

e) O cliente ten a propiedade do activo. Porén, cando a empresa conserva o dereito de propiedade só como protección contra o incumprimento do cliente, esta circunstancia non impediría ao cliente obter o control do activo.

### 3. Valoración.

Os ingresos ordinarios procedentes da venda de bens e da prestación de servizos valoraranse polo importe monetario ou, se for o caso, polo valor razoable da contrapartida, recibida ou que se espere recibir, derivada dela, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo acordado para os activos que se transferirán ao cliente, deducido o importe de calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares que a empresa poida conceder, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos. Non obstante, poderán incluírse os xuros incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñan un tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

Non formarán parte dos ingresos os impostos que gravan as operacións de entrega de bens e prestación de servizos que a empresa debe repercutir a terceiros como o imposto sobre o valor engadido e os impostos especiais, así como as cantidades recibidas por conta de terceiros.

A empresa tomará en conta na valoración do ingreso a mellor estimación da contraprestación variable se é altamente probable que non se produza unha reversión significativa do importe do ingreso recoñecido cando posteriormente se resolva a incerteza asociada á citada contraprestación.

Por excepción á regra xeral, a contraprestación variable relacionada cos acordos de cesión de licenzas, en forma de participación nas vendas ou no uso deses

activos, só se recoñecerá cando (ou a medida que) ocorra o que sexa posterior dos seguintes sucesos:

- a) Teña lugar a venda ou o uso posterior; ou
- b) A obrigación que asume a empresa en virtude do contrato e á cal se asignou parte ou toda a contraprestación variable foi satisfeita (ou parcialmente satisfeita).»

Seis. Na terceira parte («Contas anuais»), número I «Normas de elaboración das contas anuais»), norma 6.<sup>a</sup> («Balance»), modifícanse os números 9 e 13, que quedan redactados da seguinte forma:

«9. O capital social e, se for o caso, a prima de emisión ou asunción de accións ou participacións con natureza de patrimonio neto figurarán nas epígrafes A-1.I. «Capital» e A-1.II. «Prima de emisión», sempre que se producise a inscrición no Rexistro Mercantil da execución do acordo de aumento con anterioridade á formulación das contas anuais dentro do prazo establecido no texto refundido da Lei de sociedades de capital. En caso contrario, figurarán na partida 5. «Outros pasivos financeiros» ou 3. «Outras débedas a curto prazo», ambas da epígrafe C.III «Débedas a curto prazo» do pasivo corrente do modelo normal ou abreviado, respectivamente.»

«13. Cando a empresa teña elementos patrimoniais clasificados como «Activos non correntes mantidos para a venda» ou como «Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda», cuxos cambios de valoración deban rexistrarse directamente no patrimonio neto, crearase unha epígrafe específica «Activos non correntes e pasivos vinculados, mantidos para a venda» dentro da subagrupación A-2. «Axustes por cambios de valor do patrimonio neto do balance normal».»

Sete. Na terceira parte, «Contas anuais», número I «Normas de elaboración das contas anuais»), norma 7.<sup>a</sup> («Conta de perdas e ganancias»), modifícase o número 10, que queda redactado da seguinte forma:

«10. Na partida 14.a) «Variación de valor razoable en instrumentos financeiros. Valor razoable con cambios en perdas e ganancias» reflectiranse os cambios no valor razoable dos instrumentos financeiros incluídos nas categorías de «Activos (pasivos) financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias» nos termos recollidos na norma de rexistro e valoración relativa a instrumentos financeiros, podendo imputarse o importe dos xuros devindicados, así como o dos dividendos devindicados a cobrar, nas partidas que corresponda, segundo a súa natureza.»

Oito. Na terceira parte, «Contas anuais», número I «Normas de elaboración das contas anuais»), norma 8.<sup>a</sup> «Estado de cambios no patrimonio neto», modifícase o número 1.2, que queda redactado da seguinte forma:

«1.2 Se existe un elemento patrimonial clasificado como «Activos non correntes mantidos para a venda» ou como «Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda», que implique que a súa valoración produza cambios que deban rexistrarse directamente no patrimonio neto, crearase unha epígrafe específica «Activos non correntes e pasivos vinculados, con cambios directos no patrimonio neto» dentro das agrupacións B. «Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto» e C. «Transferencias á conta de perdas e ganancias».»

Novo. Na terceira parte, «Contas anuais », número II «Modelos normais de contas anuais», a subagrupación A-2 «Axustes por cambios de valor» da agrupación A «patrimonio neto», do modelo normal de balance, queda redactada da seguinte forma:

«A-2) Axustes por cambios de valor.

- I. Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.
- II. Operacións de cobertura.
- III. Outros.»

Dez. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais », a partida 14 «Variación de valor razoable en instrumentos financeiros», do modelo normal de Conta de perdas e ganancias, desagregase como segue:

«14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros:

- a) Valor razoable con cambios en perdas e ganancias.
- b) Transferencia de axustes de valor razoable con cambios no patrimonio neto.»

Once. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais», modifícase a redacción do número 1 «Activos financeiros dispoñibles para a venda» das epígrafes I «Por valoración de instrumentos financeiros» e VI «Por valoración de instrumentos financeiros» do modelo normal do Estado de ingresos e gastos recoñecidos, que pasa a denominarse «1. Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

Doce. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais», modifícase o punto 11 da nota 4 «Normas de rexistro e valoración» do modelo normal de memoria, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Normas de rexistro e valoración.

11. Ingresos e gastos; indicando os criterios xerais aplicados. En particular, en relación cos ingresos por entrega de bens e prestación de servizos o criterio seguido para concluír que as obrigacións asumidas pola empresa se cumpren ao longo do tempo ou nun momento determinado; en concreto, en relación coas que se cumpren ao longo do tempo, sinalaranse os métodos empregados para determinar o grao de avance e informarse en caso de que o seu cálculo fose impracticable.»

Trece. Na terceira parte, «Contas anuais », número II «Modelos normais de contas anuais», modifícase a nota 9 «Instrumentos financeiros», do modelo normal de memoria, que queda redactada da seguinte forma:

«9. Instrumentos financeiros.

9.1 Consideracións xerais e obxectivo.

A información requirida nos puntos seguintes será de aplicación aos instrumentos financeiros incluídos no alcance da norma de rexistro e valoración novena.

O obxectivo desta nota é requirir as empresas para que, nas súas contas anuais, inclúan información que permita aos usuarios avaliar:

- a) A relevancia dos instrumentos financeiros na situación financeira e os resultados da empresa, e
- b) A natureza e alcance dos riscos procedentes dos instrumentos financeiros a que a entidade se expuxese durante o período sobre o que se informa e a que a empresa estea exposta ao peche do exercicio, así como a forma de xestionar os ditos riscos.



| Categorías  | Clases                                 |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |  |
|---|--|--------|--|--------|------------------|--------|--|--------|--|--------|------------------|--------|-------|--|
|   | Instrumentos financeiros a longo prazo |        |  |        |                  |        | Instrumentos financeiros a curto prazo |        |  |        |                  |        | Total |  |
|   | Débedas con entidades de crédito       |        | Obrigacións e outros valores negociables |        | Derivados Outros |        | Débedas con entidades de crédito       |        | Obrigacións e outros valores negociables |        | Derivados Outros |        |       |  |
|   | Ex x                                   | Ex x-1 | Ex x                                     | Ex x-1 | Ex x             | Ex x-1 | Ex x                                   | Ex x-1 | Ex x                                     | Ex x-1 | Ex x             | Ex x-1 |       |  |
| Pasivos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias.<br>– Carteira de negociación.<br>– Designados.<br>– Outros. |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |  |
| Derivados de cobertura.   |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |  |
| Total.  |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |  |

b) Activos financeiros e pasivos financeiros valorados a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Informarase sobre o importe da variación no valor razoable, durante o exercicio e a acumulada desde a súa designación, e indicarase o método empregado para realizar o dito cálculo.

Con respecto aos instrumentos financeiros derivados, distintos dos que se cualifiquen como instrumentos de cobertura, informarase sobre a natureza dos instrumentos e as condicións importantes que poidan afectar o importe, o calendario e a certeza dos futuros fluxos de efectivo.

En caso de que a empresa designase activos financeiros ou pasivos financeiros para valoralos a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, informará sobre o uso desta opción, especificando o cumprimento dos requisitos exixidos na norma de rexistro e valoración.

Se a empresa designou un pasivo financeiro en exercicio da opción do valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, informarase sobre:

1. O importe do cambio, durante o período e de forma acumulada, no valor razoable do pasivo que é atribuíble a cambios no risco de crédito.
2. A diferenza entre o importe en libros do pasivo e o importe que a empresa estaría obrigada a pagar no momento do vencemento.

c) Reclasificacións.

Se, de acordo co establecido na norma de rexistro e valoración novena, se reclasifícase un activo financeiro, informarase sobre os importes da dita reclasificación por cada categoría de activos financeiros e incluírase unha xustificación desta. En particular, darase unha explicación detallada do cambio na xestión dos activos financeiros e farase unha descrición cualitativa do seu efecto nas contas anuais da empresa.

d) Compensación de activos e pasivos financeiros.

A empresa deberá incluír información para permitir aos usuarios das contas anuais comprender o efecto ou efecto potencial sobre a súa situación financeira dos acordos de compensación a que se refire o número 2 da norma de elaboración das contas anuais 6.<sup>a</sup> Balance.

Para cumprir con este obxectivo, a empresa incluíra de forma separada para os activos financeiros recoñecidos e os pasivos financeiros recoñecidos a seguinte información:

1. Os importes brutos dos activos financeiros recoñecidos e os pasivos financeiros recoñecidos.
  2. Os importes que están compensados de acordo cos criterios do mencionado número 2.
  3. Os importes netos presentados no balance.
- e) Activos cedidos e aceptados en garantía.

Informarase do valor en libros dos activos financeiros entregados como garantía, da clase a que pertencen, así como dos prazos e condicións relacionados coa dita operación de garantía.

Se a empresa mantén activos de terceiros en garantía, xa sexan financeiros ou non, dos cales poida dispor, aínda que non se producise o impagamento, informará sobre:

1. O valor razoable do activo recibido en garantía.
2. O valor razoable de calquera activo recibido en garantía do cal a empresa dispuxese e se ten a obrigaçión de devolvelo ou non, e
3. Os prazos e condicións relativos ao uso, por parte da empresa, dos activos recibidos en garantía.

- f) Instrumentos financeiros compostos con múltiples derivados implícitos.

Cando unha empresa emitise un instrumento que contén un compoñente de pasivo e outro de patrimonio, e o instrumento incorpore varios derivados implícitos cuxos valores fosen interdependentes (como é o caso dun instrumento de débeda convertible cunha opción de rescate), informará sobre a existencia desas características.

- g) Correccións por deterioración do valor orixinadas polo risco de crédito.

Presentarase, para cada clase de activos financeiros, unha análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioración orixinadas polo risco de crédito.

- h) Impagamento e incumprimento de condicións contractuais.

En relación cos préstamos recibidos e pendentes de pagamento ao peche do exercicio, informarase:

1. Dos detalles de calquera impagamento do principal ou xuros que se producise durante o exercicio.
2. Do valor en libros na data de peche do exercicio daqueles préstamos en que se producise un incumprimento por impagamento, e
3. De se o impagamento foi emendado ou se renegociaron as condicións do préstamo, antes da data de formulación das contas anuais.

Se durante o exercicio se produciu un incumprimento contractual distinto do impagamento e sempre que este feito outorgase ao prestamista o dereito a reclamar o pagamento anticipado, subministrárase unha información similar á descrita, excepto se o incumprimento se emendou ou as condicións se renegociaron antes da data de peche do exercicio.

i) Débedas con características especiais.

Cando a empresa teña contraídas débedas con características especiais, informará da natureza das débedas, os seus importes e características, e desagregará, cando proceda, se son con empresas do grupo ou asociadas.

9.2.2 Información relacionada coa conta de perdas e ganancias e o patrimonio neto.

Informarase:

1. Das perdas ou ganancias netas procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros definidas na norma de rexistro e valoración novena.

2. Da ganancia ou perda recoñecida na conta de perdas e ganancias que xorde da baixa de activos financeiros medidos a custo amortizado, mostrando por separado as ganancias e as perdas xurdidas da baixa dos ditos activos financeiros. Esta información incluírá as razóns para dar de baixa en contas eses activos financeiros.

3. Dos ingresos e gastos financeiros calculados por aplicación do método do tipo de xuro efectivo.

9.2.3 Outra información que cómpre incluír na memoria.

9.2.3.1 Contabilidade de coberturas.

O obxectivo da información que cómpre incluír sobre contabilidade de coberturas é proporcionar ao usuario das contas anuais información relevante e fiable sobre:

1. A estratexia de xestión do risco da empresa e a forma en que se aplica para xestionar o risco,

2. A forma en que as actividades de cobertura da empresa poden afectar o importe, calendario e incerteza dos seus fluxos de efectivo futuros, e

3. O efecto que a contabilidade de coberturas tivo sobre o balance, a conta de perdas e ganancias e o estado de cambios no patrimonio neto.

Para cumprir este obxectivo, a empresa deberá incluír, por clases de cobertura contable, unha descrición detallada das operacións de cobertura que realice, dos instrumentos financeiros designados como instrumentos de cobertura, así como dos seus valores razoables na data de peche de exercicio e da natureza dos riscos que foron cubertos.

A empresa deberá xustificar que se cumpren os requisitos exixidos na norma de rexistro e valoración novena e, en particular, deberá incluír unha descrición de:

1. Como determina a relación económica entre a partida cuberta e o instrumento de cobertura para efectos de avaliar a eficacia da cobertura, e

2. Como establece a ratio de cobertura e cales son as orixes da ineficacia da cobertura.

Adicionalmente, nas coberturas de fluxos de efectivo, a empresa informará sobre:

1. Os exercicios nos cales se espera que ocorran os fluxos de efectivo e os exercicios nos cales se espera que afecten a conta de perdas e ganancias,

2. O importe recoñecido no patrimonio neto durante o exercicio e o importe que foi imputado á conta de perdas e ganancias desde o patrimonio neto, detallando os importes incluídos en cada partida da conta de perdas e ganancias,

3. O importe que se reduciu do patrimonio neto durante o exercicio e se incluíu na valoración inicial do prezo de adquisición ou do valor en libros dun activo ou pasivo non financeiro, cando a partida cuberta sexa unha transacción prevista altamente probable, e



4. Todas as transaccións previstas para as que previamente se aplicase contabilidade de coberturas, pero que non se espera que vaian ocorrer.

Nas coberturas de valor razoable tamén se informará sobre o importe das perdas ou ganancias do instrumento de cobertura e das perdas ou ganancias da partida cuberta atribuíbles ao risco cuberto.

Así mesmo, revelarase o importe da ineficacia rexistrada na conta de perdas e ganancias en relación coa cobertura dos fluxos de efectivo e coa cobertura do investimento neto en negocios no estranxeiro.

#### 9.2.3.2 Valor razoable.

##### a) Obxectivo da información.

Para os instrumentos financeiros valorados a valor razoable, informarase:

1. Das técnicas de valoración e das variables utilizadas para desenvolver as ditas valoracións con posterioridade ao recoñecemento inicial;

2. Do efecto na conta de perdas e ganancias ou no estado de ingresos e gastos recoñecidos das valoracións recorrentes que utilicen variables de nivel 3 significativas.

b) Para lograr este obxectivo a empresa deberá informar, entre outros, dos seguintes aspectos:

1. Do valor razoable de cada clase de instrumentos financeiros e da comparación co seu correspondente valor en libros. Non será necesario incluír o valor razoable nos seguintes supostos:

1.º Cando o valor en libros constitúa unha aproximación aceptable do valor razoable; por exemplo, no caso dos créditos e débitos por operacións comerciais a curto prazo.

2.º Cando se trate de instrumentos financeiros non cotizados nun mercado activo e os derivados que teñan a estes por subxacente, que, segundo o establecido na norma de rexistro e valoración novena, se valoren polo seu custo.

Neste caso, a empresa revelará este feito e describirá o instrumento financeiro, o seu valor en libros e a explicación das causas que impiden a determinación fiable do seu valor razoable. Igualmente, informarase sobre se a empresa ten ou non a intención de allealo e cando.

No caso de baixa do balance do instrumento financeiro durante o exercicio, revelarase este feito, así como o valor en libros e o importe da perda ou ganancia recoñecida no momento da baixa.

2. O nivel de xerarquía de valor razoable dentro do cal se clasifican as valoracións considerando que o instrumento financeiro se incluírá integramente nun só nivel.

Nivel 1: estimacións que utilizan prezos cotizados sen axustar en mercados activos para activos ou pasivos idénticos, aos cales a empresa poida acceder na data de valoración.

Nivel 2: estimacións que utilizan prezos cotizados en mercados activos para instrumentos similares ou outras metodoloxías de valoración en que todas as variables significativas están baseadas en datos de mercado observables directa ou indirectamente.

Nivel 3: estimacións en que algunha variable significativa non está baseada en datos de mercado observables.

Unha estimación do valor razoable clasifícase no mesmo nivel de xerarquía de valor razoable que a variable de menor nivel que sexa significativa para o resultado

da valoración. Para estes efectos, unha variable significativa é aquela que ten unha influencia decisiva sobre o resultado da estimación. Na avaliación da importancia dunha variable concreta para a estimación teranse en conta as condicións específicas do activo ou pasivo que se valora.

3. Os importes das transferencias entre o nivel 1 e 2 dos instrumentos financeiros que se valoren a valor razoable de forma recorrente e sempre que se manteñan ao final do exercicio; as razóns das transferencias, e a política da entidade para determinalo, distinguindo as entradas das saídas de cada nivel.

4. Unha descrición das técnicas de valoración, os cambios nas ditas técnicas, e as variables utilizadas na determinación do valor razoable, para os instrumentos financeiros clasificados nos niveis 2 e 3.

5. Información cuantitativa sobre as variables non observables significativas utilizadas na determinación do valor razoable dos instrumentos financeiros clasificados no nivel 3.

6. Conciliación dos saldos iniciais e finais dos instrumentos financeiros cuxas valoracións estean clasificadas no nivel 3, distinguindo as partidas en que se encontran localizados, as compras, vendas, emisións e liquidacións, así como os importes das transferencias cara a ou desde o nivel 3. A empresa distinguirá os importes recoñecidos na conta de perdas e ganancias que fosen realizados dos que non. En particular, desagregarase a política e os motivos para as ditas transferencias cara a ou desde o nivel 3.

7. Unha descrición dos procesos de valoración utilizados nas valoracións que se clasifiquen no nivel 3.

8. Para as valoracións recorrentes clasificadas no nivel 3, unha descrición da sensibilidade das ditas valoracións a cambios nas variables non observables se un cambio nestas variables pode dar lugar a unha valoración significativamente distinta. Se estas variables están relacionadas con outras non observables utilizadas na valoración, proporcionarase unha descrición destas relacións e da forma en que poden afectar a valoración.

9. Para as valoracións de valor razoable de instrumentos financeiros clasificados no nivel 3, a empresa informará acerca de se un cambio nunha ou en máis variables non observables para reflectir supostos alternativos razoablemente posibles cambiaría de forma significativa o valor razoable e o efecto destes cambios. Para estes efectos, a relevancia xulgarase con respecto ao resultado do exercicio, activos ou pasivos totais ou total do patrimonio neto.

#### 9.2.3.3 Empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

Detallárase información sobre as empresas do grupo, multigrupo e asociadas, que inclúa:

a) Denominación, domicilio e forma xurídica das empresas do grupo, especificando para cada unha delas:

1. Actividades que exercen.
2. Fracción de capital e dos dereitos de voto que se posúe directa e indirectamente, distinguindo entre ambos.
3. Importe do capital, reservas, outras partidas do patrimonio neto e resultado do último exercicio que derive dos criterios incluídos no Código de comercio e nas súas normas de desenvolvemento, diferenciando o resultado de explotación e desagregando o de operacións continuadas e o de operacións interrompidas, en caso de que a empresa do grupo estea obrigada a dar esta información nas súas contas anuais individuais.
4. Valor segundo libros da participación en capital.
5. Dividendos recibidos no exercicio.

6. Indicación de se as accións cotizan ou non nun mercado regulado e, se for o caso, cotización media do último trimestre do exercicio e cotización ao peche do exercicio.

b) A mesma información que a do punto anterior respecto das empresas multigrupo, asociadas, as empresas en que aínda posuíndo máis do 20 % do capital a empresa non exerza influencia significativa e aquelas en que a sociedade sexa socio colectivo. Así mesmo, informarase sobre as continxencias en que se incorrese en relación coas ditas empresas. Se a empresa exerce influencia significativa sobre outra posuíndo unha porcentaxe inferior ao 20% do capital ou se posuíndo máis do 20% non se exerce influencia significativa, explicaranse as circunstancias que afectan as ditas relacións.

c) Detallaranse as adquisicións realizadas durante o exercicio que levasen a cualificar unha empresa como dependente, e indicárase a fracción de capital e a porcentaxe de dereitos de voto adquiridos.

d) Notificacións efectuadas, en cumprimento do disposto no artigo 155 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, ás sociedades participadas, directa ou indirectamente, en máis dun 10%.

e) Importe das correccións valorativas por deterioración rexistradas nas distintas participacións, diferenciando as recoñecidas no exercicio das acumuladas. Así mesmo, informarase, se for o caso, sobre as dotacións e reversións das correccións valorativas por deterioración cargadas e aboadas, respectivamente, contra a partida do patrimonio neto que recolla os axustes valorativos, nos termos indicados na norma de rexistro e valoración.

f) O resultado derivado do alleamento ou disposición por outro medio de investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

#### 9.2.3.4 Outro tipo de información.

Deberase incluír información sobre:

1. Os compromisos firmes de compra de activos financeiros e fontes previsibles de financiamento, así como os compromisos firmes de venda.

2. Os contratos de compra ou venda de activos non financeiros que, de acordo co número 5.3 da norma de rexistro e valoración novena, se recoñezan e valoren segundo o disposto na dita norma.

3. Calquera outra circunstancia de carácter substantivo que afecte os activos financeiros, tal como litixios, embargos ou situacións similares.

4. O importe dispoñible nas liñas de desconto, así como as pólizas de crédito concedidas á empresa cos seus límites respectivos, precisando a parte disposta.

5. O importe das débedas con garantía real, con indicación da súa forma e natureza.

9.3 Información sobre a natureza e o nivel de risco procedente de instrumentos financeiros.

#### 9.3.1 Información cualitativa.

Para cada tipo de risco: risco de crédito, risco de liquidez e risco de mercado (este último comprende o risco de tipo de cambio, de tipo de xuro e outros riscos de prezo), informarase da exposición ao risco e de como este se produce, e describiranse os obxectivos, políticas e procedementos de xestión do risco e os métodos que se utilizan para a súa medición.

Se houber cambios nestes aspectos dun exercicio a outro, deberán explicarse.

### 9.3.2 Información cuantitativa.

9.3.2.1 Para cada tipo de risco incluírase un resumo da información cuantitativa respecto á exposición ao risco na data de peche do exercicio. Esta información basearase na utilizada internamente polo consello de administración da empresa ou órgano de goberno equivalente.

En particular, para cada tipo de risco incluírase, ao menos, a información que a continuación se indica:

#### a) Risco de crédito.

En todo caso, informarase sobre:

1. As definicións de incumprimento que a empresa utiliza, incluídas as razóns para seleccionar as ditas definicións.
2. A forma en que se agruparon os instrumentos se as perdas por deterioración se miden sobre unha base colectiva.
3. As principais características das modificacións ou reestruturacións de créditos que se producen no exercicio.
4. A política de cancelacións ou baixa de balance da empresa, incluídos os indicadores de que non hai expectativas razoables de recuperación, así como información sobre a política para activos financeiros que se cancelan, pero que aínda están suxeitos a unha actividade de exigencia de cumprimento.

Para cada clase de activos financeiros en mora ou deteriorados, informarase sobre:

1. A antigüidade dos activos financeiros en mora ao final do exercicio sobre o que se informa.
2. O importe das correccións valorativas por deterioración, así como o importe de calquera ingreso financeiro recoñecido na conta de perdas e ganancias relacionado con tales activos.
3. O importe que mellor representa o seu máximo nivel de exposición ao risco de crédito ao final do exercicio sobre o que se informa e unha descrición das garantías de que dispoña a empresa e doutras melloras crediticias, así como do seu efecto financeiro (por exemplo, unha cuantificación da medida en que as garantías e outras melloras crediticias atenúan o risco de crédito), en relación co importe que mellor representa o máximo nivel de exposición ao risco de crédito.

Cando unha empresa obtivese durante o exercicio activos financeiros ou non financeiros ao executar as garantías que aseguraban o cobramento, ou ao executar outras melloras crediticias (por exemplo, avais), e tales activos cumpran os criterios de recoñecemento, a entidade revelará, respecto de tales activos mantidos ao peche do exercicio:

1. A natureza e o importe en libros dos activos.
2. Cando os activos non sexan facilmente convertibles en efectivo, as súas políticas para allear ou dispor por outra vía de tales activos, ou para utilizalos nas súas actividades.

#### b) Risco de liquidez.

Para os pasivos financeiros que teñan un vencemento determinado ou determinable, deberase informar sobre os importes que venzan en cada un dos cinco anos seguintes ao peche do exercicio e do resto até o seu último vencemento. Estas indicacións figurarán separadamente para cada unha das partidas de pasivos financeiros conforme o modelo de balance.

Adicionalmente, a empresa deberá incluír unha explicación de como xestiona o risco de liquidez inherente nos citados pasivos.

c) Risco de mercado.

Salvo que unha entidade cumpra o establecido no parágrafo seguinte, informárase sobre:

1. Unha análise de sensibilidade para cada tipo de risco de mercado ao cal a entidade estea exposta ao peche do exercicio, mostrando como podería verse afectado o resultado do período e o patrimonio debido a cambios na variable relevante de risco, que sexan razoablemente posibles na dita data.

2. Os métodos e hipóteses utilizados ao elaborar a análise de sensibilidade.

3. Os cambios habidos desde o período anterior nos métodos e hipóteses utilizados, así como as razóns de tales cambios.

Se unha empresa elabora unha análise de sensibilidade, tal como a do valor en risco, que reflecta as interdependencias entre as variables de risco (por exemplo, entre as taxas de xuro e de cambio) e a utiliza para xestionar riscos financeiros, poderá utilizar esa análise de sensibilidade en lugar da especificada no parágrafo anterior. En tal caso, incluírase tamén:

1. Unha explicación do método utilizado ao elaborar a dita análise de sensibilidade, así como dos principais parámetros e hipóteses subxacentes nos datos subministrados.

2. Unha explicación do obxectivo do método utilizado, así como das limitacións que poidan facer que a información non reflecta plenamente o valor razoable dos activos e pasivos implicados.

9.3.2.2 Para cada tipo de risco incluírase información sobre as concentracións de risco, que incluírá unha descrición da forma de determinar a concentración, as características comúns de cada concentración (área xeográfica, divisa, mercado, contrapartida, etc.), e o importe das exposicións ao risco asociado aos instrumentos financeiros que compartan tales características.

9.4 Transferencias de activos financeiros.

Para efectos da aplicación dos requirimentos que se recollen a continuación, unha empresa transfere total ou parcialmente un activo financeiro (o activo financeiro transferido) se, e só se, se dá, ao menos, unha das seguintes condicións:

1. Transfere os dereitos contractuais a recibir os fluxos de efectivo dese activo financeiro; ou

2. Retén os dereitos contractuais a recibir os fluxos de efectivo dese activo financeiro, pero asume nun acordo unha obriga contractual de pagar os ditos fluxos de efectivo a un ou a máis receptores.

Cando a empresa realizase cesións de activos financeiros de tal forma que unha parte deles, ou a súa totalidade, non cumpra as condicións para a baixa do balance, sinaladas no número 2.7 da norma de rexistro e valoración novena, proporcionará a seguinte información agrupada por clases de activos:

1. A natureza dos activos cedidos,

2. A natureza dos riscos e beneficios inherentes á propiedade aos cales a empresa permanece exposta,

3. O valor en libros dos activos cedidos e os pasivos asociados, que a empresa manteña rexistrados, e

4. Cando a empresa recoñeza os activos en función da súa implicación continuada, o valor en libros dos activos que inicialmente figuraban no balance, o

valor en libros dos activos que a empresa continúa recoñecendo e o valor en libros dos pasivos asociados.

#### 9.5 Fondos propios.

Informarase sobre:

a) Número de accións ou participacións no capital e valor nominal de cada unha delas, distinguindo por clases, así como os dereitos outorgados a elas e as restricións que poidan ter. Tamén, se for o caso, se indicará para cada clase os desembolsos pendentes, así como a data de exixibilidade. E, se for o caso, os desembolsos exixidos pendentes e en situación de demora, así como as actuacións seguidas pola empresa no marco da lexislación mercantil para recuperar os desembolsos exixidos. Esta mesma información requirirase respecto a outros instrumentos de patrimonio distintos do capital.

b) Ampliación de capital en curso indicando o número de accións ou participacións que se van subscribir, o seu valor nominal, a prima de emisión, o desembolso inicial, os dereitos que incorporarán e restricións que terán, así como a existencia ou non de dereitos preferentes de subscrición a favor de socios, accionistas ou obrigacionistas, e o prazo concedido para a subscrición.

c) Importe do capital autorizado pola xunta de accionistas para que os administradores o poñan en circulación, indicando o período a que se estende a autorización.

d) Dereitos incorporados ás partes de fundador, bonos de desfrute, obrigacións convertibles e instrumentos financeiros similares, con indicación do seu número e da extensión dos dereitos que confiren.

e) Circunstancias específicas que restrinxen a dispoñibilidade das reservas.

f) Número, valor nominal e prezo medio de adquisición das accións ou participacións propias en poder da sociedade ou dun terceiro que obre por conta desta, especificando o seu destino final previsto e o importe da reserva por adquisición de accións da sociedade dominante. Tamén se informará sobre o número, valor nominal e importe da reserva correspondente ás accións propias aceptadas en garantía. Se for o caso, informarase igualmente no que corresponda, respecto a outros instrumentos de patrimonio distintos do capital.

g) A parte de capital que, se for o caso, é posuído por outra empresa, directamente ou por medio das súas filiais, cando sexa igual ou superior ao 10%.

h) Accións da sociedade admitidas a cotización.

i) Opcións de compra ou de venda emitidas pola sociedade ou outros contratos sobre as súas propias accións, que deban cualificarse como fondos propios, describindo as súas condicións e importes correspondentes.

j) Circunstancias específicas relativas a subvencións, doazóns e legados recibidos pola empresa e outorgados por socios ou propietarios.»

Catorce. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais», modifícase a nota 13 «Ingresos e gastos do modelo normal de memoria», que queda redactada da seguinte forma:

«13. Ingresos e gastos.

13.1 Consideracións xerais e obxectivo.

1. O obxectivo dos requirimentos de información que se van incluír nesta nota da memoria en relación cos ingresos é que a empresa proporcione información suficiente que permita aos usuarios das contas anuais comprender a natureza, importe, calendario e incerteza dos ingresos de actividades ordinarias e fluxos de

efectivo que xorden de contratos con clientes. Para lograr este obxectivo, a empresa subministrará información cualitativa e cuantitativa sobre os seguintes aspectos:

- a) Contratos con clientes,
- b) Xuízos significativos, e cambios nos ditos xuízos, realizados sobre os ditos contratos, e
- c) Activos recoñecidos polos custos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

2. Á hora de proporcionar esta información, a empresa considerará o nivel de detalle necesario para satisfacer o obxectivo de información que se revelará e canta énfase pór en cada un dos diversos requirimentos. Para isto, agregará ou desagregará a información que vai revelar de forma que a información útil non se enmascare pola inclusión dun gran volume de detalles insignificantes ou pola agregación de partidas que teñan substancialmente diferentes características.

#### 13.2 Información sobre os contratos con clientes.

##### 1. Desagregación dos ingresos de actividades ordinarias.

a) A empresa desagregará os ingresos recoñecidos de actividades ordinarias procedentes de contratos con clientes en categorías que representen a forma en que a natureza, importe e incerteza dos ingresos de actividades ordinarias e fluxos de efectivo se ven afectados por factores económicos.

b) Ao seleccionar o tipo de categoría (ou categorías) que vai utilizar para desagregar os ingresos de actividades ordinarias, a empresa considerará a forma en que se presentou a información sobre os ingresos de actividades ordinarias para outros propósitos, incluídos os seguintes:

1.º Información que revelará presentada fóra das contas anuais.

2.º Información regularmente revisada pola máxima autoridade na toma de decisións para avaliar o rendemento financeiro dos segmentos de operación.

3.º Outra información que sexa similar aos tipos de información identificados nos parágrafos anteriores e que utiliza a empresa ou os usuarios das contas anuais para avaliar o rendemento financeiro da empresa ou tomar decisións sobre asignación de recursos.

c) Algunhas das categorías que pode ser apropiado incluír poderían ser as seguintes:

1.º Tipo de ben ou servizo (por exemplo, liñas de produtos principais).

2.º Rexión xeográfica (por exemplo, país ou rexión).

3.º Mercado ou tipo de cliente (por exemplo, clientes da Administración pública e outros clientes).

4.º Tipo de contrato (por exemplo, contratos a prezo fixo e por tempo e por materiais).

5.º Duración do contrato (por exemplo, contratos a curto e a longo prazo).

6.º Calendario de transferencia de bens ou servizos (por exemplo, ingresos de actividades ordinarias procedentes de bens ou servizos transferidos a clientes nun momento determinado e ingresos de actividades ordinarias procedentes de bens ou servizos transferidos ao longo do tempo).

7.º Canles de vendas (por exemplo, bens vendidos directamente a clientes e bens vendidos a través de intermediarios).

##### 2. Saldos do contrato.

A empresa informará sobre os saldos de apertura e peche das contas por cobrar, activos do contrato e pasivos do contrato derivados de acordos con clientes, en

caso de que non se presenten por separado no balance. En particular, desagregaranse as contrapartidas contabilizadas polo recoñecemento de ingresos distintas a un dereito de cobramento ou efectivo.

3. Obrigacións que hai que cumprir.

A empresa revelará información sobre as obrigacións asumidas fronte ao cliente, incluída unha descrición dos aspectos seguintes:

a) Cando cumpre a empresa as obrigacións fronte ao cliente (por exemplo, no momento do envío, no momento da entrega, a medida que se presta ou no momento en que se completa o servizo), incluíndo cando se cumpren as obrigacións nun acordo de entrega posterior á facturación.

b) Os termos de pagamento significativos (por exemplo, cando se exige habitualmente o pagamento, se o contrato ten un compoñente de financiamento significativo, se o importe da contraprestación é variable e se a estimación da contraprestación variable está restrinxida polas limitacións existentes para a súa estimación).

c) A natureza dos bens ou servizos que a empresa se comprometeu a transferir, destacando calquera obrigación de organizar para un terceiro a transferencia de bens ou servizos, é dicir, se a empresa está actuando como un axente ou comisionista.

d) As obrigacións de devolución, reembolso e outras obrigacións similares.

e) Os tipos de garantías e obrigacións relacionadas.

13.3 Información sobre os xuízos significativos na aplicación da norma de rexistro e valoración.

A empresa revelará os xuízos e cambios de xuízos realizados en aplicación da norma de rexistro e valoración sobre ingresos por vendas e prestación de servizos que afecten de forma significativa a determinación do importe e calendario dos ingresos de actividades ordinarias dos contratos con clientes. En concreto, a empresa explicará os xuízos e cambios nos xuízos, utilizados ao determinar os aspectos seguintes:

1. O calendario en que se estima cumprir as obrigacións asumidas pola empresa fronte ao cliente.

a) Para as obrigacións asumidas que a empresa satisfai ao longo do tempo, a empresa revelará os seguintes aspectos:

1.º Os métodos utilizados para determinar o grao de avance e recoñecer os ingresos de actividades ordinarias (por exemplo, unha descrición dos métodos de produto ou dos métodos de recursos utilizados e a forma en que se aplicaron).

2.º Unha explicación de por que os métodos utilizados proporcionan unha representación fiel da transferencia dos bens ou servizos.

b) Para obrigacións que se satisfán nun momento determinado, a empresa revelará os xuízos significativos realizados para avaliar cando obtén un cliente o control dos bens ou servizos comprometidos.

2. O prezo da transacción e os importes asignados a cada obrigación.

A empresa incluírá información sobre os métodos, datos de entrada e supostos utilizados para todos os aspectos seguintes:

a) Determinación do prezo da transacción, que inclúe, pero non se limita á estimación da contraprestación variable, o axuste á contraprestación polos efectos do valor temporal do diñeiro e a medición da contraprestación distinta ao efectivo,



- b) Avaliación de se a estimación da contraprestación variable está restrinxida,
- c) Asignación do prezo da transacción, que inclúa a estimación dos prezos de venda independentes dos bens e servizos comprometidos e a distribución de descontos e contraprestación variable a unha parte específica do contrato (se for aplicable), e
- d) Estimación do impacto monetario das obrigacións de devolución, reembolso e outras obrigacións similares.

13.4 Información sobre os activos recoñecidos polos custos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

A empresa incluírá a seguinte información:

- a) Os xuízos realizados para determinar o importe dos custos incorridos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.
- b) O método que utiliza para determinar a imputación á conta de perdas e ganancias ou a amortización para cada exercicio.
- c) Os saldos de peche dos activos recoñecidos polos custos incorridos para obter ou cumprir un contrato cun cliente, por categoría principal de activo.
- d) O importe do gasto por imputación á conta de perdas e ganancias ou amortización e calquera perda por deterioración de valor recoñecida no exercicio.

13.5 Información sobre determinados gastos.

Deberase incluír a seguinte información:

- a) A desagregación das partidas 4.a) e 4.b) da conta de perdas e ganancias “Consumo de mercadorías” e “Consumo de materias primas e outras materias consumibles”, distinguindo entre compras e variación de existencias. Así mesmo, diferenciaranse as compras nacionais, as adquisicións intracomunitarias e as importacións.
- b) Desagregarase da partida 6.b) da conta de perdas e ganancias “Cargas sociais”, distinguindo entre achegas e dotacións para pensións e outras cargas sociais.
- c) No caso de que a empresa formule a conta de perdas e ganancias abreviada deberá incluír neste punto as desagregacións antes indicadas en relación coas partidas 4. “Aprovisionamentos” e 6. “Gastos de persoal”, do modelo abreviado da dita conta.

13.6 Outros resultados.

Deberase informar dos resultados orixinados fóra da actividade normal da empresa incluídos na partida “Outros resultados”.

Quince. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais», modifícase o punto 3 da nota 24 «Outra información do modelo normal de memoria», que queda redactado da seguinte forma:

«3. O importe recibido polos auditores de contas desagregado en honorarios percibidos pola prestación do servizo de auditoría e outros servizos distintos, diferenciando dentro destes últimos, por un lado, os servizos fiscais que puidesen realizarse de acordo coa normativa aplicable e, por outro lado, aqueles que correspondan aos servizos cuxa prestación polos auditores de contas exixa a normativa aplicable.

A mesma desagregación de información darase dos honorarios correspondentes a servizos prestados por calquera empresa pertencente á mesma rede á cal pertencese o auditor de contas, de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.»

Dezaseis. Na cuarta parte, «Cadro de contas», inclúense os seguintes cambios:

1. A conta 133 «Axustes por valoración en activos financeiros dispoñibles para a venda», pasa a denominarse «Axustes por valoración en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

2. A conta 293 «Deterioración de valor de participacións a longo prazo en partes vinculadas», denomínase e desagrégase como segue:

«293. Deterioración de valor de participacións a longo prazo.

2933. Deterioración de valor de participacións a longo prazo en empresas do grupo.

2934. Deterioración de valor de participacións a longo prazo en empresas asociadas.

2935. Deterioración de valor de participacións a longo prazo noutras partes vinculadas.

2936. Deterioración de valor de participacións a longo prazo noutras empresas»

3. A conta 593 «Deterioración de valor de participacións a curto prazo en partes vinculadas») denomínase e desagrégase como segue:

«593. Deterioración de valor de participacións a curto prazo.

5933. Deterioración de valor de participacións a curto prazo en empresas do grupo.

5934. Deterioración de valor de participacións a curto prazo en empresas asociadas.

5935. Deterioración de valor de participacións a curto prazo noutras partes vinculadas.

5936. Deterioración de valor de participacións a curto prazo noutras empresas.»

4. Na conta 663 «Perdas por valoración de instrumentos financeiros polo seu valor razoable», introdúcense os seguintes cambios:

4.1 A conta 6632 «Perdas de dispoñibles para a venda» pasa a denominarse «Perdas de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

4.2 Inclúese unha nova conta de catro díxitos coa seguinte denominación «6634. Perdas doutros instrumentos financeiros».

5. Na conta 763 «Beneficios por valoración de instrumentos financeiros polo seu valor razoable», introdúcense os seguintes cambios:

5.1 A conta 7632 «Beneficios de dispoñibles para a venda» pasa a denominarse «Beneficios de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

5.2 Inclúese unha nova conta de catro díxitos coa seguinte denominación «7634. Beneficios doutros instrumentos financeiros».

6. A conta 800 «Perdas en activos financeiros dispoñibles para a venda» pasa a denominarse «Perdas de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

7. A conta 802 «Transferencia de beneficios en activos financeiros dispoñibles para a venda» pasa a denominarse «Transferencia de beneficios en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

8. A conta 900 «Beneficios en activos financeiros dispoñibles para a venda» pasa a denominarse «Beneficios en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

9. A conta 902 «Transferencia de perdas de activos financeiros dispoñibles para a venda» pasa a denominarse «Transferencia de perdas de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

Dezasete. Na quinta parte «Definicións e relacións» inclúense os seguintes cambios:

1. Modifícase a introdución ao grupo 1, «Financiamento básico», que queda redactada como segue:

«Grupo 1. Financiamento básico.

Comprende o patrimonio neto e o financiamento alleo a longo prazo da empresa destinados, en xeral, a financiar o activo non corrente e a cubrir unha marxe razoable do corrente; inclúe tamén situacións transitorias de financiamento.

En particular, aplicaranse as seguintes regras:

a) Os pasivos financeiros incluídos neste grupo clasificaranse, con carácter xeral, para efectos da súa valoración, na categoría de “Pasivos financeiros a custo amortizado”. Non obstante, tamén poden incluírse na categoría de “Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias” nos termos establecidos nas normas de rexistro e valoración. Neste grupo tamén se inclúen os derivados financeiros tanto de cobertura como de negociación cando a súa liquidación sexa superior a un ano.

b) De acordo co disposto nas normas de elaboración das contas anuais, neste grupo non se poden incluír os pasivos financeiros a longo prazo que, excepcionalmente, cumpran a definición de pasivos que se manteñen para negociar, salvo os derivados financeiros cuxo prazo de liquidación sexa superior a un ano.

c) Se os pasivos financeiros se clasifican para efectos da súa valoración en máis dunha categoría, desenvolveranse as contas de catro ou máis cifras que sexan necesarias para diferenciar a categoría en que se inclúsen.

d) Se se emiten ou asumen pasivos financeiros híbridos que de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración se valoren no seu conxunto polo seu valor razoable, incluíranse na conta que corresponda á natureza do contrato principal, para o que se crearán coa debida desagregación, contas de catro ou máis cifras que identifiquen que se trata dun pasivo financeiro híbrido a longo prazo valorado conxuntamente. Cando se recoñezan separadamente o contrato principal e o derivado implícito, este último tratarase como se se contratase de forma independente, polo que se incluírá na conta dos grupos 1, 2 ao 5 que proceda e o contrato principal recollerase na conta que corresponda á súa natureza, e desenvolveranse coa debida desagregación contas de catro ou máis cifras que identifiquen que se trata dun contrato principal financeiro híbrido a longo prazo.

e) Unha conta que recolla pasivos financeiros clasificados na categoría de «Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias» aboarase ou cargarase, polas variacións no seu valor razoable, con cargo ou aboamento, respectivamente, ás contas 663 e 763.

f) Unha conta que recolla pasivos financeiros que, de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración, formen parte dun grupo alleable de elementos mantidos para a venda, cargarase no momento en que se cumpran as condicións para a súa clasificación con aboamento á respectiva conta do subgrupo 58.

g) A diferenza entre o valor polo que se recoñecen inicialmente os pasivos financeiros e o seu valor de reembolso rexistrárase como un aboamento (ou, cando proceda, como un cargo) na conta onde estea rexistrado o pasivo financeiro con cargo (ou aboamento) á conta do subgrupo 66 que corresponda segundo a natureza do instrumento.»

2. Modifícase a definición e relacións contables da conta 133 «Axustes por valoración en activos financeiros dispoñibles para a venda», que queda redactada como segue:

«133. Axustes por valoración en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

Axustes producidos pola valoración a valor razoable dos activos financeiros clasificados como activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, de acordo coa norma de rexistro e valoración relativa aos instrumentos financeiros.

Con carácter xeral, o seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase:

a1) Ao peche do exercicio, polas variacións positivas no valor razoable dos activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, con cargo á conta 900.

a2) Ao peche do exercicio, polas transferencias de perdas de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, con cargo á conta 902.

a3) Ao peche do exercicio, cando se realizasen investimentos previos á consideración de participacións no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo ou asociadas, pola recuperación ou a transferencia á conta de perdas e ganancias por deterioración dos axustes valorativos por reducións de valor imputados directamente no patrimonio neto con cargo ás correspondentes contas do subgrupo 99.

a4) Polo gasto por imposto sobre beneficios orixinado por estes axustes, con cargo ás contas do subgrupo 83.

b) Cargarase:

b1) Ao peche do exercicio, polas variacións negativas no valor razoable dos activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, con aboamento á conta 800.

b2) Ao peche do exercicio, pola transferencia de beneficios en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, con aboamento á conta 802.

b3) Ao peche do exercicio, pola deterioración en investimentos no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas que previamente ocasionasen axustes valorativos por aumento de valor, con aboamento ás correspondentes contas do subgrupo 89.

b4) Polo gasto por imposto sobre beneficios orixinado por estes axustes, con aboamento ás contas do subgrupo 83.»

3. Modifícase a introdución ao grupo 2, «Activo non corrente», que queda redactada como segue:

«Grupo 2. Activo non corrente.

Comprende os activos destinados a servir de forma duradeira nas actividades da empresa, incluídos os investimentos financeiros cuxo vencemento, alleamento ou realización se espera que se produzan nun prazo superior a un ano.

En particular, aplicaranse as seguintes regras:

a) Neste grupo tamén se inclúen os derivados financeiros con valoración favorable para a empresa tanto de cobertura como de negociación cando a súa liquidación sexa superior a un ano.

b) De acordo co disposto nas normas de elaboración das contas anuais, neste grupo non se poden incluír os activos financeiros a longo prazo que cumplan a

definición de activos que se manteñan para negociar, salvo os derivados financeiros cuxo prazo de liquidación sexa superior a un ano.

c) Desenvolveranse as contas de catro ou máis cifras que sexan necesarias para diferenciar as distintas categorías en que se inclúsen os activos financeiros de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración.

d) Se se adquiren activos financeiros híbridos que, de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración, se valoren no seu conxunto polo seu valor razoable, incluíranse na conta que corresponda á natureza do contrato principal, para o que se crearán coa debida desagregación contas de catro ou máis cifras que identifiquen que se trata dun activo ou pasivo financeiro híbrido a longo prazo valorado conxuntamente.

e) Unha conta que recolla activos financeiros clasificados na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”, cargarase ou aboarase, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 763 e 663.

f) Unha conta que recolla un activo non corrente que, de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración, deba clasificarse como mantido para a venda ou forme parte dun grupo alleable de elementos mantidos para a venda, aboarase no momento en que se cumpran as condicións para a súa clasificación, con cargo á respectiva conta do subgrupo 58.

g) A diferenza entre o valor polo que se recoñecen inicialmente os activos financeiros e o seu valor de reembolso rexistrárase como un cargo (ou, cando proceda, como un aboamento) na conta onde estea rexistrado o activo financeiro con aboamento (ou cargo) á conta do subgrupo 76 que corresponda segundo a natureza do instrumento.»

4. Modifícanse as letras b) e c) das relacións contables da conta 2405 «Participacións a longo prazo noutras partes vinculadas», que quedan redactadas como segue:

«b) Aboarase polos alleamentos e, en xeral, pola súa baixa do activo, con cargo, xeralmente, a contas do subgrupo 57, se existen desembolsos pendentes á conta 249 ou, se for o caso, á conta 539 e, en caso de perdas, á conta 673.

c) Se as participacións se clasifican na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto”, cargarase ou aboarase, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 900 e 800.»

5. Modifícase a letra c) das relacións contables da conta 241 «Valores representativos de débeda a longo prazo de partes vinculadas», que queda redactada como segue:

«c) Se os valores se clasifican na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto”, cargarase ou aboarase, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 900 e 800, salvo a parte correspondente a diferenzas de cambio que se rexistrará con aboamento ou cargo ás contas 768 e 668. Tamén se cargará cando se produza a deterioración de valor polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto, con aboamento á conta 902.»

6. Modifícanse as letras b) e c) das relacións contables da conta 250 «Investimentos financeiros a longo prazo en instrumentos de patrimonio», que quedan redactadas como segue:

«b) Aboarase polos alleamentos e, en xeral, pola súa baixa do activo, con cargo, xeralmente, a contas do subgrupo 57, se existen desembolsos pendentes á conta 259 ou, se for o caso, á conta 549 e, en caso de perdas, á conta 666.

c) Se as participacións se clasifican na categoría de «Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», cargarase ou aboarase, polas

variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 900 e 800.»

7. Modifícase a letra c) das relacións contables da conta 251 «Valores representativos de débeda a longo prazo», que queda redactada como segue:

«c) Se os valores se clasifican na categoría de «Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», cargarase ou aboarase, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 900 e 800, salvo a parte correspondente a diferenzas de cambio que se rexistrará con aboamento ou cargo ás contas 768 e 668. Tamén se cargará cando se produza a deterioración de valor polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto, con aboamento á conta 902.»

8. Modifícase a definición da conta 293 «Deterioración de valor de participacións a longo prazo», que queda redactada como segue:

«Importe das correccións valorativas por deterioración do valor que corresponda ás participacións a longo prazo en empresas do grupo, asociadas, outras partes vinculadas e outras empresas, incluídas na categoría de “Activos financeiros a custo”

2933/2934/2935/2936».

9. Modifícase a letra b2) das relacións contables das contas 2933/2934/2935/2936, que queda redactada como segue:

«b2) Cando se allee o inmovilizado financeiro ou se dea de baixa o activo por calquera outro motivo, con aboamento a contas do subgrupo 24 ou á conta 250.»

10. Modifícase a introdución ao grupo 4, «Acredores e debedores por operacións comerciais», que queda redactada como segue:

«Grupo 4. Acredores e debedores por operacións comerciais.

Instrumentos financeiros e contas que teñan a súa orixe no tráfico da empresa, así como as contas coas administracións públicas, mesmo as que correspondan a saldos con vencemento superior a un ano. Para estas últimas e para efectos da súa clasificación, poderanse utilizar os subgrupos 42 e 45 ou proceder á dita reclasificación nas propias contas.

En particular, aplicaranse as seguintes regras:

a) Os activos financeiros e os pasivos financeiros incluídos neste grupo clasifícanse, con carácter xeral, para efectos da súa valoración, nas categorías de “Activos financeiros a custo amortizado” e “Pasivos financeiros a custo amortizado”, respectivamente.

b) Se os activos financeiros e pasivos financeiros se clasifican para efectos da súa valoración en máis dunha categoría, desenvolveranse as contas de catro ou máis cifras que sexan necesarias para diferenciar a categoría en que se inclúsen.

c) Unha conta que recolla activos financeiros ou pasivos financeiros clasificados na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”, así como na de “Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”, respectivamente, aboarase ou cargarase, polas variacións no seu valor razoable, con cargo ou aboamento, respectivamente, ás contas 663 e 763.

d) Unha conta que recolla acredores ou debedores por operacións comerciais que, de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración, formen parte dun grupo alleable de elementos mantidos para a venda, cargarase ou aboarase,

respectivamente, no momento en que se cumpran as condicións para a súa clasificación, con aboamento ou cargo á respectiva conta do subgrupo 58.»

11. Modifícase a introdución ao grupo 5, «Contas financeiras», que queda redactada como segue:

«Grupo 5. Contas financeiras.

Instrumentos financeiros por operacións non comerciais, é dicir, por operacións alleas ao tráfico cuxo vencemento, alleamento ou realización se espera que deberá producirse nun prazo non superior a un ano e medios líquidos dispoñibles.

En particular, aplicaranse as seguintes regras:

a) Neste grupo inclúense os derivados financeiros tanto de cobertura como de negociación cando a súa liquidación non sexa superior a un ano.

b) Os instrumentos financeiros que se manteñan para negociar, con carácter xeral, estarán incluídos neste grupo. En particular, incluíranse nesta categoría os investimentos financeiros en instrumentos de patrimonio de empresas que non teñan a consideración de empresas do grupo, multigrupo ou asociadas, que se adquirisen coa intención de ser vendidas no curto prazo.

c) Desenvolveranse as contas de catro ou máis cifras que sexan necesarias para diferenciar as categorías en que se inclúsen os activos financeiros e pasivos financeiros de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración.

d) Se se adquiren activos financeiros híbridos ou se emiten ou asumen pasivos financeiros híbridos que, de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración, se valoren no seu conxunto polo seu valor razoable, incluíranse na conta que corresponda á natureza do contrato principal, para o que se crearán coa debida desagregación, contas de catro ou máis cifras que identifiquen que se trata dun activo ou pasivo financeiro híbrido a curto prazo valorado conxuntamente. En relación cos pasivos financeiros, cando se recoñezan separadamente o contrato principal e o derivado implícito, este último tratarase como se se contratase de forma independente, polo que se incluírá na conta do grupo 5 que proceda e o contrato principal recollerase na conta que corresponda á súa natureza, e desenvolveranse coa debida desagregación contas de catro ou máis cifras que identifiquen que se trata dun contrato principal financeiro híbrido a curto prazo.

e) Unha conta que recolla activos financeiros ou pasivos financeiros clasificados na categoría de «Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias», así como na de «Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias» respectivamente, Aboarase ou cargarase, polas variacións no seu valor razoable, con cargo ou aboamento, respectivamente, ás contas 663 e 763.

f) Unha conta que recolla pasivos ou activos incluídos neste grupo que, de acordo co establecido nas normas de rexistro e valoración, formen parte dun grupo alleable de elementos mantidos para a venda, cargarase ou aboarase, respectivamente, no momento en que se cumpran as condicións para a súa clasificación, con aboamento ou cargo á respectiva conta do subgrupo 58.

g) A diferenza entre o valor polo que se recoñecen inicialmente os activos financeiros ou pasivos financeiros e o seu valor de reembolso rexistrarase como un cargo ou aboamento (ou cando proceda, un aboamento ou cargo), na conta onde estea rexistrado o activo financeiro ou o pasivo financeiro, tendo como contrapartida a conta do subgrupo 76 ao 66, que corresponda segundo a natureza do instrumento.»

12. Modifícase a letra c) das relacións contables da conta 531, «Valores representativos de débeda a curto prazo de partes vinculadas», que queda redactada como segue:

«c) Se os valores se clasifican na categoría de «Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», cargarase ou aboarase, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 900 e 800, salvo a parte correspondente a diferenzas de cambio que se rexistrará con aboamento ou cargo ás contas 768 e 668. Tamén se cargará cando se produza a deterioración de valor polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto, con aboamento á conta 902.»

13. Modifícase a letra c) das relacións contables da conta 541, «Valores representativos de débeda a curto prazo», que queda redactada como segue:

«c) Se os valores se clasifican na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto”, cargarase ou aboarase, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento ou cargo, respectivamente, ás contas 900 e 800, salvo a parte correspondente a diferenzas de cambio que se rexistrará con aboamento ou cargo ás contas 768 e 668. Tamén se cargará cando se produza a deterioración de valor polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto, con aboamento á conta 902.»

14. A definición e as relacións contables do subgrupo 58 «Activos non correntes mantidos para a venda e activos e pasivos asociados», quedan redactadas como segue:

«Activos non correntes con carácter individual, así como outros activos e pasivos non correntes ou correntes incluídos nun grupo alleable de elementos, cuxa recuperación se espera realizar fundamentalmente a través da súa venda, en lugar de polo seu uso continuado, incluídos os que formen parte dunha operación interrompida que se clasificase como mantida para a venda.

580/584.

Estas contas figurarán no activo corrente do balance.  
O seu movemento, xeralmente, é o seguinte:

a) Cargaranse:

a1) No momento en que se cumpran as condicións para a súa clasificación, de acordo co disposto nas normas de rexistro e valoración contidas na segunda parte deste texto, con aboamento ás respectivas contas do activo corrente e non corrente.

a2) No caso de activos financeiros que, para efectos da súa valoración, estivesen clasificados na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento á conta 763.

a3) No caso de activos financeiros que, para efectos da súa valoración, estivesen clasificados na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto”, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento á conta 960, salvo a parte correspondente a diferenzas de cambio en partidas monetarias que se rexistrará con aboamento á conta 768.

a4) De ser o caso, polo ingreso financeiro devindicado, con aboamento á conta que corresponda do subgrupo 76.

b) Aboaranse:

b1) No momento en que se produza o alleamento ou disposición por outra vía do activo non corrente ou grupo alleable de elementos, con cargo, xeralmente, a



contas do subgrupo 57 e en caso de perdas á conta do subgrupo 67 que corresponda á natureza do activo.

b2) No caso de activos financeiros que, para efectos da súa valoración, estivesen clasificados na categoría de «Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias», polas variacións no seu valor razoable, con cargo á conta 663.

b3) No caso de activos financeiros que, para efectos da súa valoración, estivesen clasificados na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto”, polas variacións no seu valor razoable, con cargo á conta 860, salvo a parte correspondente a diferenzas de cambio en partidas monetarias que se rexistrará con cargo á conta 668.

b4) Se o activo non corrente ou grupo alleable de elementos deixa de cumprir os requisitos para a súa clasificación como mantido para a venda de acordo co disposto nas normas de rexistro e valoración contidas na segunda parte deste texto, con cargo ás respectivas contas do activo corrente e non corrente.

585/589.

Estas contas figurarán no pasivo corrente do balance.

O seu movemento, xeralmente, é o seguinte:

a) Aboaranse:

a1) No momento en que se cumpran as condicións para a súa clasificación, de acordo co disposto nas normas de rexistro e valoración contidas na segunda parte deste texto, con cargo ás respectivas contas do pasivo corrente e non corrente.

a2) No caso de pasivos financeiros que, para efectos da súa valoración, estivesen clasificados na categoría de “Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”, polas variacións no seu valor razoable, con cargo á conta 663.

a3) De ser o caso, polo gasto financeiro devindicado, con cargo á conta que corresponda do subgrupo 66.

b) Cargaranse:

b1) No momento en que se produza o alleamento ou disposición por outra vía do grupo alleable de elementos.

b2) No caso de pasivos financeiros que, para efectos da súa valoración, estivesen clasificados na categoría de “Pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”, polas variacións no seu valor razoable, con aboamento á conta 763.

b3) Se o grupo alleable de elementos deixa de cumprir os requisitos para a súa clasificación como mantido para a venda de acordo co disposto nas normas de rexistro e valoración contidas na segunda parte deste texto, con aboamento ás respectivas contas do pasivo corrente e non corrente.»

15. Modifícase a definición da conta 593 «Deterioración de valor de participacións a curto prazo», que queda redactada como segue:

«Importe das correccións valorativas por deterioración do valor que corresponda ás participacións a curto prazo en empresas do grupo, asociadas, outras partes vinculadas e outras empresas, incluídas na categoría de “Activos financeiros a custo”.

5933/5934/5935/5936.»

16. Modifícase a letra b2) das relacións contables das contas 5933/5934/5935/5936, que queda redactada como segue:

«b2) Cando se alleen os valores ou se dean de baixa do activo por calquera outro motivo, con aboamento a contas do subgrupo 53 ou á conta 540.»

17. A definición e relacións contables da conta 663 «Perdas por valoración de instrumentos financeiros polo seu valor razoable» quedan redactadas como segue:

«663. Perdas por valoración de instrumentos financeiros polo seu valor razoable.

Perdas orixinadas pola valoración a valor razoable de determinados instrumentos financeiros, incluídas as que se produzan con ocasión da súa reclasificación.

Con carácter xeral, o contido e movemento das contas citadas de catro cifras é o seguinte:

6630. Perdas de carteira de negociación.

Perdas orixinadas pola valoración a valor razoable dos instrumentos financeiros que cumpran a definición de instrumentos que se manteñen para negociar.

Cargarase pola diminución no valor razoable dos activos financeiros ou o aumento no valor dos pasivos financeiros clasificados nesta categoría, con aboamento á correspondente conta do elemento patrimonial.

6631. Perdas de designados pola empresa.

Perdas orixinadas pola valoración a valor razoable dos instrumentos financeiros designados na categoría «Valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias» en exercicio da opción do valor razoable regulada na norma de rexistro e valoración novena.

O seu movemento é análogo ao sinalado para a conta 6630.

6632. Perdas de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

Perdas orixinadas pola baixa, alleamento ou cancelación dos instrumentos financeiros clasificados na categoría de “Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto”.

Cargarase no momento en que se produza a baixa, alleamento ou cancelación do instrumento financeiro, polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto con aboamento á conta 902.

6633. Perdas de instrumentos de cobertura.

Perdas orixinadas en instrumentos de cobertura, nas operacións de cobertura de fluxos de efectivo cando a empresa non espere que a transacción prevista teña lugar.

Cargarase pola transferencia á conta de perdas e ganancias do importe negativo recoñecido directamente no patrimonio neto, con aboamento á conta 912.

6634. Perdas doutros instrumentos financeiros.

Perdas orixinadas pola valoración a valor razoable dos restantes instrumentos financeiros incluídos na categoría “Valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”.

O seu movemento é análogo ao da conta 6630.»

18. Modifícase a relación contable da conta 696 «Perdas por deterioración de participacións e valores representativos de débeda a longo prazo», que queda redactada como segue:

«Cargarase polo importe da deterioración estimada, con aboamento ás contas 293, 294, 297, 599 ou a contas do grupo 9.»

19. Modifícase a relación contable da conta 698 «Perdas por deterioración de participacións e valores representativos de débeda a curto prazo», que queda redactada como segue:

«Cargarase polo importe da deterioración estimada, con aboamento ás contas 593, 594, 597, 599 ou a contas do grupo 9.»

20. A definición e relacións contables da conta 763 «Beneficios por valoración de instrumentos financeiros polo seu valor razoable» quedan redactadas como segue:

«763. Beneficios por valoración de instrumentos financeiros polo seu valor razoable.

Beneficios orixinados pola valoración a valor razoable de determinados instrumentos financeiros, incluídos os que se produzan con ocasión da súa reclasificación.

Con carácter xeral, o contido e movemento das contas citadas de catro cifras é o seguinte:

7630. Beneficios de carteira de negociación.

Beneficios orixinados pola valoración a valor razoable dos instrumentos financeiros que se manteñan para negociar.

Aboarase polo aumento no valor razoable dos activos financeiros ou a diminución no valor dos pasivos financeiros clasificados nesta categoría, con cargo á correspondente conta do elemento patrimonial.

7631. Beneficios de designados pola empresa.

Beneficios orixinados pola valoración a valor razoable dos instrumentos financeiros designados na categoría “Valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias” en exercicio da opción do valor razoable regulada na norma de rexistro e valoración novena.

O seu movemento é análogo ao da conta 7630.

7632. Beneficios de activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

Beneficios orixinados pola baixa ou alleamento dos instrumentos financeiros clasificados na categoría de «Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

Aboarase no momento en que se produza a baixa ou alleamento do instrumento financeiro, polo saldo positivo acumulado no patrimonio neto con cargo á conta 802.

7633. Beneficios de instrumentos de cobertura.

Beneficios orixinados en instrumentos de cobertura, nas operacións de cobertura de fluxos de efectivo cando a empresa non espere que a transacción prevista teña lugar.

Aboarase pola transferencia á conta de perdas e ganancias do importe positivo recoñecido directamente no patrimonio neto, con cargo á conta 812.

7634. Beneficios doutros instrumentos financeiros.

Beneficios orixinados pola valoración a valor razoable dos restantes instrumentos financeiros incluídos na categoría “Valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias”.

O seu movemento é análogo ao da conta 7630.»

21. Modifícase a letra a) das relacións contables da conta 800 «Perdas en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», que queda redactada como segue:

«a) Cargarase polas variacións negativas no valor razoable dos activos financeiros clasificados como a valor razoable con cambios no patrimonio neto, incluídas as que se produzan en caso de reclasificación, con aboamento ás contas dos correspondentes elementos patrimoniais.»

22. Modifícase a letra a) das relacións contables da conta 802 «Transferencia de beneficios en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», que queda redactada como segue:

«a) Cargarase:

a1) No momento en que se produza a baixa ou alleamento do activo financeiro a valor razoable con cambios no patrimonio neto, incluídos os que fosen obxecto de reclasificación, polo saldo positivo acumulado no patrimonio neto con aboamento á conta 7632.

a2) Cando se producise unha combinación de negocios por etapas, de acordo co disposto nas normas de rexistro e valoración, polas variacións de valor positivas imputadas directamente ao patrimonio neto correspondentes a calquera participación previa na adquirida que estivese clasificada como activos financeiros a valor razoable con cambios en patrimonio neto, con aboamento á conta 7632.»

23. Modifícase a letra a) das relacións contables da conta 900 «Beneficios en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», que queda redactada como segue:

«a) Aboarase polas variacións positivas no valor razoable dos activos financeiros clasificados como a valor razoable con cambios no patrimonio neto, incluídas as que se produzan en caso de reclasificación, con cargo ás contas dos correspondentes elementos patrimoniais.»

24. Modifícase a letra a) das relacións contables da conta 902 «Transferencia de perdas en activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto», que queda redactada como segue:

«a) Aboarase:

a1) No momento en que se produza a baixa ou alleamento do activo financeiro a valor razoable con cambios no patrimonio neto, incluídos os que fosen obxecto de reclasificación, polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto con cargo á conta 6632.

a2) No momento en que se produza a deterioración do instrumento financeiro, polo saldo negativo acumulado no patrimonio neto con cargo ás contas dos correspondentes instrumentos de débeda ou á conta 696 no caso de investimentos en instrumentos de patrimonio.

a3) Cando se producise unha combinación de negocios por etapas, de acordo co disposto nas normas de rexistro e valoración, polas variacións de valor negativas imputadas directamente ao patrimonio neto correspondentes a calquera

participación previa na adquirida que estivese clasificada como activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto, con cargo á conta 6632.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro.*

O Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Na primeira parte «Marco conceptual da contabilidade», modifícase o punto 2 «Valor razoable» do número 6.º «Criterios de valoración», que queda redactado da seguinte forma:

«2. Valor razoable.

É o prezo que se recibirá pola venda dun activo ou se pagaría para transferir ou cancelar un pasivo mediante unha transacción ordenada entre participantes no mercado na data de valoración. O valor razoable determinarase sen practicar ningunha dedución polos custos de transacción en que puidese incurrir por causa de alleamento ou disposición por outros medios. Non terá en ningún caso o carácter de valor razoable o que sexa resultado dunha transacción forzada, urxente ou como consecuencia dunha situación de liquidación involuntaria.

O valor razoable estímase para unha determinada data e, posto que as condicións de mercado poden variar co tempo, ese valor pode ser inadecuado para outra data. Ademais, ao estimar o valor razoable, a empresa deberá ter en conta as condicións do activo ou pasivo que os participantes no mercado terían en conta á hora de fixar o prezo do activo ou pasivo na data de valoración. Estas condicións específicas inclúen, entre outras, para o caso dos activos, as seguintes:

- a) O estado de conservación e a localización, e
- b) As restricións, se as houber, sobre a venda ou o uso do activo.

A estimación do valor razoable dun activo non financeiro terá en consideración a capacidade dun participante no mercado para que o activo xere beneficios económicos no seu máximo e mellor uso ou, alternativamente, mediante a súa venda a outro participante no mercado que empregaría o activo no seu máximo e mellor uso.

Na estimación do valor razoable asumírase como hipótese que a transacción para vender o activo ou transferir o pasivo se leva a cabo:

- a) Entre partes interesadas e debidamente informadas, nunha transacción en condicións de independencia mutua,
- b) No mercado principal do activo ou pasivo, entendendo como tal o mercado co maior volume e nivel de actividade, ou
- c) En ausencia dun mercado principal, no mercado máis vantaxoso a que teña acceso a empresa para o activo ou pasivo, entendido como aquel que maximiza o importe que se recibiría pola venda do activo ou minimiza a cantidade que se pagaría pola transferencia do pasivo, despois de ter en conta os custos de transacción e os gastos de transporte.

Salvo proba en contrario, o mercado en que a empresa realizaría normalmente unha transacción de venda do activo ou transferencia do pasivo presúmese que será o mercado principal ou, en ausencia dun mercado principal, o mercado máis vantaxoso.

Os custos de transacción non inclúen os custos de transporte. Se a localización é unha característica do activo (como pode ser o caso, por exemplo, dunha materia prima cotizada), o prezo no mercado principal (ou máis vantaxoso) axustarase polos

custos, se os houber, en que se incorrería para transportar o activo desde a súa localización presente a ese mercado.

Con carácter xeral, o valor razoable calcularase por referencia a un valor fiable de mercado. Neste sentido, o prezo cotizado nun mercado activo será a mellor referencia do valor razoable, entendéndose por mercado activo aquel en que se dean as seguintes condicións:

- a) Os bens ou servizos negociados son homoxéneos;
- b) Poden encontrarse, practicamente en calquera momento, compradores e vendedores dispostos a intercambiar os bens ou servizos, e
- c) Os prezos son públicos e están accesibles con regularidade, reflectindo transaccións con suficiente frecuencia e volume.

Para aqueles elementos respecto dos cales non exista un mercado activo, o valor razoable obterase, se for o caso, mediante a aplicación de modelos e técnicas de valoración. Entre os modelos e técnicas de valoración inclúese o emprego de referencias a transaccións recentes en condicións de independencia mutua entre partes interesadas e debidamente informadas, de estaren dispoñibles, así como referencias ao valor razoable doutros activos que sexan substancialmente iguais, métodos de desconto de fluxos de efectivo futuros estimados e modelos xeralmente utilizados para valorar opcións.

En calquera caso, as técnicas de valoración empregadas deberán ser consistentes coas metodoloxías aceptadas e utilizadas polo mercado para a fixación de prezos, e deberase usar, de existir, a que demostrase obter unhas estimacións máis realistas dos prezos. Deberán ter en conta o uso de datos observables de mercado e outros factores que os seus participantes considerarían ao fixar o prezo, limitando en todo o posible o emprego de consideracións subxectivas e de datos non observables ou contrastables.

A empresa deberá avaliar a efectividade das técnicas de valoración que utilice de maneira periódica, empregando como referencia os prezos observables de transaccións recentes no mesmo activo que se valore ou utilizando os prezos baseados en datos ou índices observables de mercado que estean dispoñibles e resulten aplicables.

No valor razoable dun instrumento financeiro deberá considerarse, entre outros, o risco de crédito e, no caso concreto dun pasivo financeiro, considerarase o risco de incumprimento da empresa que inclúe, entre outros compoñentes, o risco de crédito propio. Non obstante, para estimar o valor razoable non deben realizarse axustes por volume ou capacidade do mercado.

Cando corresponda aplicar a valoración polo valor razoable, os elementos patrimoniais que non poidan valorarse de maneira fiable, xa sexa por referencia a un valor de mercado ou mediante a aplicación dos modelos e técnicas de valoración antes sinalados, valoraranse, segundo proceda, polo seu custo amortizado ou polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, minorado, se for o caso, polas partidas correctoras de valor que puidesen corresponder, facendo mención na memoria deste feito e das circunstancias que o motivan.

O valor razoable dun activo ou pasivo, para o que non exista un prezo cotizado sen axustar dun activo ou pasivo idéntico nun mercado activo, pode valorarse con fiabilidade se a variabilidade no rango das estimacións do valor razoable do activo ou pasivo non é significativa ou as probabilidades das diferentes estimacións, dentro dese rango, poden ser avaliadas razoablemente e utilizadas na medición do valor razoable.»

Dous. Na segunda parte, «Normas de rexistro e valoración», inclúese un último parágrafo no número 3, «Xuros e dividendos recibidos de activos financeiros», da norma de rexistro e valoración 8.<sup>a</sup> «Activos financeiros», que queda redactado da seguinte forma:

«8.<sup>a</sup> Activos financeiros.

3. Xuros e dividendos recibidos de activos financeiros.

[...]

O xuízo sobre se se xeraron beneficios pola participada realizarase atendendo exclusivamente aos beneficios contabilizados na conta de perdas e ganancias individual desde a data de adquisición, salvo que de forma indubitada a repartición con cargo aos ditos beneficios deba cualificarse como unha recuperación do investimento desde a perspectiva da entidade que recibe o dividendo.»

Tres. Na terceira parte, «Contas anuais», número I, «Normas de elaboración das contas anuais », modifícase o número 6 da norma 5.<sup>a</sup> «Balance», que queda redactado da seguinte forma:

«6. O capital social e, se for o caso, a prima de emisión ou asunción de accións ou participacións con natureza de patrimonio neto figurarán nas epígrafes A-1.I. “Capital” e A-1.II. “Prima de emisión”, sempre que se producise a inscrición no Rexistro Mercantil da execución do acordo de aumento con anterioridade á formulación das contas anuais dentro do prazo establecido no texto refundido da Lei de sociedades de capital. En caso contrario, figurarán na partida 3. “Outras débedas a curto prazo” da epígrafe C.II “Débedas a curto prazo” do pasivo corrente.»

Catro. Na terceira parte, «Contas anuais », modifícase o número 2 da norma 8.<sup>a</sup> «Memoria» do número I «Normas de elaboración das contas anuais», que queda redactado da seguinte forma:

«2. Deberá indicarse calquera outra información complementaria non incluída no modelo da memoria que sexa necesaria para permitir o coñecemento da situación e actividade da empresa no exercicio, facilitando a comprensión das contas anuais obxecto de presentación, co fin de que estas reflectan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa; en particular, incluíranse datos cualitativos correspondentes á situación do exercicio anterior cando isto sexa significativo.»

**Artigo terceiro.** *Modificación das Normas para a formulación das contas anuais consolidadas aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro.*

As Normas para a formulación das contas anuais consolidadas aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, quedan modificadas como segue:

Un. No Anexo. Modelos de contas anuais consolidadas, a partida 16 «Variación de valor razoable en instrumentos financeiros» do modelo de Conta de perdas e ganancias consolidada, desagregase como segue:

«16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.

a) Valor razoable con cambios en perdas e ganancias.

b) Transferencia de axustes de valor razoable con cambios no patrimonio neto.»

Dous. No anexo Modelos de contas anuais consolidadas, modifícase a redacción do número 1 «Activos financeiros dispoñibles para a venda» das epígrafes I «Por valoración de instrumentos financeiros» e VII «Por valoración de instrumentos financeiros», do modelo A) «Estado de ingresos e gastos recoñecidos consolidado correspondente ao exercicio terminado o ...de 20XX», do Estado de cambios no patrimonio neto consolidado

correspondente ao exercicio terminado o ...de 20XX, que pasa a denominarse «1. Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto».

Tres. No anexo Modelos de contas anuais consolidadas, modifícase o punto 14 da nota 4 «Normas de rexistro e valoración» do modelo de memoria consolidada, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Normas de rexistro e valoración.

14. Ingresos e gastos; indicando os criterios xerais aplicados. En particular, en relación cos ingresos por entrega de bens e prestación de servizos o criterio seguido para concluír que as obrigacións asumidas pola entidade se cumpren ao longo do tempo ou nun momento determinado; en concreto, en relación coas que se cumpren a longo do tempo, sinalaranse os métodos empregados para determinar o grao de avance e informaranse en caso de que o seu cálculo fose impracticable.»

Catro. No anexo. Modelos de contas anuais consolidadas modifícase a nota 16 «Instrumentos financeiros» do modelo de memoria consolidada, que queda redactada da seguinte forma:

«16. Instrumentos financeiros.

16.1 Consideracións xerais e obxectivo.

A información requirida nos números seguintes será de aplicación aos instrumentos financeiros incluídos no alcance da norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade.

O obxectivo desta nota é requirir a entidade para que, nas súas contas anuais consolidadas, inclúa información que permita aos usuarios avaliar:

a) A relevancia dos instrumentos financeiros na situación financeira e os resultados do grupo, e

b) A natureza e alcance dos riscos procedentes dos instrumentos financeiros aos cales as sociedades do perímetro da consolidación se expuxesen durante o período sobre o que se informa e aos cales a entidade estea exposta ao peche do exercicio, así como a forma de xestionar os ditos riscos.

Para os efectos da súa presentación na memoria, certa información deberase subministrar por clases de instrumentos financeiros. Estas definiranse tomando en consideración a natureza dos instrumentos financeiros e as categorías establecidas na norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade. Deberase informar sobre as clases definidas pola entidade.

16.2 Información sobre a relevancia dos instrumentos financeiros na situación financeira e nos resultados do grupo.

16.2.1 Información relacionada co balance consolidado.

a) Categorias de activos financeiros e pasivos financeiros.

Revelarase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros e pasivos financeiros sinalados na norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade, de acordo coa seguinte estrutura.

a.1) Activos financeiros.



| Categorías  | Clases                                 |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |
|---|--|--------|-----------------------------------|--------|---------------------------|--------|--|--------|-----------------------------------|--------|---------------------------|--------|-------|--------|
|   | Instrumentos financeiros a longo prazo |        |                                   |        |                           |        | Instrumentos financeiros a curto prazo |        |                                   |        |                           |        | Total |        |
|   | Instrumentos de patrimonio             |        | Valores representativos de débeda |        | Créditos Derivados Outros |        | Instrumentos de patrimonio             |        | Valores representativos de débeda |        | Créditos Derivados Outros |        |       |        |
|   | Ex x                                   | Ex x-1 | Ex x                              | Ex x-1 | Ex x                      | Ex x-1 | Ex x                                   | Ex x-1 | Ex x                              | Ex x-1 | Ex x                      | Ex x-1 | Ex x  | Ex x-1 |
| Activos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias.<br>– Carteira de negociación.<br>– Designados.<br>– Outros. |  |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |
| Activos financeiros a custo amortizado.   |  |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |
| Activos financeiros a custo.  |  |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |
| Activos a valor razoable con cambios no patrimonio neto.  |  |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |
| Derivados de cobertura.   |  |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |
| Total.  |  |        |                                   |        |                           |        |  |        |                                   |        |                           |        |       |        |

## a.2) Pasivos financeiros.

| Categorías  | Clases                                 |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |        |
|---|--|--------|--|--------|------------------|--------|--|--------|--|--------|------------------|--------|-------|--------|
|   | Instrumentos financeiros a longo prazo |        |  |        |                  |        | Instrumentos financeiros a curto prazo |        |  |        |                  |        | Total |        |
|   | Débedas con entidades de crédito       |        | Obrigacións e outros valores negociables |        | Derivados Outros |        | Débedas con entidades de crédito       |        | Obrigacións e outros valores negociables |        | Derivados Outros |        |       |        |
|   | Ex x                                   | Ex x-1 | Ex x                                     | Ex x-1 | Ex x             | Ex x-1 | Ex x                                   | Ex x-1 | Ex x                                     | Ex x-1 | Ex x             | Ex x-1 | Ex x  | Ex x-1 |
| Pasivos financeiros a custo amortizado ou custo.  |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |        |
| Pasivos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias.<br>– Carteira de negociación.<br>– Designados.<br>– Outros. |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |        |
| Derivados de cobertura.   |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |        |
| Total.  |  |        |  |        |                  |        |  |        |  |        |                  |        |       |        |

## b) Activos financeiros e pasivos financeiros valorados a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Informarase sobre o importe da variación no valor razoable, durante o exercicio e a acumulada desde a súa designación, e indicará o método empregado para realizar o dito cálculo.

Con respecto aos instrumentos financeiros derivados, distintos dos que se cualifiquen como instrumentos de cobertura, informarase sobre a natureza dos instrumentos e as condicións importantes que poidan afectar o importe, o calendario e a certeza dos futuros fluxos de efectivo.

En caso de que se designasen activos financeiros ou pasivos financeiros para medilos a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, informárase sobre o uso desta opción, e especificárase o cumprimento dos requisitos exixidos na norma de rexistro e valoración.

Se algunha sociedade do perímetro de consolidación designou un pasivo financeiro en exercicio da opción do valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, informárase sobre:

1. O importe do cambio, durante o período e de forma acumulada, no valor razoable do pasivo que é atribuíble a cambios no risco de crédito.
2. A diferenza entre o importe en libros do pasivo e o importe que a empresa estaría obrigada a pagar no momento do vencemento.

c) Reclasificacións.

Se, de acordo co establecido na norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade, se reclasifícase un activo financeiro, informárase sobre os importes da dita reclasificación por cada categoría de activos financeiros e incluírase unha xustificación desta. En particular, darase unha explicación detallada do cambio na xestión dos activos financeiros e unha descrición cualitativa do seu efecto nas contas anuais consolidadas da entidade.

d) Compensación de activos e pasivos financeiros.

Deberase incluír información para permitir aos usuarios das contas anuais consolidadas comprender o efecto ou efecto potencial sobre a súa situación financeira dos acordos de compensación a que se refire o número 2 da norma de elaboración das contas anuais 6.<sup>a</sup> Balance do Plan xeral de contabilidade.

Para cumprir con este obxectivo, incluírase de forma separada para os activos financeiros recoñecidos e os pasivos financeiros recoñecidos a seguinte información:

1. Os importes brutos dos activos financeiros recoñecidos e pasivos financeiros recoñecidos.
2. Os importes que están compensados de acordo cos criterios do mencionado número 2.
3. Os importes netos presentados no balance.

e) Activos cedidos e aceptados en garantía.

Informárase do valor en libros dos activos financeiros entregados como garantía, da clase a que pertencen, así como dos prazos e condicións relacionados coa dita operación de garantía.

Se a entidade mantén activos de terceiros en garantía, xa sexan financeiros ou non, dos cales poida dispor, aínda que non se producise o impagamento, informará sobre:

1. O valor razoable do activo recibido en garantía.
2. O valor razoable de calquera activo recibido en garantía do cal se dispuxese e se se ten a obriga de devolvelo ou non, e
3. Os prazos e condicións relativos ao uso, por parte do grupo, dos activos recibidos en garantía.

f) Instrumentos financeiros compostos con múltiples derivados implícitos.

Cando algunha das sociedades do perímetro da consolidación emitise un instrumento que contén un compoñente de pasivo e outro de patrimonio, e o instrumento incorpore varios derivados implícitos cuxos valores sexan interdependentes (como é o caso dun instrumento de débeda convertible cunha opción de rescate), a entidade informará sobre a existencia desas características.

g) Correccións por deterioración do valor orixinadas polo risco de crédito.

Presentarase, para cada clase de activos financeiros, unha análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioración orixinadas polo risco de crédito.

h) Impagamento e incumprimento de condicións contractuais.

En relación cos préstamos recibidos e pendentes de pagamento ao peche do exercicio, informarase:

1. Dos detalles de calquera impagamento do principal ou xuros que se producise durante o exercicio.
2. Do valor en libros na data de peche do exercicio daqueles préstamos en que se producise un incumprimento por impagamento, e
3. De se o impagamento foi emendado ou se renegociaron as condicións do préstamo, antes da data de formulación das contas anuais.

Se durante o exercicio se produciu un incumprimento contractual distinto do impagamento e sempre que este feito outorgase ao prestamista o dereito a reclamar o pagamento anticipado, subministrárase unha información similar á descrita, excepto se o incumprimento se emendou ou as condicións se renegociaron antes da data de peche do exercicio.

i) Débedas con características especiais.

Cando as empresas do conxunto consolidable teñan débedas con características especiais, informarase da natureza das débedas, dos seus importes e características, desagregando, cando proceda, se son con empresas do grupo ou asociadas.

16.2.2 Información relacionada coa conta de perdas e ganancias consolidada e o patrimonio neto.

Informarase:

1. Das perdas ou ganancias netas procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros definidas na norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade.
2. Da ganancia ou perda recoñecida na conta de perdas e ganancias consolidada que xorde da baixa de activos financeiros medidos a custo amortizado, mostrando por separado as ganancias e as perdas xurdidas da baixa dos ditos activos financeiros. Esta información incluírá as razóns para dar de baixa ns contas eses activos financeiros.
3. Os ingresos e gastos financeiros calculados por aplicación do método do tipo de xuro efectivo.

16.2.3 Outra información que se vai incluír na memoria consolidada.

16.2.3.1 Contabilidade de coberturas.

O obxectivo da información que se vai incluír sobre contabilidade de coberturas é proporcionar ao usuario das contas anuais consolidadas información relevante e fiable sobre:

1. A estratexia de xestión do risco e a forma en que se aplica para xestionar o risco.
2. A forma en que as actividades de cobertura das empresas do conxunto consolidable poden afectar o importe, calendario e incerteza dos seus fluxos de efectivo futuros, e

3. O efecto que a contabilidade de coberturas tivo sobre o balance consolidado, a conta de perdas e ganancias consolidada e o estado de cambios no patrimonio neto consolidado.

Para cumprir este obxectivo deberase incluír, por clases de cobertura contable, unha descrición detallada das operacións de cobertura que realice, dos instrumentos financeiros designados como instrumentos de cobertura, así como dos seus valores razoables na data de peche de exercicio e da natureza dos riscos que foron cubertos.

A entidade deberá xustificar que se cumpren os requisitos exixidos na norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade e, en particular, debería incluír unha descrición:

1. De como determina a relación económica entre a partida cuberta e o instrumento de cobertura para efectos de avaliar a eficacia da cobertura, e
2. De como establece a ratio de cobertura e cales son as orixes da ineficacia da cobertura.

Adicionalmente, nas coberturas de fluxos de efectivo, informarase sobre:

1. Os exercicios nos cales se espera que ocorran os fluxos de efectivo e os exercicios nos cales se espera que afecten a conta de perdas e ganancias consolidada,
2. O importe recoñecido no patrimonio neto durante o exercicio e o importe que foi imputado á conta de perdas e ganancias consolidada desde o patrimonio neto, detallando os importes incluídos en cada partida da conta de perdas e ganancias consolidada,
3. O importe que se reducise do patrimonio neto durante o exercicio e se incluíse na valoración inicial do prezo de adquisición ou do valor en libros dun activo ou pasivo non financeiro, cando a partida cuberta sexa unha transacción prevista altamente probable, e
4. Todas as transaccións previstas para as que previamente se aplicase contabilidade de coberturas, pero que non se espera que vaian ocorrer.

Nas coberturas de valor razoable tamén se informará sobre o importe das perdas ou ganancias do instrumento de cobertura e das perdas ou ganancias da partida cuberta atribuíbles ao risco cuberto.

Así mesmo, revelarase o importe da ineficacia rexistrada na conta de perdas e ganancias consolidada en relación coa cobertura dos fluxos de efectivo e coa cobertura do investimento neto en negocios no estranxeiro.

#### 16.2.3.2 Valor razoable.

- a) Obxectivo da información.

Para os instrumentos financeiros valorados a valor razoable, informarase:

1. Das técnicas de valoración e das variables utilizadas polas sociedades do perímetro de consolidación para desenvolver as ditas valoracións con posterioridade ao recoñecemento inicial;
2. Do efecto na conta de perdas e ganancias consolidada ou no estado de ingresos e gastos recoñecidos consolidado das valoracións recorrentes que utilicen variables de nivel 3 significativas.

b) Para lograr este obxectivo deberase informar, entre outros, dos seguintes aspectos:

1. Do valor razoable de cada clase de instrumentos financeiros e da comparación co seu correspondente valor en libros. Non será necesario incluír o valor razoable nos seguintes supostos:

1.º Cando o valor en libros constitúa unha aproximación aceptable do valor razoable; por exemplo, no caso dos créditos e débitos por operacións comerciais a curto prazo.

2.º Cando se trate de instrumentos financeiros non cotizados nun mercado activo e os derivados que teñan a estes por subxacente que, segundo o establecido na norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade, se valoren polo seu custo.

Neste caso, revelarase este feito e describirase o instrumento financeiro, o seu valor en libros e a explicación das causas que impiden a determinación fiable do seu valor razoable. Igualmente, informarase sobre se se ten ou non a intención de allealo e cando.

No caso de baixa do balance consolidado do instrumento financeiro durante o exercicio, revelarase este feito, así como o valor en libros e o importe da perda ou ganancia recoñecida no momento da baixa.

2. O nivel de xerarquía de valor razoable dentro do cal se clasifican as valoracións considerando que o instrumento financeiro se incluírá integramente nun só nivel.

Nivel 1: estimacións que utilizan prezos cotizados sen axustar en mercados activos para activos ou pasivos idénticos, aos cales a empresa poida acceder na data de valoración.

Nivel 2: estimacións que utilizan prezos cotizados en mercados activos para instrumentos similares ou outras metodoloxías de valoración nas cales todas as variables significativas están baseadas en datos de mercado observables directa ou indirectamente.

Nivel 3: estimacións en que algunha variable significativa non está baseada en datos de mercado observables.

Unha estimación do valor razoable clasifícase no mesmo nivel de xerarquía de valor razoable que a variable de menor nivel que sexa significativa para o resultado da valoración. Para estes efectos, unha variable significativa é aquela que ten unha influencia decisiva sobre o resultado da estimación. Na avaliación da importancia dunha variable concreta para a estimación teranse en conta as condicións específicas do activo ou pasivo que se valora.

3. Os importes das transferencias entre o nivel 1 e 2 dos instrumentos financeiros que se valoren a valor razoable de forma recorrente e sempre que se manteñan ao final do exercicio; as razóns das transferencias, e a política da entidade para determinalo, distinguindo as entradas das saídas de cada nivel.

4. Unha descrición das técnicas de valoración, os cambios nas ditas técnicas e as variables utilizadas na determinación do valor razoable, para os instrumentos financeiros clasificados nos niveis 2 e 3.

5. Información cuantitativa sobre as variables non observables significativas utilizadas na determinación do valor razoable dos instrumentos financeiros clasificados no nivel 3.

6. Conciliación dos saldos iniciais e finais dos instrumentos financeiros cuxas valoracións estean clasificadas no nivel 3, distinguindo as partidas en que se encontran localizadas, as compras, vendas, emisións e liquidacións e os importes das transferencias cara a ou desde o nivel 3. Distinguiranse os importes recoñecidos na conta de perdas e ganancias consolidada que fosen realizados dos que non. En

particular, desagregaranse a política e os motivos para as ditas transferencias cara a ou desde o nivel 3.

7. Unha descrición dos procesos de valoración utilizados nas valoracións que se clasifiquen no nivel 3.

8. Para as valoracións recorrentes clasificadas no nivel 3, unha descrición da sensibilidade das ditas valoracións a cambios nas variables non observables se un cambio nestas variables pode dar lugar a unha valoración significativamente distinta. Se estas variables están relacionadas con outras non observables utilizadas na valoración, unha descrición destas relacións e da forma en que poden afectar a valoración.

9. Para as valoracións de valor razoable de instrumentos financeiros clasificadas no nivel 3, informarase acerca de se un cambio nunha ou en máis variables non observables para reflectir supostos alternativos razoablemente posibles cambiaría de forma significativa o valor razoable e o efecto destes cambios. Para estes efectos, a relevancia xulgarase con respecto ao resultado do exercicio, activos ou pasivos totais ou total do patrimonio neto.

#### 16.2.3.3 Inversións en instrumentos de patrimonio.

O nome e domicilio de sociedades, non incluídas nas notas 1 e 2, nas cales as sociedades que forman o conxunto consolidable posúan directamente ou mediante unha persoa que actúe no seu propio nome, pero por conta delas, unha porcentaxe non inferior ao 5 por 100 do seu capital. Indicarase a participación no capital e a porcentaxe de dereitos de voto, así como o importe do patrimonio neto e o resultado do último exercicio da sociedade cuxas contas fosen aprobadas. Estas informacións poderán omitirse cando só presenten un interese desdeñable respecto á imaxe fiel que deben expresar as contas consolidadas.

Notificacións efectuadas, en cumprimento do disposto no artigo 155 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, ás sociedades participadas, directa ou indirectamente, en máis dun 10 por 100.

#### 16.2.3.4 Outro tipo de información

Deberase incluír información sobre:

1. Os compromisos firmes de compra de activos financeiros e fontes previsibles de financiamento, así como os compromisos firmes de venda.
2. Os contratos de compra ou venda de activos non financeiros, que de acordo co número 5.3 da norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade, se recoñezan e valoren segundo o disposto na dita norma.
3. Calquera outra circunstancia de carácter substantivo que afecte os activos financeiros, tal como: litixios, embargos, etc.
4. O importe dispoñible nas liñas de desconto, así como as pólizas de crédito concedidas á empresa cos seus límites respectivos, precisando a parte disposta.
5. O importe das débedas con garantía real, con indicación da súa forma e natureza.

16.3 Información sobre a natureza e o nivel de risco procedente de instrumentos financeiros.

#### 16.3.1 Información cualitativa.

Para cada tipo de risco: risco de crédito, risco de liquidez e risco de mercado (este último comprende o risco de tipo de cambio, de tipo de xuro e outros riscos de prezo), informarase da exposición ao risco e como se produce este, e describiranse os obxectivos, políticas e procedementos de xestión do risco e os métodos que se utilizan para a súa medición.

Se houber cambios nestes aspectos dun exercicio a outro, deberán explicarse.

### 16.3.2 Información cuantitativa.

16.3.2.1 Para cada tipo de risco incluírase un resumo da información cuantitativa respecto á exposición ao risco na data de peche do exercicio. Esta información basearase na utilizada internamente polo consello de administración da sociedade implicada ou órgano de Goberno equivalente.

En particular, para cada tipo de risco incluírase, ao menos, a información que a continuación se indica:

#### a) Risco de crédito.

En todo caso, informarase sobre:

1. As definicións de incumprimento que a entidade utiliza, incluídas as razóns para seleccionar as ditas definicións.
2. A forma en que se agruparon os instrumentos se as perdas por deterioración se miden sobre unha base colectiva.
3. As principais características das modificacións ou reestruturacións de créditos que se producen no exercicio.
4. A política de cancelacións ou baixa de balance, incluíndo os indicadores de que non hai expectativas razoables de recuperación, así como información sobre a política para activos financeiros que se cancelan, pero que aínda están suxeitos a unha actividade de exixencia de cumprimento.

Para cada clase de activos financeiros en demora ou deteriorados, informarase sobre:

1. A antigüidade dos activos financeiros en demora ao final do exercicio sobre o cal se informa.
2. O importe das correccións valorativas por deterioración, así como o importe de calquera ingreso financeiro recoñecido na conta de perdas e ganancias consolidada relacionado con tales activos.
3. O importe que mellor representa o seu máximo nivel de exposición ao risco de crédito ao final do exercicio sobre o que se informa e unha descrición das garantías de que dispoña o grupo e doutras melloras crediticias, así como do seu efecto financeiro (por exemplo, unha cuantificación da medida en que as garantías e outras melloras crediticias atenuan o risco de crédito), en relación co importe que mellor representa o máximo nivel de exposición ao risco de crédito.

Cando se obtivesen durante o exercicio activos financeiros ou non financeiros ao executar as garantías que aseguraban o cobramento, ou ao executar outras melloras crediticias (por exemplo, avais), e tales activos cumpran os criterios de recoñecemento, indicárase, respecto de tales activos mantidos ao peche do exercicio:

1. A natureza e importe en libros dos activos.
2. Cando os activos non sexan facilmente convertibles en efectivo, as políticas para allear ou dispor por outra vía de tales activos, ou para utilizalos nas súas actividades.

#### b) Risco de liquidez.

Para os pasivos financeiros que teñan un vencemento determinado ou determinable, deberase informar sobre os importes que venzan en cada un dos cinco anos seguintes ao peche do exercicio e do resto até o seu último vencemento. Estas indicacións figurarán separadamente para cada unha das partidas de pasivos financeiros conforme o modelo de balance.

Adicionalmente, a entidade deberá incluír unha explicación de como xestiona o risco de liquidez inherente nos citados pasivos.

c) Risco de mercado.

Salvo que se cumpra o establecido no parágrafo seguinte, informarase sobre:

1. Unha análise de sensibilidade para cada tipo de risco de mercado ao cal a entidade estea exposta ao peche do exercicio, mostrando como podería verse afectado o resultado do grupo e o patrimonio debido a cambios na variable relevante de risco, que sexan razoablemente posibles na dita data.

2. Os métodos e hipóteses utilizados ao elaborar a análise de sensibilidade.

3. Os cambios habidos desde o período anterior nos métodos e hipóteses utilizados, así como as razóns de tales cambios.

Se se elabora unha análise de sensibilidade, tal como a do valor en risco, que reflicta as interdependencias entre as variables de risco (por exemplo, entre as taxas de xuro e de cambio) e a utiliza para xestionar riscos financeiros, poderá utilizar esa análise de sensibilidade en lugar da especificada no parágrafo anterior. En tal caso, incluírse tamén:

1. Unha explicación do método utilizado ao elaborar a dita análise de sensibilidade, así como dos principais parámetros e hipóteses subxacentes nos datos subministrados.

2. Unha explicación do obxectivo do método utilizado, así como das limitacións que puidesen facer que a información non reflectise plenamente o valor razoable dos activos e pasivos implicados.

16.3.2.2 Para cada tipo de risco incluírse información sobre as concentracións de risco, que incluírá unha descrición da forma de determinar a concentración, as características comúns de cada concentración (área xeográfica, divisa, mercado, contrapartida, etc.), e o importe das exposicións ao risco asociado aos instrumentos financeiros que compartan tales características.

16.4 Transferencias de activos financeiros.

Para efectos da aplicación dos requirimentos que se recollen a continuación, unha entidade transfere total ou parcialmente un activo financeiro (o activo financeiro transferido) se e só se se dá, ao menos, unha das seguintes condicións:

1. Transfire os dereitos contractuais a recibir os fluxos de efectivo dese activo financeiro, ou

2. Retén os dereitos contractuais a recibir os fluxos de efectivo dese activo financeiro, pero asume nun acordo, unha obrigaón contractual de pagar os ditos fluxos de efectivo a un ou máis receptores.

Cando algunha sociedade do perímetro de consolidación realizase cesións de activos financeiros de tal forma que unha parte deles ou a súa totalidade non cumpra as condicións para a baixa do balance, sinaladas no número 2.6 da norma de rexistro e valoración novena do Plan xeral de contabilidade, proporcionará a seguinte información agrupada por clases de activos:

1. A natureza dos activos cedidos.

2. A natureza dos riscos e beneficios inherentes á propiedade aos cales a empresa permanece exposta.

3. O valor en libros dos activos cedidos e os pasivos asociados, que a empresa manteña rexistrados, e

4. Cando a entidade recoñeza os activos en función da súa implicación continuada, o valor en libros dos activos que inicialmente figuraban no balance, o



valor en libros dos activos que a empresa continúa recoñecendo e o valor en libros dos pasivos asociados.

#### 16.5 Fondos propios.

Análise do movemento do exercicio nas partidas incluídas nesta agrupación, con indicación das orixes dos aumentos e as causas das diminucións.

Desagregación da epígrafe «Reservas», co seguinte nivel de detalle:

##### Reservas:

Reservas da sociedade dominante diferenciando as reservas distribuíbles, as non distribuíbles e os resultados de exercicios anteriores.

Reservas en sociedades consolidadas.

Reservas en sociedades postas en equivalencia.

##### Informarase sobre:

a) Número de accións ou participacións no capital da sociedade dominante e valor nominal de cada unha delas, distinguindo por clases, así como os dereitos outorgados a elas e as restricións que poidan ter. Tamén, se for o caso, se indicará para cada clase os desembolsos pendentes, así como a data de exixibilidade. E, se for o caso, os desembolsos exixidos pendentes e en situación de demora, así como as actuacións seguidas pola entidade no marco da lexislación mercantil para recuperar os desembolsos exixidos. Esta mesma información requirirase respecto a outros instrumentos de patrimonio distintos do capital.

b) Ampliación de capital en curso da sociedade dominante indicando o número de accións ou participacións que se van subscribir, o seu valor nominal, a prima de emisión, o desembolso inicial, os dereitos que incorporarán e as restricións que terán; así como a existencia ou non de dereitos preferentes de subscrición a favor de socios, accionistas ou obrigacionistas, e o prazo concedido para a subscrición.

c) Importe do capital autorizado pola xunta de accionistas da sociedade dominante para que os administradores o poñan en circulación, indicando o período a que se estende a autorización.

d) Dereitos incorporados ás partes de fundador, bonos de desfrute, obrigacións convertibles e instrumentos financeiros similares da sociedade dominante, con indicación do seu número e da extensión dos dereitos que confiren.

e) Circunstancias específicas que restrinxen a dispoñibilidade das reservas da sociedade dominante.

f) Número, valor nominal e prezo medio de adquisición das accións ou participacións da sociedade dominante en poder das sociedades incluídas na consolidación ou dun terceiro que obre por conta destas, especificando o seu destino final previsto. Tamén se informará sobre o número, valor nominal e importe da reserva correspondente ás accións da sociedade dominante aceptadas en garantía. Se for o caso, informarase igualmente no que corresponda, respecto a outros instrumentos de patrimonio distintos do capital.

g) A parte de capital da sociedade dominante que, se for o caso, é posuído por outra empresa allea ao grupo, directamente ou por medio dos seus filiais ou vinculadas a el, cando sexa igual ou superior ao 10%.

h) Accións das sociedades do grupo admitidas a cotización.

i) Opcións de compra ou de venda emitidas pola sociedade dominante ou outros contratos sobre as súas propias accións, que deban cualificarse como fondos propios, con descrición das súas condicións e importes correspondentes.

j) Circunstancias específicas relativas a subvencións, doazóns e legados recibidos pola entidade e outorgados por socios ou propietarios da sociedade dominante.»

Cinco. No anexo, Modelos de contas anuais consolidadas modifícase a nota 20 «Ingresos e gastos» do modelo de memoria consolidada, que queda redactada da seguinte forma:

«20. Ingresos e gastos.

20.1 Consideracións xerais e obxectivo.

1. O obxectivo dos requirimentos de información que se vai incluír nesta nota da memoria consolidada é que se proporcione información suficiente que permita aos usuarios das contas anuais consolidadas comprender a natureza, importe, calendario e incerteza dos ingresos de actividades ordinarias e fluxos de efectivo que xorden de contratos con clientes. Para lograr ese obxectivo subministrárase información cualitativa e cuantitativa sobre os seguintes aspectos:

- a) Contratos con clientes,
- b) Xuízos significativos, e cambios nos ditos xuízos, realizados sobre os ditos contratos, e
- c) Activos recoñecidos polos custos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

2. Á hora de proporcionar esta información, considerarase o nivel de detalle necesario para satisfacer o obxectivo de información que se vai revelar e canta énfase pór en cada un dos diversos requirimentos. Para isto, agrégase ou desagregase a información que se vai revelar de forma que a información útil non se enmascare pola inclusión dun gran volume de detalles insignificantes ou pola agregación de partidas que teñan substancialmente diferentes características.

20.2 Información sobre os contratos con clientes.

1. Desagregación dos ingresos de actividades ordinarias.

a) Desagregaranse os ingresos recoñecidos de actividades ordinarias procedentes de contratos con clientes en categorías que representen a forma en que a natureza, importe e incerteza dos ingresos de actividades ordinarias e fluxos de efectivo se ven afectados por factores económicos.

b) Ao seleccionar o tipo de categoría (ou categorías) que se van utilizar para desagregar os ingresos de actividades ordinarias, considerarase a forma en que se presentou a información sobre os ingresos de actividades ordinarias para outros propósitos, incluíndo os seguintes:

1.º Información que se vai revelar presentada fóra das contas anuais consolidadas.

2.º Información regularmente revisada pola máxima autoridade na toma de decisións para avaliar o rendemento financeiro dos segmentos de operación.

3.º Outra información que sexa similar aos tipos de información identificados nos parágrafos anteriores e que utiliza a entidade ou os usuarios das contas anuais consolidadas para avaliar o rendemento financeiro da empresa ou tomar decisións sobre asignación de recursos.

c) Algunhas das categorías que pode ser apropiado incluír poderían ser as seguintes:

- 1.º Tipo de ben ou servizo (por exemplo, liñas de produtos principais).
- 2.º Rexión xeográfica (por exemplo, país ou rexión).
- 3.º Mercado ou tipo de cliente (por exemplo, clientes da Administración pública e outros clientes).
- 4.º Tipo de contrato (por exemplo, contratos a prezo fixo, por tempo e por materiais).

5.º Duración do contrato (por exemplo, contratos a curto e a longo prazo).

6.º Calendario de transferencia de bens ou servizos (por exemplo, ingresos de actividades ordinarias procedentes de bens ou servizos transferidos a clientes nun momento determinado e ingresos de actividades ordinarias procedentes de bens ou servizos transferidos ao longo do tempo).

7.º Canles de vendas (por exemplo, bens vendidos directamente a clientes e bens vendidos a través de intermediarios).

## 2. Saldos do contrato.

Informarase sobre os saldos de apertura e peche das contas por cobrar, activos do contrato e pasivos do contrato derivados de acordos con clientes, en caso de que non se presenten por separado no balance. En particular, desagregaranse as contrapartidas contabilizadas polo recoñecemento de ingresos distintas a un dereito de cobramento ou efectivo.

## 3. Obrigacións que hai que cumprir.

Revelarase información sobre as obrigacións asumidas fronte ao cliente, incluída unha descrición dos aspectos seguintes:

a) Cando cumpre a entidade as obrigacións fronte ao cliente (no momento do envío, no momento da entrega, a medida que se presta ou no momento en que se completa o servizo), incluída cando se cumpren as obrigacións nun acordo de entrega posterior á facturación.

b) Os termos de pagamento significativos (cando se exige habitualmente o pagamento, se o contrato ten un compoñente de financiamento significativo, se o importe da contraprestación é variable e se a estimación da contraprestación variable está restrinxida polas limitacións existentes para a súa estimación).

c) A natureza dos bens ou servizos que a entidade se comprometeu a transferir, destacando calquera obrigación de organizar para un terceiro a transferencia de bens ou servizos, é dicir, se a entidade está actuando como un axente ou comisionista.

d) As obrigacións de devolución, reembolso e outras obrigacións similares.

e) Os tipos de garantías e obrigacións relacionadas.

### 20.3 Información sobre os xuízos significativos na aplicación da norma de rexistro e valoración.

Informarase sobre os xuízos e cambios de xuízos realizados en aplicación da norma de rexistro e valoración sobre ingresos por vendas e prestación de servizos do Plan xeral de contabilidade que afecten de forma significativa a determinación do importe e calendario dos ingresos de actividades ordinarias dos contratos con clientes. En concreto, explicaranse os xuízos e cambios nos xuízos, utilizados ao determinar os aspectos seguintes:

1. O calendario en que se estima cumprir as obrigacións asumidas pola entidade fronte ao cliente.

a) Para as obrigacións asumidas que a entidade satisfai ao longo do tempo, a entidade revelará os seguintes aspectos:

1.º Os métodos utilizados para determinar o grao de avance e recoñecer os ingresos de actividades ordinarias (unha descrición dos métodos de produto ou dos métodos de recursos utilizados e a forma en que se aplicaron).

2.º Unha explicación de por que os métodos utilizados proporcionan unha representación fiel da transferencia dos bens ou servizos.

b) Para obrigacións que se satisfán nun momento determinado, a entidade revelará os xuízos significativos realizados para avaliar cando obtén un cliente o control dos bens ou servizos comprometidos.

2. O prezo da transacción e os importes asignados a cada obrigación.

A entidade revelará información sobre os métodos, datos de entrada e supostos utilizados para todos os aspectos seguintes:

a) Determinación do prezo da transacción, que inclúe, pero non se limita á estimación da contraprestación variable, o axuste á contraprestación polos efectos do valor temporal do diñeiro e a medición da contraprestación distinta ao efectivo,

b) Avaliación de se a estimación da contraprestación variable está restrinxida,

c) Asignación do prezo da transacción, incluída a estimación dos prezos de venda independentes dos bens e servizos comprometidos e a distribución de descontos e contraprestación variable a unha parte específica do contrato (se for aplicable), e

d) Estimación do impacto monetario das obrigacións de devolución, reembolso e outras obrigacións similares.

20.4 Información sobre os activos recoñecidos polos custos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

Incluirase a seguinte información:

a) Os xuízos realizados para determinar o importe dos custos incorridos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

b) O método que utiliza para determinar a imputación á conta de perdas e ganancias consolidada ou a amortización para cada exercicio.

c) Os saldos de peche dos activos recoñecidos polos custos incorridos para obter ou cumprir un contrato cun cliente, por categoría principal de activo.

d) O importe do gasto por imputación á conta de perdas e ganancias consolidada ou amortización e calquera perda por deterioración de valor recoñecida no exercicio.

20.5 Información sobre determinados gastos.

Deberase incluír a seguinte información:

1. A desagregación das partidas 4.a) e 4.b) da conta de perdas e ganancias consolidada, "Consumo de mercadorías" e "Consumo de materias primas e outras materias consumibles", distinguindo entre compras e variación de existencias. Así mesmo, diferenciaranse as compras nacionais, as adquisicións intracomunitarias e as importacións.

Desagregación da partida 6.b) da conta de perdas e ganancias consolidada "Cargas sociais", distinguindo entre achegas e dotacións para pensións e outras cargas sociais.

20.6 Outros resultados.

Deberase informar dos resultados orixinados fóra da actividade normal das empresas do grupo incluídos na partida "Outros resultados".»

Seis. No anexo Modelos de contas anuais consolidadas, modifícase o punto 4 da nota 29 «Outra información» do modelo de memoria consolidada, que queda redactada da seguinte forma:

«4. O importe recibido polos auditores de contas das contas consolidadas e individuais das sociedades incluídas na consolidación desagregado en honorarios

percibidos pola prestación do servizo de auditoría e outros servizos distintos, diferenciando dentro destes últimos, por un lado, os servizos fiscais que puidesen realizarse de acordo coa normativa aplicable e, por outro lado, aqueles que correspondan aos servizos cuxa prestación polos auditores de contas sexa exixida pola normativa aplicable.

A mesma desagregación de información se dará dos honorarios correspondentes a servizos prestados por calquera empresa pertencente á mesma rede a que pertencese o auditor de contas, de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.»

**Artigo cuarto.** *Modificación das Normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos aprobadas polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro.*

As normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos aprobadas polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, quedan modificadas como segue:

Un. Na terceira parte, «Contas anuais», número I «Normas de elaboración das contas anuais», modifícase a letra c) do número 15 da norma 5ª «Balance», que queda redactada da seguinte forma:

«c) Cando a entidade teña elementos patrimoniais clasificados como «Activos non correntes mantidos para a venda» ou como «Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda», cuxos cambios de valoración deban rexistrarse directamente no patrimonio neto, créase unha epígrafe específica «Activos non correntes e pasivos vinculados, mantidos para a venda» dentro da subagrupación A-2. «Axustes por cambios de valor» do patrimonio neto do balance normal.»

Dous. Na terceira parte, «Contas anuais », número I «Normas de elaboración das contas anuais», modifícase a letra k) do número 1 da norma 6ª «Conta de resultados», que queda redactada da seguinte forma:

«k) Na partida 15.a) «Variación de valor razoable en instrumentos financeiros. Valor razoable con cambios na conta de resultados» reflectiranse os cambios no valor razoable dos instrumentos financeiros incluídos nas categorías de «Activos (pasivos) financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias» nos termos recollidos na norma de rexistro e valoración relativa a instrumentos financeiros, e poderán imputarse o importe dos xuros devindicados así como o dos dividendos devindicados que se van cobrar, nas partidas que corresponda, segundo a súa natureza.»

Tres. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais», a subagrupación A-2) «Axustes por cambio de valor» da agrupación A) «Patrimonio neto», do modelo normal de balance queda redactada da seguinte forma:

«A-2) Axustes por cambio de valor.

- I. Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.
- II. Operacións de cobertura.
- III. Outros.»

Catro. Na terceira parte, «Contas anuais», número II «Modelos normais de contas anuais», a partida 15 «Variación de valor razoable en instrumentos financeiros» do modelo normal da Conta de resultados desagregarase como segue:

«15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.

- a) Valor razoable con cambios na conta de resultados
- b) Transferencia de axustes de valor razoable con cambios no patrimonio neto.»

Disposición transitoria primeira. *Información que hai que incluír nas contas anuais do primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.*

1. As contas anuais individuais e consolidadas correspondentes ao primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021 presentaranse incluíndo información comparativa, pero a empresa non está obrigada a expresar de novo a información comparativa do exercicio anterior. A información comparativa só se mostrará expresada de novo no suposto de que todos os criterios aprobados por este real decreto se poidan aplicar sen incorrer nun nesgo retrospectivo, sen prexuízo das excepcións establecidas nas disposicións transitorias.

2. Nas primeiras contas anuais que se formulen aplicando as modificacións aprobadas por este real decreto, a empresa deberá incorporar na nota de «Bases de presentación das contas anuais» a seguinte información sobre a primeira aplicación dos cambios introducidos na norma de rexistro e valoración 9.<sup>a</sup> «Instrumentos financeiros»:

a) Unha conciliación na data de primeira aplicación entre cada clase de activos financeiros e pasivos financeiros, coa seguinte información:

1.º A categoría de valoración inicial e o importe en libros determinado de acordo coa anterior normativa, e

2.º A nova categoría de valoración e o importe en libros determinados de acordo cos novos criterios.

b) Información cualitativa que permita aos usuarios das contas anuais comprender como a empresa aplicou os novos criterios de clasificación dos activos financeiros.

c) Unha descrición dos criterios que seguiu a empresa en aplicación da disposición transitoria segunda deste real decreto e os principais impactos que tales decisións producen no seu patrimonio neto.

3. Nas primeiras contas anuais que se formulen aplicando as modificacións aprobadas por este real decreto, a empresa deberá incorporar na nota de «Bases de presentación das contas anuais» a seguinte información sobre a primeira aplicación dos cambios introducidos nas normas de rexistro e valoración 10.<sup>a</sup> «Existencias» e 14.<sup>a</sup> «Ingresos por vendas e prestación de servizos»:

a) O importe polo que cada partida dos estados financeiros se ve afectada pola primeira aplicación dos novos criterios, e

b) Unha explicación das razóns dos cambios significativos que se identificasen.

4. Os criterios incluídos nesta disposición transitoria tamén son de aplicación ás entidades sen fins lucrativos que deban seguir as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade aprobadas polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro.

Disposición transitoria segunda. *Criterios de primeira aplicación das modificacións do Plan xeral de contabilidade en materia de clasificación e valoración de instrumentos financeiros no primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.*

1. As modificacións nos criterios de clasificación e valoración de instrumentos financeiros aprobadas por este real decreto deberanse aplicar de forma retroactiva, de conformidade co disposto na norma de rexistro e valoración 22ª «Cambios en criterios contables, erros e estimacións contables» do Plan xeral de contabilidade, coas excepcións establecidas nesta disposición transitoria.

A data de primeira aplicación será o comezo do primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.

2. O xuízo sobre a xestión que realiza a empresa para os efectos de clasificar os activos financeiros realizarase na data de primeira aplicación sobre a base dos feitos e circunstancias existentes nesa data. A clasificación resultante deberá aplicarse retroactivamente independentemente de como xestionase a empresa os seus activos financeiros nos períodos de presentación anteriores.

3. Na data de primeira aplicación, a empresa poderá designar ou revogar unha designación anterior dun activo ou pasivo financeiro en exercicio da opción do valor razoable con cambios en perdas e ganancias.

Estas designacións e revogacións deberán realizarse sobre a base dos feitos e circunstancias que existan na data de aplicación inicial. A clasificación resultante deberase aplicar de forma retroactiva.

4. Se a aplicación de forma retroactiva do método do tipo de xuro efectivo é impracticable, a empresa tratará:

a) O valor razoable do activo ou pasivo financeiro ao final de cada período comparativo presentado como o custo amortizado dese activo financeiro ou pasivo financeiro se a empresa expresa de novo períodos anteriores, e

b) O valor razoable do activo financeiro ou do pasivo financeiro na data de primeira aplicación como o novo custo amortizado dese activo financeiro ou pasivo financeiro.

5. Se a empresa opta por expresar de novo a información comparativa e valora un contrato híbrido por primeira vez a valor razoable, o valor razoable do contrato híbrido ao inicio do exercicio anterior será a suma dos valores razoables dos compoñentes nesa data (é dicir, do instrumento principal non derivado e do derivado implícito).

6. Sen prexuízo de todo o anterior, a empresa poderá optar por seguir as seguintes regras:

a) O xuízo sobre a xestión que realiza a empresa para os efectos de clasificar os activos financeiros realizarase na data de primeira aplicación sobre a base dos feitos e circunstancias existentes nesa data. A clasificación resultante deberá aplicarse prospectivamente.

b) O valor en libros ao peche do exercicio anterior dos activos e pasivos financeiros que deban seguir o criterio do custo amortizado considerarase o seu custo amortizado ao inicio do exercicio en que resulten de aplicación os novos criterios.

Do mesmo modo, o valor en libros ao peche do exercicio anterior dos activos e pasivos financeiros que deban seguir o criterio do custo ou custo incrementado considerarase o seu custo ou custo incrementado ao inicio do exercicio en que resulten de aplicación os novos criterios.

De ser o caso, as ganancias e perdas acumuladas directamente no patrimonio neto axustaranse contra o valor en libros do activo.

c) Na data de primeira aplicación, a empresa poderá designar ou revogar unha designación anterior dun activo ou pasivo financeiro en exercicio da opción do valor razoable con cambios en perdas e ganancias.

Estas designacións e revogacións deberán realizarse sobre a base dos feitos e circunstancias que existan na data de aplicación inicial. A clasificación resultante deberase aplicar de forma prospectiva.

Ao inicio do exercicio, a diferenza entre o valor razoable destes instrumentos financeiros e o valor en libros ao peche do exercicio anterior contabilizarase nunha conta de reservas.

Os instrumentos de patrimonio incluídos na carteira de activos financeiros mantidos para a venda reclasificaranse á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios en patrimonio neto, salvo que a empresa decida a súa incorporación á categoría de activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, caso en que a ganancia ou perda acumulada se contabilizará nunha conta de reservas.

d) Para os activos e pasivos financeiros valorados por primeira vez a valor razoable, este importe calcularase ao inicio do exercicio. Calquera diferenza co valor en libros ao peche do exercicio anterior se contabilizará nunha conta de reservas ou como un axuste por cambio de valor se o activo se inclúe na categoría de activos a valor razoable con cambios en patrimonio neto.

e) A información comparativa non se adaptará aos novos criterios sen prexuízo da reclasificación de partidas que sexa preciso realizar para mostrar os saldos do exercicio anterior axustados aos novos criterios de presentación.

Disposición transitoria terceira. *Criterios de primeira aplicación das modificacións do Plan xeral de contabilidade en materia de contabilidade de coberturas no primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.*

1. Na data de primeira aplicación, a empresa pode elixir, como a súa política contable, seguir aplicando os criterios establecidos no número 6 «Coberturas contables» da norma de rexistro de valoración 9.<sup>a</sup> «Instrumentos financeiros» do Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro. Se a empresa opta por esta política contable, aplicará a todas as súas relacións de cobertura.

2. En caso contrario, a empresa aplicará os criterios para a contabilidade de coberturas aprobados por este real decreto de forma prospectiva sempre que os requisitos para isto se cumpran na data de primeira aplicación.

3. As relacións de cobertura que cumprían os requisitos da contabilidade de coberturas de acordo coa redacción anterior do Plan xeral de contabilidade, e que tamén cumpren os requisitos establecidos na redacción dada por este real decreto, despois de ter en conta calquera novo reequilibrio da relación de cobertura no momento da transición, consideraranse como continuación das relacións de cobertura.

4. No momento da aplicación inicial dos requirimentos da contabilidade de coberturas aprobados por este real decreto, a empresa:

a) Pode comezar a aplicar os ditos requirimentos desde o mesmo momento en que cese de utilizar os anteriores requirimentos da contabilidade de coberturas, e

b) Considerará a razón de cobertura de acordo coa normativa anterior como o punto de partida para reequilibrar a razón de cobertura dunha relación de cobertura que continúa, se procede. Calquera ganancia ou perda deste reequilibrio recoñecerase na conta de perdas e ganancias.

5. Nos supostos excepcionais en que a empresa deba interromper a contabilidade de coberturas porque non se cumpran os requisitos establecidos na norma, os axustes por cambios de valor acumulados no patrimonio neto reclasificaranse a unha conta de reservas, e o valor en libros dos activos e pasivos afectados ao peche do exercicio anterior consideraranse o seu valor en libros para os efectos de aplicar os criterios establecidos na disposición transitoria primeira.

Disposición transitoria cuarta. *Criterios de primeira aplicación da modificación do Plan xeral de contabilidade sobre valoración a valor razoable das existencias no primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.*

1. As modificacións en materia de valoración de existencias aprobadas por este real decreto deberanse aplicar de forma retroactiva, de conformidade co disposto na norma de



registro e valoración 22.<sup>a</sup> «Cambios en criterios contables, erros e estimacións contables» do Plan xeral de contabilidade.

2. A data de primeira aplicación será o comezo do primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Disposición transitoria quinta. *Criterios de primeira aplicación das modificacións do Plan xeral de contabilidade en materia de recoñecemento de ingresos por vendas e prestación de servizos no primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.*

1. As modificacións en materia de recoñecemento e valoración de ingresos por entregas de bens e prestación de servizos aprobadas por este real decreto deberanse aplicar de forma retroactiva, de conformidade co disposto na norma de registro e valoración 22.<sup>a</sup> «Cambios en criterios contables, erros e estimacións contables» do Plan xeral de contabilidade, e empregando algunha das dúas opcións establecidas nos números 2 e 3 desta disposición transitoria.

A data de primeira aplicación será o comezo do primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2021.

2. Se a empresa decide expresar de novo a información comparativa pode utilizar unha ou máis das seguintes solucións prácticas ao aplicar os novos criterios de forma retroactiva de acordo co número 1:

a) Para contratos terminados, a empresa non necesita expresar de novo os contratos que comece e terminen dentro do exercicio anterior, ou que estivesen terminados ao inicio do exercicio anterior. Para estes efectos, considerarase que un contrato está terminado sempre que a empresa cumprise coa obrigaçión asumida de entrega de bens ou de prestación de servizos;

b) Para contratos terminados que teñan contraprestación variable, a empresa pode utilizar o prezo da transacción na data en que se completou o contrato, en lugar de estimar os importes de contraprestación variable ao peche do exercicio anterior;

c) Para contratos modificados antes do inicio do exercicio anterior, a empresa non está obrigada a expresar de novo de forma retroactiva o contrato por esas modificacións. No seu lugar, a empresa reflectirá o efecto acumulado de todas as modificacións que se producisen antes do inicio do exercicio anterior cando: 1.<sup>o</sup> Identifique as obrigaçións executadas e as que estean pendentes de cumprimento, 2.<sup>a</sup> Determine o prezo da transacción e 3.<sup>o</sup> Asigne o prezo da transacción ás obrigaçións executadas e ás que estean pendentes de cumprimento.

A aplicación de calquera destas solucións prácticas deberá estenderse a todos os contratos de acordo co principio de uniformidade. Ademais, na nota «Bases de presentación das contas anuais» incluírase a seguinte información: 1.<sup>o</sup> As solucións que se utilizaron e 2.<sup>a</sup> Na medida en que sexa razoablemente posible, unha avaliación cualitativa do efecto estimado da aplicación de cada unha das ditas solucións.

3. Se a empresa decide non expresar de novo a información comparativa poderá optar por aplicar os novos criterios de forma retroactiva unicamente aos contratos que non estean terminados na data de primeira aplicación (isto é, o 1 de xaneiro de 2021 para unha empresa cuxo exercicio económico coincida co ano natural).

A empresa poderá usar a solución práctica regulada na letra c) do número anterior: 1.<sup>o</sup> para todas as modificacións de contratos que teñan lugar antes da data de inicio do exercicio anterior, ou, 2.<sup>a</sup> para todas as modificacións de contratos que teñan lugar antes da data de primeira aplicación.

En tal caso, a solución práctica deberá estenderse a todos os contratos de acordo co principio de uniformidade. Ademais, na nota «Bases de presentación das contas anuais» informarase do seu uso e na medida en que sexa razoablemente posible incluírase unha avaliación cualitativa do efecto estimado da súa aplicación.

4. Sen prexuízo do anterior, como solución práctica alternativa, a empresa poderá optar por seguir os criterios en vigor até o 31 de decembro de 2020 nos contratos que non

estean terminados na data de primeira aplicación (isto é, o 1 de xaneiro de 2021 para unha empresa cuxo exercicio económico coincida co ano natural).

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

2. En particular, mantéñense expresamente en vigor as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás empresas concesionarias de infraestruturas públicas, aprobadas pola Orde EHA/3362/2010, do 23 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e será de aplicación para os exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2021

FELIPE R.

A vicepresidenta terceira do Goberno  
e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital,  
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA